

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 77

Sesión plenaria
16 de decembro de 2025

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas (doc. núm. 33820, 12/PL-000008)

Publicación do informe de Ponencia, BOPG nº 290f3, do 26.11.2025

Publicación do Ditame da comisión e mantemento de emendas, BOPG nº 298, do 10.12.2025

Punto 2. Mocións

2.1 41108 (12/MOC-000095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar

Sobre os obxectivos do Goberno galego no que concirne á actualización da normativa en relación coa Administración local e co modelo de financiamento dos concellos (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 34268, publicada no BOPG núm. 260f2, do 25 de setembro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 2 de decembro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299f1, do 11.12.2025

2.2 41109 (12/MOC-000096)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as valoracións e declaracións que está a facer o Goberno galego verbo das resolucións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relacionadas co sector eólico (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 38717, publicada no BOPG núm. 286f2, do 19 de novembro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 2 de decembro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299f1, do 11.12.2025

2.3 41112 (12/MOC-000097)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia

Sobre o rigor da avaliación do impacto medioambiental e socioeconómico na tramitación dos plans industriais estratéxicos (PIE) promovidos polo Goberno galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 34662, publicada no BOPG núm. 263f2, do 1 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 2 de decembro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299f1, do 11.12.2025



Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 2174 (12/PNP-000254)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que inicie neste ano 2024 os trámites para adxudicar a construción do segundo tramo da autovía da Costa da Morte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

3.2 2920 (12/PNP-000328)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para darlle impulso ao Museo da Romanización de Galicia de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

3.3 24107 (12/PNP-001908)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e oito deputados/as máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha no que atinxe ao impulso da investigación e do aproveitamento dos recursos mineiros e das materias primas estratéxicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 192f1, do 30.04.2025

3.4 24467 (12/PNP-001942)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación cos compromisos adquiridos polo presidente da Xunta de Galicia verbo dos centros móbiles de información á muller (CIM)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 193f1, do 02.05.2025

3.5 26550 (12/PNP-002134)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que remita no tempo e na forma que proceda a información e documentación que lle solicitan as deputadas e os deputados do Parlamento de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 208f1, do 11.06.2025

3.6 39165 (12/PNP-002898)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que garanta a continuidade do Programa de auxiliares de conversa sen prexuízo económico para as comunidades autónomas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 295f1, do 03.12.2025



Punto 4. Interpelacións

4.1 26536 (12/INT-001032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e catro deputados/as máis

Sobre a política de externalización de servizos dentro da sanidade pública galega e as condicións do novo contrato asinado polo Sergas con Ribera-Povisa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 208f2, do 11.06.2025

4.2 34407 (12/INT-001248)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis

Sobre o nivel de eficacia das medidas que se están a tomar contra o furtivismo e contra a entrada de produto foráneo no sector pesqueiro e marisqueiro galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f2, do 01.10.2025

4.3 39557 (12/INT-001452)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre o grao de adaptación da normativa autonómica en materia de prevención e extinción de incendios forestais ao marco legal estatal e o seu cumprimento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 295f2, do 03.12.2025

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 39912 (12/POPX-000065)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da priorización dos seus investimentos extraordinarios, considerando a última vaga de incendios en Ourense e as súas perspectivas para a franxa costeira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299f1, do 11.12.2025

5.2 41111 (12/POPX-000066)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o peso que teñen os intereses privados das grandes empresas, por un lado, e o interese xeral de Galicia, por outro, na orientación das políticas do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299f1, do 11.12.2025



Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 39606 (12/POP-005635)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis

Sobre as negociacións da Xunta de Galicia co Goberno central respecto da dotación de efectivos da Unidade de Policía Nacional Adscrita de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 295f2, do 03.12.2025

6.2 41110 (12/PUP-000180)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre o anuncio realizado polo Goberno galego respecto da posibilidade de que a Unidade da Policía Adscrita deixe de facer funcións de protección ás vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299f1, do 11.12.2025

6.3 29274 (12/POP-004363)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e dous deputados/as máis

Sobre as necesidades de reformas nas infraestruturas do IES Concepción Arenal, de Ferrol, e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 05.08.2025

6.4 33933 (12/POP-004888)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as necesidades dos centros de ensino da Costa da Morte neste curso 2025-2026 canto a persoal docente e auxiliar para atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260f2, do 25.09.2025

6.5 35498 (12/POP-005143)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coas necesidades dos centros da área metropolitana da Coruña en materia de educación inclusiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

6.6 39095 (12/POP-005563)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da eventual reposición da praza de Pedagogía Terapéutica que ata este curso compartían o CEIP Avelino Cachafeiro, de Forcarei, e o CEIP de Cerdedo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f1, do 26.11.2025



6.7 39164 (12/POP-005601)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre as previsións relativas á posta en marcha do Centro de Protonterapia de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f1, do 26.11.2025

6.8 40911 (12/PUP-000177)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre os mecanismos de control e avaliación que aplica actualmente o Sergas para garantir a calidade asistencial nos centros sanitarios privados que prestan servizos mediante concerto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299f1, do 11.12.2025

6.9 33891 (12/POP-004878)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia, á vista dos grandes retos do mercado laboral en Galicia, das medidas e decisións adoptadas polo Goberno de España nos últimos meses

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260f2, do 25.09.2025



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dúas e cincuenta e sete minutos da tarde.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas. (Punto primeiro da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a este proxecto de lei que se manteñen para o seu debate no pleno. (Páx. 10.)

Presentación do Ditame: presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego (Noelia Pérez López). (Páx. 10.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o Ditame e, se é o caso, defenderen as emendas mantidas: María Elena Espinosa Mangana (S) (Páx. 11.), María Montserrat Prado Cores (BNG) (Páx. 14.) e María Encarnación Amigo Díaz (P) (Páx. 18.).

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: María Elena Espinosa Mangana (S) (Páx. 22.), María Montserrat Prado Cores (BNG) (Páx. 23.) e María Encarnación Amigo Díaz (P) (Páx. 25.).

Intervención do Goberno: conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño). (Páx. 26.)

Votación do texto lexislativo

Votación das emendas números 1 a 60 do G. P. Socialista de Galicia non incorporadas ao Ditame e mantidas sobre o proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas: rexeitadas por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 27.)

Votación das emendas números 3, 27 e 30 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego non incorporadas ao Ditame e mantidas sobre o proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas: rexeitadas por 25 votos a favor, 45 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 27.)

Votación das emendas restantes do G. P. do Bloque Nacionalista Galego non incorporadas ao Ditame e mantidas sobre o proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas: rexeitadas por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 28.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas: aprobado por 37 votos a favor, 25 votos en contra e 8 abstencións. (Páx. .)

O presidente comunica que queda aprobada a Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas. (Páx. 28.)



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Óscar Insua Lema, sobre os obxectivos do Goberno galego no que concirne á actualización da normativa en relación coa Administración local e co modelo de financiamento dos concellos. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Óscar Insua Lema (BNG)*. (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Lara Méndez López (S)* (Páx. 31.) e *Paula Prado del Río (P)* (Páx. 34.).

Nova intervención do deputado Óscar Insua Lema (BNG). (Páx. 37.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres, sobre as valoracións e declaracións que está a facer o Goberno galego verbo das resolucións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relacionadas co sector eólico. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Xosé Luís Bará Torres (BNG)*. (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Patricia Iglesias Rey (S)* (Páx. 42.) e *Gonzalo Trenor López (P)* (Páx. 44.).

Nova intervención do deputado Xosé Luís Bará Torres (BNG). (Páx. 47.)

Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, sobre o rigor da avaliación do impacto mediambiental e socioeconómico na tramitación dos plans industriais estratéxicos (PIE) promovidos polo Goberno galego. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Patricia Iglesias Rey (S)*. (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Brais Ruanova Vilas-Boas (BNG)* (Páx. 51.) e *Rubén Lorenzo Gómez (P)* (Páx. 53.).

Nova intervención da deputada Patricia Iglesias Rey (S). (Páx. 57.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Óscar Insua Lema, sobre os obxectivos do Goberno galego no que concirne á actualización da normativa en relación coa Administración local e co modelo de financiamento dos concellos: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 59.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres, sobre a valoración e declaracións que está a facer o Goberno galego verbo da resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relacionadas co sector eólico: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 59.)

Votación da Moción do G. P. Socialista, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, sobre o rigor da avaliación do impacto medioambiental e socioeconómico na tramitación dos plans industriais estratéxicos (PIE) promovidos polo Goberno galego: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 59.)



Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que inicie neste ano 2024 os trámites para adxudicar a construción do segundo tramo da autovía da Costa da Morte. (Punto terceiro da orde do día.)

O presidente comunica que o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha autoemenda. (Páx.60 .)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Patricia Iglesias Rey (S). (Páx. 60.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Óscar Insua Lema (BNG) (Páx. 62.) e Roberto Rodríguez Martínez (P) (Páx. 65.).

Nova intervención da deputada Patricia Iglesias Rey (S). (Páx. 68.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Lara Méndez López e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para darlle impulso ao Museo da Romanización de Galicia de Lugo. (Punto terceiro da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 69.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Lara Méndez López (S). (Páx. 71.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Montserrat Valcárcel Armesto (BNG) (Páx. 73.) e María Elena Candia López (P) (Páx. 75.).

A deputada Lara Méndez López (S) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx.79.)

Suspéndese a sesión ás sete e dezaseis minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dúas e cincuenta e sete minutos da tarde.

O PRESIDENTE: Continuamos co desenvolvemento do seguinte pleno. (*Murmurios.*)

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procederemos á súa lectura.

Comezamos co punto primeiro, que é texto lexislativo.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas

O PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do Ditame da Comisión, ten a palabra a presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, dona Noelia Pérez López.

A PRESIDENTA DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO (Noelia Pérez López): Boa tarde.

Grazas, presidente.

O Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas tivo entrada no Rexistro do Parlamento de Galicia con data de 12 de setembro de 2025 e co número de asento 33.820. A súa admisión a trámite efectivizouna a Mesa do Parlamento na reunión do día 16 de setembro, procedendo á apertura do prazo de presentación de emendas, que foi entre os días 4 a 22 de outubro para as emendas á totalidade e ao articulado; a cuarta prórroga respectivamente. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

A emenda á totalidade e as emendas ao articulado, presentadas e cualificadas pola Mesa da Comisión nas sesións do 6 e do 27 de outubro, respectivamente, foron as seguintes: 1 emenda á totalidade, de devolución, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e 101 emendas ao articulado: 39, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; 60, do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia; e 2 emendas ao articulado, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Logo do rexeitamento da emenda á totalidade de devolución precitada, na sesión plenaria do 14 de outubro, a Comisión 5ª, na sesión do día 30 de outubro, designou as seguintes relatoras e o seguinte relator: polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia: María Encarnación Amigo Díaz, titular, e María Dolores Hermelo Piñeiro, suplente; polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: María Montserrat Prado Cores, titular, e Iria Carreira Pazos,



suplente; polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia: María Elena Espinosa Mangana, titular, e Silvia Longueira Castro, suplente; e polo Grupo Parlamentario Mixto: Armando Ojea Bouzo, titular.

A sesión constitutiva da ponencia tivo lugar o día 30 de outubro de 2025, coa presenza da vicepresidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, dona Ethel María Vázquez Mourelle, e coa asistencia das ponentes e do ponente titulares. Nas seguintes reunións, os días 5 e 11 de novembro, estudaron as propostas de aceptación de emendas e de transaccións. E por último, na derradeira reunión, o día 20 de novembro, coa asistencia das ponentes e do ponente titulares, concluíron o Informe da ponencia, coas recomendacións definitivas desta ponencia. Posteriormente, a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do día 4 de decembro, aprobou o Ditame que se somete a debate e a votación nesta sesión plenaria, xunto coas emendas mantidas.

Cómpre, pois, rematar hoxe a tramitación deste procedemento lexislativo co seu debate e, se é o caso, coa aprobación do Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas.

Moitas grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o Ditame e, se é o caso, para definir as emendas mantidas e os votos particulares. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde, conselleiro.

Antes de entrar no ámbito da lei, que hoxe, con toda a seguridade, se aprobará, vou tratar de transmitir para contextualizar os titulares de varios medios de comunicación galegos desde o pasado mes de outubro: «Un de cada cinco rapaces novos, de entre 16 e 25 anos, son asiduos ao botellón». Un estudo do Sergas constata a presenza de menores de idade, de entre só 16 e 17 anos. Deles, uns 7.200 son habituais; o once por cento dos rapaces danse atracóns con frecuencia.

Onte mesmo coñeciamos que Galicia é a segunda autonomía con maior taxa de defuncións relacionadas co alcohol, aínda que é un dato global e non está desagregado por grupos de idade. «Pediatras avalan o veto de bebidas enerxéticas por unha cuestión de saúde pública». «Empecei a tomar bebidas enerxéticas polo sabor e agora estou enganchada», ou, «Vinte e cinco sociedades médico-científicas negan que exista un consumo responsable do alcohol».

E quen ten responsabilidade política, señor conselleiro, ten que tratar de dar a volta a estes titulares; e non tanto polos titulares en si, senón pola realidade que transmiten. E desde o



Grupo Socialista reiteramos o noso compromiso firme coa protección da saúde dos menores; unha responsabilidade que debe ser compartida entre as institucións, as familias e a sociedade.

Todos sabemos que a infancia e a mocidade son etapas decisivas no desenvolvemento persoal, e é precisamente nese período cando os nosos nenos, nenas, mozos e mozas resultan máis vulnerables fronte ás substancias adictivas, ás prácticas de risco e ás presións sociais que poden condicionar o seu futuro. Por outra parte, a expansión de novos produtos adictivos, incluídos os dispositivos electrónicos de inhalación; o consumo prematuro de alcohol e outras substancias, así como as adicións —como poden ser o xogo patolóxico ou determinadas prácticas dixitais—, exixen unha resposta pública seria, baseada na evidencia científica e afastada de calquera interese comercial.

Os e as socialistas compartimos o principio da protección da infancia, que constitúe un pilar fundamental para construír unha sociedade saudable, equitativa e con oportunidades para o desenvolvemento integral das persoas. E diciámolo nalgunha outra ocasión: é necesario potenciar unha educación social orientada á saúde da infancia, á adolescencia e ao longo de toda a vida; é necesario promover unha educación sanitaria, fomentar estilos de vida saudables e a adecuada utilización do tempo libre. Hoxe, para as socialistas, a defensa da saúde da mocidade non é só unha prioridade política, é un compromiso ético.

E por se a alguén aínda lle puidese quedar dúbidas, debemos lembrar que a protección da infancia e da saúde atópanse consagradas na Constitución española, en concreto, nos artigos 39 —«Imponse aos poderes públicos a obrigação de asegurar a protección da infancia e da mocidade»— e 43, que establece que «Corresponde aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública mediante medidas preventivas e as prestacións e servizos necesarios». Tamén a Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, recolle a protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia e contempla expresamente, como indicador de risco, o consumo habitual de drogas tóxicas ou de bebidas alcohólicas por parte das persoas menores de idade —unha lei aprobada por un Goberno socialista—; ou a Lei 14/1986, a Lei xeral de saúde, que fixa a necesidade de impoñer limitacións preventivas de carácter administrativo a aquelas actividades que poidan ter consecuencias negativas para a saúde, e tamén a realización dun control da publicidade e da propaganda comerciais para limitar todo aquilo que poida constituír un prexuízo para a saúde —falamos do ano 1986 e tamén falamos dun Goberno socialista—; ou a lei coñecida como a lei antitabaco, de José Luis Rodríguez Zapatero, do ano 2005; e a nivel nacional, contamos coa Estratexia estatal de dereitos da infancia e da adolescencia, de maio do ano 2023, que establece, entre as súas metas, a redución do consumo de alcohol, co fin de garantir o dereito ao desenvolvemento dos nenos, das nenas e dos adolescentes nunha contorna saudable —tamén baixo un Goberno socialista—.

E Galicia non se podía desentender, baixo ningún concepto, dunha realidade que xa está afectando de maneira directa a saúde, o benestar e o futuro da nosa infancia e da nosa mocidade. Máis alá dos titulares que antes lin, o alcohol segue sendo a substancia máis consumida polos menores, con idades de inicio cada vez máis temperás. Temos unha repunta preocupante no uso de produtos de tabaco e de vapeo, presentados falsamente como inofensivos, ou o concepto erróneo de que o cánnabis é inocuo. Os estudos recentes indícanos



que, os mozos e as mozas de 14 a 18 anos en Galicia, en concreto, o 24,3 por cento, recoñecen ter apostado diñeiro nalgunha das modalidades de xogo ao azar.

Creo que son argumentos suficientes para defender a necesidade dunha lei. Do Proxecto de lei que chegou a este Parlamento xa demos a nosa opinión inicial e tamén xa transmitimos que a había que enriquecer para que cumprise os seus obxectivos. E co fin de enriquecela e de salvar as eivas traballamos nas nosas emendas; emendas que tiñan como obxectivo mellorar o texto, enriquecelo e facelo máis útil para a defensa da infancia e da adolescencia en Galicia. Realizamos un labor responsable, rigoroso e construtivo. As nosas emendas estaban orientadas a reforzar os principios que antes sinalamos: a protección efectiva da infancia e da adolescencia, o fortalecemento dos mecanismos de prevención e a garantía de que as políticas públicas respondan sempre ao interese xeral e non aos intereses conxunturais ou partidarios. Foi este compromiso o que nos levou a presentar un total de sesenta emendas, todas elas formuladas con vocación de consenso de país. Porén, non atopamos a mesma disposición no grupo que sustenta o Goberno da Xunta de Galicia, que decidiu pechar a porta a unha parte importante do debate. A nosa pretensión non era —aínda que podería selo— que nos aceptasen as sesenta emendas; o que buscábamos era un debate sereno e serio sobre aquelas propostas que realmente fortalecesen o texto e que permitisen avanzar cara aos obxectivos que a Xunta de Galicia dicía perseguir.

Señorías —lamentamos dicilo—, o texto do Proxecto de lei que hoxe temos diante é insuficiente e é practicamente o mesmo que o que chegou aquí inicialmente. Vai ser unha lei frouxa, pobre, con baleiros legais importantes, que a farán ineficaz para protexer a cidadanía e, en especial, os nosos nenos e nenas, que son a quen pretende servir. É lamentable que un texto desta natureza se presente como resposta seria a un problema complexo e urxente. A súa formulación actual deixa fóra compromisos de mecanismos claves de protección, carece de medidas concretas de prevención e non garante a aplicación efectiva dos dereitos que declara. ¿Alguén pode entender que deixe fóra o contexto socioeconómico, cando todos e todas sabemos perfectamente que é determinante das condicións de saúde e está demostrado por numerosos estudos?; ¿alguén pode entender que pesen moito máis, neste proxecto de lei, as prohibicións, as sancións e as multas que a prevención, a formación, a educación ou a información? Os e as socialistas defendemos que as adiccións deben ser tratadas como unha cuestión de saúde pública e non como un delito. ¿Alguén pode entender que, de novo, recaian máis responsabilidades sobre os concellos, cando son competencias impropias, tanto as sanitarias como as educativas? (*Murmurios.*) ¿Alguén pode entender que non se doten novos recursos para a posta en marcha desta lei? (*Murmurios.*)

Como Grupo Socialista, non podemos conformarnos con textos simbólicos que só cumpran a función de existir no papel, que só pretendan converter Galicia na primeira comunidade en regular este ámbito, pero sen impacto real sobre a realidade que afectan, porque falamos dunha lei que promete pero non garante, e que define obxectivos pero non establece ferramentas nin recursos para os cumprir.

Esta lei non sae dun consenso dos grupos políticos, porque hoxe lle pediría e lle agradecería á portavoz do Partido Popular que, na súa intervención, nos indique cales das nosas emendas



tocaban os principios da lei, que emendas contradicían a lei e que emendas a nivel xeral non a enriquecían. E, se o Partido Popular non responde, estaranos dando a razón.

A realidade é evidente: a intención do Partido Popular con este Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e de prevención de condutas adictivas non é mellorar o texto de forma consensuada, senón impor o seu criterio sen escoitar a oposición. Non se trata de que unha emenda sexa boa ou mala; o que está en cuestión é que, no seu criterio político —no criterio do Partido Popular e no da Xunta de Galicia—, o consenso non ten cabida.

Preténdese aprobar un texto sen aproveitar a oportunidade de enriquecer a Lei, de reforzar mecanismos de protección e de garantir que as políticas públicas respondan ao interese xeral e non a unha visión partidista. A saúde e o benestar das nosas nenas, dos nenos, dos mozos e das mozas non deben estar suxeitos aos intereses dun partido. Non podemos agochar a nosa preocupación. A Lei de protección da saúde das persoas menores, que hoxe se pretende aprobar, corre o risco de converterse en simple propaganda. Debemos reiterar que, na súa forma actual, carece de efectividade e non garantirá o cumprimento dos seus obxectivos.

Señorías, a pesar das limitacións que vimos neste proxecto de lei, o Grupo Socialista non vai votar en contra. Cremos nos seus principios e seguimos a confiar en que, no desenvolvemento regulamentario, se poida mellorar e se poidan cubrir os baleiros que deixa ver neste contexto. E, xa que está presente, señor conselleiro, pídolle, por favor, que se implique persoalmente nesta lei polo futuro dos nosos nenos, das nosas nenas, dos nosos mozos e das nosas mozas. Lamentamos —iso si— que o Partido Popular non quixese garantir esas melloras no propio Proxecto de lei, pero seguimos mantendo a esperanza de que a protección da saúde das persoas menores se fortaleza realmente nun futuro.

Aos e ás socialistas sempre nos encontrarán na protección e na prevención da saúde e das condutas adictivas en calquera idade —hoxe estamos falando de menores, pero mañá poderemos estar falando doutra idade— e, por suposto, moito máis desas persoas menores de idade, que sabemos que son máis vulnerables. Sempre encontrarán este partido defendendo estes principios sen fisuras.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Máis unha vez, o Partido Popular presenta esta lei só co obxectivo de ter o titular de que son as primeiras e os primeiros. Presentan iniciativas ao peso... Se fixésemos aquí un repaso da hemeroteca sobre de cantas cuestións fixeron un anuncio mediático e, logo, sobre cal foi o seu resultado, sairíanos unha lista ben grande, ¿non? E, polo tanto, aquí o obxectivo é poder



dicir que, antes que ninguén, o Partido Popular regulou non sei que cousa. ¿Solucionar os problemas? Esa xa é outra cuestión. Impórtalles, non menos..., senón que non lles importa absolutamente nada solucionar os problemas dos galegos e das galegas. O importante é presumir e poderse poñer a medalla de que son as primeiras. Logo, as leis aprobadas non se desenvolven, non teñen medidas concretas, non se avalía o nivel de execución e de implementación de medidas... Iso é o de menos.

O BNG, tras a presentación desta lei, presentou unha emenda á totalidade porque, despois de avaliála, era moi evidente que era tremendamente ambigua, tremendamente ambigua. Presenta unha sucesión de xeneralidades e ningunha concreción. Non só o BNG, senón as multinacionais que representan o sector das enerxéticas, das bebidas alcohólicas e demais puxéronse en contacto con todos os grupos e trasladaron esta preocupación.

En moitos casos, tamén representaba indefensión xurídica e dificultade de implementar determinadas medidas e de que se fixese un seguimento. Por exemplo, para as condutas sen substancia, como poden ser os videoxogos, a única medida que contempla é que nos establecementos estean clasificados por idades, como se o feito de que estean clasificados por idades impida que alguén colla un videoxogo dunha idade incorrecta... Pero, ¡ben!, son os primeiros en regular que nos establecementos teñan que estar clasificados os videoxogos por idades. Eu non digo que non sexa un pequeno avance; agora, para que vaia solucionar algún problema de que haxa menores que teñan acceso a videoxogos non acordes á súa idade, paréceme como moi pouco ambicioso. Isto a título de exemplo; poderíamos ir mirando o resto da lei.

É, polo tanto, un texto inzado —como é habitual tamén nas intervencións do Partido Popular e do Goberno do Partido Popular na Xunta— de termos como promover, impulsar, fomentar, potenciar, procurar..., que fan entrever un carácter tremendamente declarativo de intencións, pero, evidentemente, «promover» non obriga a nada. Se non hai prazos, se non hai recursos, se non hai... Bueno, pois promoverase, ben. Con facer unha rolda de prensa un día e dicir que se vai promover, pois pode entenderse que xa se está cumprindo a Lei, pero, evidentemente, que haxa medidas sen que se estableza o ámbito no cal se van aplicar nin os colectivos destinados ás mesmas, pois, evidentemente, fai que non sexa unha lei que satisfaga.

Tamén denunciámos, desde o primeiro momento, que esta lei fai o que mellor sabe practicar o Partido Popular: a Xunta invita e o resto paga. Entón, é unha lei cuxo título —lembro— é «Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas». Creo que a calquera que se lle diga calquera destas cuestións, claramente, pensa directamente en que son competencias da Xunta —porque así é—, pero o que fai esta lei é derivar unha parte importantísima cara aos concellos, como as cuestións da promoción e da implementación de medidas, incluso no ámbito educativo... Chega ao esperpento de dicir que os concellos implementarán medidas no ámbito educativo. ¿Que competencias teñen os concellos no ámbito educativo? Señor conselleiro, xa que está vostede aquí, que supoño que ten bastante que ver coa elaboración da Lei, non sei se vai pedir a palabra para intervir, pero, claro, é que son cousas bastante sorprendentes.

Non contempla en ningún lado se lle van derivar orzamento aos concellos, no suposto de que estivesen polo labor de facerse cargo de todas estas obrigas que lles pon a Xunta. Eu,



dende logo, atévome a dicir que non, porque están os concellos ata aquí (*A deputada María Montserrat Prado Cores fai un xesto levando a man á altura da fronte.*) de competencias impropias que fan que non teñan recursos para as que si son dos concellos. E resulta que o Partido Popular aínda pretende botarlles enriba máis que —como digo— exceden con moito o seu ámbito competencial: medidas no ámbito sanitario, no educativo, na prevención; accións formativas, informativas, de sensibilización e de carácter educativo que promovan o ocio creativo e saudable; campañas formativas e informativas sobre o uso prexudicial do consumo de alcol, tabaco e bebidas enerxéticas; accións para o control da poboación sobre a súa saúde; accións de formación e sensibilización dirixida ao persoal docente —textualmente—. ¿Accións de formación e sensibilización dirixidas ao persoal docente, de parte dos concellos?

Nós xa o dixemos..., pero o Partido Popular non quixo modificar absolutamente nada disto; pareceralle que queda ben nunha lei que se faga isto. Ou que, no ámbito sanitario, impartan formación dirixida a persoas traballadoras sobre a prevención do xogo problemático. Non sei como van desde os concellos ir ás empresas e demais facer este tipo de formación. Igual sorpréndennos e traen un regulamento e toda unha serie de recursos, pero, dende logo, no BNG non o vemos. Efectivamente, non o vemos, porque, ademais, son competencias da Xunta que pretenden que asuman os concellos sen orzamento —como dixen— e sen recursos técnicos nin humanos.

E, claro —insisto—, o título da Lei é «prevención da saúde das persoas menores...». Para a prevención da saúde das persoas menores suponse que ten que haber un sistema sanitario dotado con recursos suficientes, perfectamente dimensionado para facer ese labor de prevención, de educación, de seguimento, ¿non? ¿E cal é a situación do sistema sanitario público do noso país? Bueno, empezamos por que os pediatras son unha especie en extinción, estanse convertendo en *rara avis* destas, ¿non? Entón, claro, nesta lei non se contempla absolutamente nada. O BNG presentou emendas para dicir: ben, pois se é para a prevención da saúde das persoas menores —lembro, ata os 18 anos—, teremos que poñer medidas concretas con orzamento e demais para que o sistema sanitario permita cumprir esta cuestión, empezando por unha atención primaria dotada, que é onde hai que facer a formación, o seguimento e a prevención; por un aumento orzamentario ata chegar ao 25 por cento, con pediatras e con equipos multidisciplinares para a atención —entre outras cousas— á saúde mental, que está sendo un grave problema entre a nosa infancia e os adolescentes; pola dotación no ámbito hospitalario de unidades en todas as áreas de atención infantil-xuvenil para a saúde mental e de psicólogos clínicos en primaria. Sería lóxico, ¿non? Ah, non, pero o Partido Popular non aceptou absolutamente ningunha (*Risos.*) das emendas do BNG que pedían estas cousas. Non sei se agora antes de chegar aquí lles deu un golpe na cabeza e resulta que van aceptalas porque dixeron: claro, unha lei farémola para que se cumpra, non para papel mollado. Teño pouca esperanza en que iso acontecese.

O que si é certo é que esta lei está tremendamente volcada na prohibición e na sanción. Pero non é que o diga o BNG; dío o Consello Económico e Social no informe que emitiu, do que non foi aceptado practicamente nada, señor conselleiro. Das recomendacións feitas no informe do CES practicamente non aceptaron ningunha das súas emendas, sacando algunhas que eran, bueno, *así un poquito de redacción*. E, entre outras cousas, o informe, nun apartado bastante extenso, ao que fai referencia é á súa preocupación por que unha lei destas carac-



terísticas, dirixida a persoas menores, deixe todo na ambigüidade e nun desiderátum e por que o que si que deixe cun nivel de concreción absoluto sexa a parte sancionadora, cunhas sancións estratosféricas que van dirixidas a persoas menores.

¿E de verdade cren que, sen a primeira pata, que é a prevención, a concienciación e a sensibilización tanto dos menores como das súas familias e do entorno educativo, con máis profesorado...? Sobre iso tamén presentamos emendas o BNG, e o Partido Popular non as aceptou. ¿Como queren que nos centros educativos fagan ese labor e incluso que detecten problemas como condutas suicidas e demais se non teñen profesorado? ¡Se non hai persoal docente nin persoal de apoio! ¡Dígame como queren que o que o fagan! Pois tamén votan en contra. Agora si, na parte punitiva queiman as naves e dese xeito atopámonos con que —teño que dicirlllo con toda a franqueza— unha persoa menor, que é de 0 a 18 anos, que transporte, teña ou consuma —porque son as tres cuestións— unha bebida alcohólica —poñamos, por caso, unha cervexa—, un pitillo —é dicir, tabaco— ou unha bebida enerxética pode ser sancionada até con 15.000 euros. Porque, se é reincidente no prazo dun ano despois de ser sancionado, pasa a ser falta grave. Tipifícase como leve ata 3000 euros, que xa lle chega. Pero se é unha persoa reincidente no prazo dun ano, 15.000 euros. ¿Realmente cre que sancionando unha persoa menor con 15.000 euros, con 10.000 ou co que sexa solucionan absolutamente algún problema? (*Aplausos.*) ¿Solucionan algún problema? No BNG cremos que non.

Igual que o tema do botellón, que é o uso de espazos públicos para actividades lúdicas nas que se pode consumir alcol. Claro, resulta que non hai ningún problema —porque isto non é soamente para os menores; é para o público en xeral— en que se poidan reunir na terraza dun bar —e incluso en que esa terraza, por botar un pouco por fóra, poida estar na vía pública— e en que poidan consumir alcol, sempre que o merquen no establecemento comercial. Se queren facer unha actividade nunha praza, resulta que iso directamente está prohibido e penado con ata 600.000 euros. ¡Ata 600.000 euros, señor conselleiro! Nós pedimos que se regulen, porque cremos que o espazo público hai que regulalo en todas as súas facetas; e, incluso, en como se usa para o lecer. Hai que regulalo. Pero non, vostedes non optan por ningunha regulación; a única alternativa é prohibir e sancionar —insisto— con ata 600.000 euros.

Como lles dixen xa na Comisión aos deputados que estaban na Comisión e á deputada que defendeu a posición do Partido Popular, non me veñan dicir que «*es que eso no se va a aplicar*». Non, iso queda na lei, e a lei non son papeis mollados. Non é pintar como querer; queda aí e pode aplicarse. Ninguén quita que a alguén que se teña que ocupar dun expediente lle dea unha volta a cabeza e lle arruíne a vida a calquera. Entón, nós cremos que esas cousas hai que regularas, pero non pola vía de criminalizar a mocidade e poñerlle sancións totalmente desproporcionadas.

Ou incluso unha cuestión que a min me parece, a verdade, que, se non fose polo grave que é, o conto sería de risa. No mes de febreiro, ao día seguinte de que entre en vigor esta lei —é dicir, para o ano que vén—, por ter un chisqueiro coma este (*A deputada María Montserrat Prado Cores amosa un chisqueiro.*) de *merchandising* que teña unha folla de cánnabis, de maría, unha persoa que a venda ou a agasalle pode ser sancionada con 600.000 euros.



Pero, ¿vostedes realmente cren que isto é algo que poida estar nunha lei? ¡Ata 600.000 euros a alguén que venda ou agasalle algo que teña unha folla de marihuana! (*Aplausos.*) ¡A min paréceme unha auténtica barbaridade! ¡Pero é que o pon na lei! Pono na lei, señor conselleiro, así, textualmente: «Regalar ou vender calquera tipo de *merchandising* coa imaxe identificativa do cánnabis á poboación». Xa non é só a poboación menor; é «a poboación». E teño visto pola rúa mozos que levan un suadoiro cunha folla —ademais, é unha folla moi bonita—. ¿Cren que loitar contra o consumo de cánnabis é que alguén non poida levar un suadoiro, ter unha libreta ou ter un chisqueiro cunha folla de cánnabis e se poida sancionar ata 600.000 euros? ¿Cren que iso entra na cabeza dun regulador minimamente racional? Nós cremos que é un auténtico chiste. Parécenos un auténtico chiste, unha brincadeira. Pero, claro, o grave é que está contemplada na lei.

Polo tanto, o BNG fixo toda unha serie de emendas destinadas a cambiar esta cuestión, a cambiar que se poña o acento na primeira parte, na prevención, na sensibilización, na educación, en ter recursos para que iso sexa unha realidade, para que non recaian nos concellos cuestións que vostedes poñen... Correspóndelles aos concellos e nós poñemos «a Xunta coa colaboración dos concellos», e xa nos parece moito. ¡Ah! Non, pero ata iso lle pareceu moito ao Partido Popular, que non aceptou ningunha emenda. Responsabilidade dos concellos, cuestións como o que lle digo: formación de docentes ou de persoal sanitario. Pero, ¿onde teñen a cabeza vostedes?

Pois fixemos emendas nesa dirección, ou emendas na dirección de crear un lecer alternativo para a mocidade, con toda unha serie de medidas que logo na segunda parte explicarei. Hai que tratar a mocidade como unha xente, tamén, que algo ten que dicir en cales son as súas demandas. E hai que crear alternativas. Non basta con prohibir e sancionar; haberá que crear alternativas con recursos e con orzamento, non enumerar que alguén «terá que facer». E todo isto pois ao Partido Popular pareceulle un exceso e decidiu que só acepta a súa emenda, porque presentou unha soa para rebaixar a distancia á que se podía fumar de centros educativos, sanitarios, de atención a menores e demais. Poñía na lei inicial que a distancia onde se podía fumar era de 250 metros e, non sei por que —a min gustárame que o explicase—, decidiron rebaixala a 100. Non sei se o correcto é 100 ou 250. Agora, o que é un chiste é que a única emenda do Partido Popular sexa rebaixar esa distancia.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Boas tardes a todos.

Moitas grazas, presidente.

Hoxe traemos a este pleno unha lei imprescindible, unha lei que deberíamos asumir como a responsabilidade que todos e todas os que compoñemos esta Cámara temos coa xeración máis nova. A Lei de protección da saúde das persoas menores e de prevención das condutas



adictivas é unha norma que nace cun obxectivo claro e inequívoco: protexer, anticipar e actuar fronte aos novos riscos que afectan directamente a infancia e a adolescencia en Galicia. (*Aplausos.*) Permítanme dicilo con claridade e tamén con emoción, porque esta é unha cuestión que transcende o debate político. Non hai maior responsabilidade que coidar dos menores, non hai maior compromiso que defender o seu dereito a medrar sans, libres de presións comerciais, de contornas adictivas, de contidos tóxicos e riscos que nin sequera existían hai unha década. (*Aplausos.*) É unha realidade que non podemos ignorar.

Estamos nun contexto social no que os perigos asociados ás adiccións —e non só as substancias tradicionais, senón tamén as condutas compulsivas, as pantallas, o xogo online ou as novas formas de consumo dixital— evolucionan máis rápido que a capacidade das familias, dos centros educativos e das propias institucións para facerlles fronte. A realidade é teimuda, e non podemos nin debemos ignorala. Os menores están expostos de maneira cada vez máis temperá a contidos potencialmente adictivos. O acceso ao alcol, ás bebidas enerxéticas e ao tabaco adoptan novas formas máis atractivas, máis discretas e máis perigosas. As pantallas convertéronse nunha presenza constante, ben no lecer, nas relacións sociais, na escola e, por desgraza, tamén no illamento e na ansiedade. As apostas online e os xogos dixitais multiplicaron os estímulos e premios instantáneos, algoritmos deseñados non para educar nin para entreter, senón para reter, para captar e para crear dependencia. Isto é unha realidade, señorías, e moitas familias veno cada día: cambios de humor, dificultades para durmir, perda de interese polo estudo, irritabilidade, illamento... E moitas destas familias non teñen as ferramentas para distinguir o que é unha etapa vital do que pode ser o inicio dun comportamento adictivo.

Por iso esa lei é imprescindible e necesaria, por iso chega nun momento oportuno e por iso ten que chegar antes de que sexa demasiado tarde para demasiados mozos. É unha lei moderna para retos reais do noso tempo. Este texto legal, que hoxe contará co apoio da Cámara galega, actualiza o marco legal da nosa comunidade, intégrao coa evidencia científica máis recente e na liña dos estándares europeos máis avanzados en saúde pública e protección do menor, e faino cun enfoque integral que combina prevención, educación, regulación e protección. Parte dunha premisa fundamental: as persoas menores teñen dereito a crecer en contornas seguras e saudables. Isto non é retórica; é un mandato ético, é un principio constitucional e é unha obriga institucional. (*Aplausos.*)

É importante remarcar que non estamos, señorías, falando só de prohibicións e de restricións. Estamos a falar de crear oportunidades, de acompañar as familias, de reforzar os centros educativos, de dotar de instrumentos os concellos e de apoiar os profesionais da saúde e dos servizos sociais. Porque, se algo aprendemos en Galicia, é que cando actuamos desde a prevención evitamos máis sufrimento, máis enfermidade e máis desigualdade. A lei pretende actuar no que funciona: información temperá, prevención desde idades novas, detección precoz, protección dos espazos públicos e dixitais e corresponsabilidade social. Debemos protexer non soamente fronte ás adiccións tradicionais, senón tamén fronte ás emerxentes. A norma avanza en áreas onde o marco legal quedara obsoleto, e faino con garantía e con rigor. Reforza a protección fronte ao tabaquismo e fronte ao consumo de alcol, especialmente ante novas modalidades que todos coñecemos: os cigarros electrónicos e vapeadores con sabores, pensados para atraer os menores; bebidas de alta gradación presentadas como ino-



cuas; campañas publicitarias encubertas en redes sociais con persoas influentes que normalizan condutas que son, simplemente, perigosas... Non podemos aceptar que determinada industria, afortunadamente minoritaria, utilice os mesmos mecanismos de márketing que xa provocaron no pasado auténticas epidemias de adicción. Galicia di «basta» con serenidade e con proporcionalidade, pero tamén con firmeza. E sabemos, polas reunións que mantivemos durante o período de tramitación desta lei, que moitas industrias maioritariamente son favorables ao seu contido e mostran o seu apoio ás medidas que incorpora.

A lei inclúe, por primeira vez, dun modo completo e sistemático, a regulación das condutas adictivas non asociadas a substancias. Porque hoxe sabemos que a adicción non é só química; é psicolóxica, é emocional e é social. O uso compulsivo das pantallas, o tempo excesivo en videoxogos, a hiperestimulación permanente das redes sociais, o acceso precoz a contidos violentos ou hipersexualizados, a irrupción das apostas online e das recompensas inmediatas... Hai constancia científica de que todo isto está modificando o benestar e a saúde mental da mocidade. E, señorías, non podemos mirar para outro lado. Non podemos ignorar a realidade actual que estamos vivindo. Os profesionais sábeno, os centros educativos, tamén, e moitas familias viven esta realidade con preocupación e ás veces con impotencia.

Esta lei, señorías, dá resposta e dá amparo. Estamos ante unha lei que pon a prevención no centro: escolas, familias e comunidade. A lei aposta pola prevención, porque é sen dúbida a ferramenta máis eficaz e máis xusta, (*Aplausos.*) e faino cunha visión integral. Dentro do sistema educativo, establece programas estruturados, actualizados e avaliábles, porque non abonda só con boas intencións; hai que medir, hai que corrixir e hai que mellorar. Inclúe contidos relacionados coa alfabetización dixital, a saúde emocional, o uso responsable da tecnoloxía e os riscos das substancias; non como sermón moralizante, senón como educación en saúde, igual que se educa en matemáticas ou en lingua.

Señorías, as familias son a primeira contorna da protección, e a lei garante para elas formación, asesoramento e acompañamento. Porque sabemos que non é doado, porque sabemos que moitas nais e moitos pais senten que chegan tarde ao problema e porque sabemos que necesitan recursos, guías e apoio profesional.

No que respecta ás comunidades locais, con esta lei, señorías, lonxe de implicar novas cargas —como se escoita aquí—, os concellos reciben instrumentos para protexer espazos públicos, regular actividades, ordenar contornas e reforzar actividades de uso saudable. Non falamos de medidas illadas; falamos dun modelo galego, dun modelo comunitario que reforza e que durante anos se estivo construíndo: rede pública, coordinación sociosanitaria e educación en saúde.

E, chegados aquí, eu quería facer unha mención expresa aos plans locais de saúde, que continúan medrando e no día de hoxe están implantados en 121 servizos de atención primaria, tras os 26 implantados neste mesmo ano e dos que xa se benefician máis de 2,2 millóns de cidadáns galegos. A lei, señorías, vén traer máis seguridade, máis control e máis garantías. Reforza o control sobre a publicidade, a promoción e a venda de produtos potencialmente adictivos, e faino desde tres principios: proporcionalidade, responsabilidade e protección. Endurece o acceso de menores a máquinas expendedoras, regula espazos



e contornas de risco; introduce un sistema de sancións proporcionado que non busca castigar, senón garantir o cumprimento; establece o principio de tolerancia cero fronte á captación comercial de menores; e incorpora un elemento fundamental: avaliación periódica e transparencia. Porque esta, señorías, é unha lei viva, é unha lei pensada para durar e para mellorar, adaptándose á velocidade á que cambian as condutas, a tecnoloxía e os novos riscos. *(Aplausos.)*

Señorías, estamos ante unha lei que suma, que está aberta ao diálogo, pero a un diálogo real. E permítanme ser clara, porque a cidadanía merece saber o que ocorreu neste Parlamento. A nosa vontade de diálogo foi real; sempre o é, pero especialmente cando falamos de infancia, de saúde e de dereitos. Chegaron emendas —é verdade—, estudáronse con rigor, analizáronse unha a unha, pero tamén é certo —e corresponde dicilo aquí— que nin o Partido Socialista Galego nin o Bloque Nacionalista Galego quixeron transaccionar ningunha, nin unha soa emenda. Non houbo vontade real de achegar posicións; non houbo disposición a acordos; non houbo xestos mínimos para avanzar nun consenso político que sería benéfico para Galicia. E sabemos que é lexítimo discrepar; o que non é lexítimo é reclamar consenso nos medios de comunicación e negalo nas mesas de traballo. O que non é responsable é pedir unidade cando non se está disposto a construíla. Señorías, a protección da infancia merece consenso, pero o consenso require responsabilidade e require xenerosidade, e estas dúas actitudes —por desgraza—, non estiveron presentes na oposición.

Con todo, esta lei é un paso adiante, é un paso sólido, un paso valente para que Galicia siga avanzando. É unha mensaxe clara á sociedade galega: en Galicia tomámonos moi en serio a saúde dos menores. Non miramos para outro lado, non deixamos que os riscos medren sen resposta, non permitimos que as presións comerciais definan o futuro dos nosos mozos e non aceptamos que as modas dixitais ou a banalización das condutas adictivas deixen a mocidade desprotexida. Aprobala significa actuar agora para evitar problemas máis graves mañá; significa acompañar as familias; significa reforzar a saúde pública; significa poñer límites onde agora só había un baleiro normativo; e significa defender un futuro máis seguro, máis libre e máis saudable para todos os nosos mozos e mozas. *(Aplausos.)*

Remato xa, señorías. Esta lei é unha necesidade social, é unha obriga ética e é un acto de responsabilidade colectiva; e, sobre todo, é un compromiso cunha Galicia que protexe, que acompaña, que coida, que educa e que prevén. As persoas menores non teñen voz neste pleno, pero hoxe nós actuamos por elas, coas evidencias na man e coa convicción no corazón. Eu pido o apoio da Cámara, porque a saúde dos menores, os seus dereitos e o seu futuro merecen unha política á altura.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Espinosa.



MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Señora Amigo, na miña primeira intervención pedinlle que falase dalgunha emenda do noso grupo que cuestionase a lei. Non sei se se olvidou de responderme na súa intervención ou non foi capaz de facelo. Inclínome por esta segunda opción. Pero o que si, señora Amigo: non lle vou permitir que quede a mínima dúbida da nosa postura de consenso neste Parlamento. Vostede fala de temas moi puntuais, e nós o que non iamos é ir de comparsa de determinados erros que vostedes cometeron. (*Aplausos.*) Nós pretendíamos seriamente reforzar a lei e non corrixir determinados erros do Partido Popular e vostede, que participou en todas as reunións que tivemos, sábeo perfectamente. Pero, como dicía na miña primeira intervención, a Lei de protección que hoxe debatemos necesita feitos, porque de momento só conta con formas verbais futuribles: «promoverá, impulsará...» (*Murmurios.*)

Creo que na miña primeira intervención quedou claro cal era o sentir das nosas emendas e vou falar, señor conselleiro, dun artigo e unha emenda a modo de exemplo; pero así son practicamente as sesenta. O artigo 9 trata da promoción do uso adecuado e seguro de videoxogos, redes sociais, tecnoloxías dixitais e dos dispositivos conectados, e di: «coa finalidade que poida xerar o uso adecuado, a Administración autonómica, en colaboración coa local: —atentos— a) Promoverá campañas de sensibilidade para facer un uso apropiado. b) Impulsará accións formativas. c) Promoverá o desenvolvemento de accións no ámbito educativo. d) Promoverá protocolos nos sistemas sanitarios e de protección social. e) Promoverá a adopción de medidas orientadas a mellorar a información sobre os riscos asociados». E, ¿que pediamos? Que se publicase un regulamento nun prazo de seis meses —pero negociable o prazo e negociable a forma legal— que aportase un catálogo de programas preventivos orientados ao uso adecuado e seguro dos videoxogos, redes sociais e tecnoloxías dixitais e dos dispositivos conectados, acordado na Comisión en materia de prevención. Pois a isto, tan evidente, a resposta foi que non.

Polo tanto, este proxecto volve pór de relevo un programa xa reiterado. Ademais —aínda que a señora Amigo diga que non—, que é a tendencia a trasladar aos concellos responsabilidades que non lles corresponden nin polos seus recursos nin moitas veces tampouco polo marco competencial. E os concellos si que están facendo cousas. Eu pónolle, por exemplo, o de Vigo —porque o coñezo—, que está nestes momentos co cuarto plan local de prevención de condutas adictivas. Pero iso non significa que se obrigue dende unha lei; fano por convicción e non porque unha lei os obriga. Porque, ademais —como dicía—, lonxe de reforzar estes servizos autonómicos de saúde e de benestar, a lei deriva —aínda que a señora Amigo diga que non— aos concellos tarefas que deberían ser asumidas pola Administración titular das competencias, aquela que conta coa capacidade técnica e cos orzamentos necesarios para garantilas con solvencia.

Simplemente observando os temas das sancións, eu pregunto aquí: ¿cantos concellos locais non teñen Policía Local? (*Murmurios.*) Pois nada máis nin nada menos que entre 180 e 190 concellos non teñen Policía Local. ¿Quen vai facer o tema de vixilancia das sancións? Xa sei que poden delegar a seguridade na Garda Civil ou na Policía Nacional —de novo aparece o Goberno de España—, pero o que realmente quero transmitir hoxe aquí é que non vai ter efectividade a lei, porque eses concellos non teñen medios para poder pór en vigor esa lei. Porque, ademais de saturar os concellos, sobre todo os máis pequenos, pon en risco a co-



recta prestación dun servizo público tan sensible como é a atención dos menores en situación de vulnerabilidade. Os concellos deben colaborar, naturalmente, pero non poden continuar asumindo funcións que exceden de maneira evidente do seu ámbito competencial.

E o tempo lévame a rematar. En definitiva, dende o Grupo Socialista reiteramos o noso compromiso firme coa protección da saúde das persoas menores e a prevención das condutas adictivas, un obxectivo que consideramos prioritario e irrenunciable. Porén, non podemos apoiar este proxecto de lei mentres non incorpore compromisos claros, dotacións suficientes e mecanismos efectivos que garantan que estas políticas se convertan en realidade e non queden simplemente nun mero exercicio declarativo. Da que estamos falando hoxe é unha norma que delega responsabilidades, pero que non asegura a súa viabilidade. A saúde dos menores merece máis ambición, máis rigor e máis responsabilidade.

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas de novo, presidente.

Bueno, hai aquilo que di que o papel aguanta todo, pero eu engadiría «e a tribuna do Parlamento tamén». *(Risos.)* Porque vir aquí facer un discurso para dicir que esta lei «protexe, anticipase»... Está moi ben, ¿non? A cuestión é que eu estiven atendendo á intervención da deputada do Partido Popular e gustárame que logo na súa quenda me dixese en que artigos concretos desta lei se lles aportan solucións aos concellos. Porque di: «aporta ferramentas aos concellos». Gustárame que dixese en que artigos están esas ferramentas, ese orzamento, eses recursos. Gustárame, porque, xa que se di que «aportan», o normal é que igual estea nalgún artigo que se me pasou nas bastantes veces que lin a lei. Pero, entón, gustárame ver en que apartados aporta solución aos menores, porque o único que fai é «haberá que», «facer que»... E, claro, o BNG presenta unha emenda moi extensa onde dicimos que son necesarias medidas de sensibilización e fomento do lecer alternativo entre a mocidade para evitar o uso de substancias, a través de alternativas de ocio consensuadas co tecido asociativo xuvenil. Tampouco é chegar e dicir «isto é o que tedes que facer». Haberá que falar coas persoas menores.

Pedimos que se active o Consello Asesor e Consultivo da Xuventude, para que haxa un espazo onde poidan trasladar as súas preocupacións. Pedimos fomento e impulso do tecido asociativo xuvenil. Pedimos crear campañas de sensibilización consensuadas co tecido asociativo. Pedimos planificar, consensuar e executar alternativas de lecer para a xuventude; con orzamento suficiente, con cargo a fondos públicos, que deben estar executadas no prazo de seis meses, esas medidas. Pedimos que se cree un bono cultura para a mocidade, cun orzamento inicial de 15 millóns de euros, que se publicará no prazo máximo de seis meses. Cuestións concretas para que poidamos verificar esas solucións que lles aportan ás persoas menores.



Pedimos desenvolver un plan de fomento e apoio á creación cultural para a mocidade. Pedimos deseñar, no prazo de tres meses, unha estratexia interdepartamental de fomento de estilos de vida saudables, onde estea o ensino, onde estea a sanidade... Facilitar locais de ensaio para a mocidade —iso é ocio alternativo—. Pedimos deseñar unha estratexia de fomento da saúde afectivo-sexual. E o Partido Popular, que di aquí no discurso que aporta solucións aos menores, non acepta ningunha destas aportacións. Entón, ¿u-lo? ¿Onde están esas aportacións aos menores? Porque na lei non están, e cando presentamos unha emenda —por exemplo, o BNG— para que se contemplen todas esas cuestións concretas con prazos —e con orzamento, algunhas delas— o Partido Popular non as acepta. Co cal, isto é un botafumeiro máis. Non hai absolutamente ningunha vontade de solucionar problemas, absolutamente ningunha vontade. *(Aplausos.)*

Claro, di que aporta solucións. Dixo moi elocuentemente que lles aporta solucións ás familias, ao sistema sanitario e ao educativo. E eu pregunto: ¿onde están? Porque o BNG presentou emendas —e díxeno antes— para que se aumente o profesorado. Hoxe e mañá o profesorado volve estar en folga porque os centros educativos non teñen os recursos suficientes para desenvolver e levar a cabo unha atención educativa de calidade, con recursos, con profesionais. E resulta que o Partido Popular vota en contra, non acepta esas emendas. ¿Onde están as alternativas ao sistema educativo? ¿Onde están as alternativas ao sistema sanitario? ¿Onde están eses aumentos de profesionais? ¿Onde está a garantía de pediatras? ¿Onde está a garantía de atención á saúde mental? ¿Onde esta a garantía de atención, fomento e educación a programas de atención afectivo-sexual da mocidade, dos menores? ¿Onde están? Entón, ¿por que se atreven a dicir que aportan alternativas? A min gustaríame que cando veña aquí me diga que artigos. ¿Que artigos? ¿Cantas alternativas? ¿Cantos recursos humanos? ¿Cantos recursos físicos? ¿Canto orzamento? Esas son alternativas, o outro é falar barato; o outro é un falabarato, como está acostumado a facer neste Parlamento o Partido Popular. Ningunha medida concreta. Absolutamente ningunha medida concreta. *(Aplausos.)*

O único que si ten é esas medidas sancionadoras tremendas. E o BNG non emendou que haxa sancións a quen incite o consumo, a quen promova o consumo, a quen proceda á venda, a quen permita a entrada en espazos onde se fai. Nós iso non o emendamos; parécenos normal, falamos de adultos. O que emendamos é que sancionen tan barbaramente persoas menores por ter, transportar ou consumir un Red Bull, un Monster ou demais —falo de marcas concretas—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero dígoos para que todos nos entendamos. Quince mil euros, ¿de verdade? ¿De verdade que quince mil euros?

Ademais, ¿sabe que nos trasladaron —e con isto remato, presidente— desde a patronal das empresas de bebidas enerxéticas? Elas non van ter ningún problema. En vez do 30 por cento de cafeína, báixano ao 15 por cento para seguir vendéndoas. Así de fácil. Así de fácil é bordear esta lei —dito por eles—. E supoño que se nolo trasladaron ao BNG, trasladaríanllo con máis ánimo ao Partido Popular —xa sabemos por que—. Ata eles o din: «mira, é que isto está moi ben para pintar, pero é fácil: baixámolo e imos seguir vendendo igual».

Entón, en resumo, isto non lles soluciona absolutamente nada aos menores, non aporta ningunha alternativa. O único que vai crear é moitísimos problemas; non se vai poder verificar a maioría destas medidas nin implementalas. E, polo tanto, sería bo...



O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: que o Partido Popular, na vez de ser o campión...,

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: ...presentase algo que realmente solucione algo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Boas tardes de novo.

Moitas grazas, presidente.

Miren, escoitando as intervencións da oposición unha non pode evitar sentir unha fonda decepción, porque hoxe non se está debatendo aquí sobre intereses partidarios, nin sobre competencias nin sobre estratexias electorais. Hoxe falamos de menores, señorías; hoxe falamos da súa saúde, falamos do seu futuro. E por iso, señorías, doe especialmente ver que, malia todas as chamadas ao diálogo, nin o Partido Socialista nin o Bloque quixeron transaccionar nin unha soa emenda —señorías, nin unha—. E dicían «por que non aceptamos moitas das súas emendas». Pois miren, moitas delas porque desnaturalizaban o espírito preventivo e protector da lei; porque moitas delas poñían en risco unha resposta eficaz, coherente e centrada na protección real dos menores. Este foi o motivo.

Mire, señora Prado, eu invítoa a ler a lei e a interpretala. Xa sei que non me está facendo caso, pero mire, ¿sabe o que me queda a min? Vostede reflexione, por favor, reflexione sobre as vantaxes da lei. A min só me queda «15.000, 6.000»... Do único do que falou aquí foi diso. O que fan vostedes non é a defensa do interese xeral; non é responsabilidade institucional o que están facendo. Isto, señorías, é poñer por diante intereses partidistas antes que a protección da infancia. Poden vir aquí dar leccións de consenso, pero, ¿sabe como se constrúe o consenso? Traballando, cedendo, achegando posturas; non se constrúe negándose a negociar nin rexeitando toda aquela achega que non veña coa súa propia firma. Isto é o que fan vostedes. Ese non é o nivel que Galicia merece, e menos aínda unha nova lei que trata de protexer as xeracións máis novas fronte aos riscos reais e crecentes. Porque, mentres que vostedes buscan un relato, as familias o que están pedindo son respostas; respostas a todos os problemas reais que teñen moitas delas. Porque, mentres que vostedes discuten procedementos, hai rapaces que caen nas adiccións ás pantallas, ao xogo, ao vapeo, ao alcol, oculto detrás de campañas dirixidas a menores. E, mentres vostedes falan de matices, poden estar pasando cousas moi graves nas casas, nos patios dos colexios, nas rúas, nos móbiles ou pantallas; en definitiva, señorías, na vida dos nosos adolescentes. *(Aplausos.)*



A lei que traemos hoxe aquí é unha lei rigorosa, necesaria e profundamente humana. É unha lei que dá ferramentas, que reforza as familias, que educa en prevención, que protexe sen culpabilizar e que pon límites a quen se está lucrando coa vulnerabilidade dos máis novos. E isto, señorías, non debería separar a ninguén. Aquí non hai esquerda nin dereita; aquí hai responsabilidade ou falta dela, hai compromiso ou hai escusas. (*Aplausos.*) Por iso, señorías, pídolles que reflexionen, a causa ben o merece. Aínda están a tempo, aínda poden votar pensando nos menores antes que nos titulares. Aínda poden demostrar que este Parlamento sabe estar á altura cando o que está en xogo é o benestar das nenas, dos nenos e dos mozos e as mozas deste país. Porque hoxe non votamos unha lei calquera, hoxe votamos se protexemos ou non protexemos, se actuamos ou miramos para outro lado, se lles damos ás familias máis ferramentas ou lles deixamos outra vez toda a súa carga encima. Eu pídolles sinceramente que fagan o correcto, que voten a favor; non por nós, non polo Goberno, voten a favor polos menores de Galicia, porque eles merecen unha política á altura da súa dignidade e do seu futuro. En todo caso, señorías, o Partido Popular e o Goberno si actuarán con responsabilidade con Galicia. Por iso os galegos —tamén os máis novos— confían maioritariamente no Goberno Rueda.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Agora procede a intervención do conselleiro. Ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

Déanlle voz ao escano do conselleiro de Sanidade, por favor. ¡Aí está!

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Señorías, pido a palabra para agradecer o traballo feito, valorar as achegas recibidas dos distintos colectivos e para volver poñer de relevo o que hoxe aquí se vota para a súa aprobación definitiva: a Lei de protección de saúde das persoas menores de idade e prevención das condutas adictivas.

O longo camiño que hoxe remata culmina cunha norma lexislativa que marca un antes e un despois nas políticas de prevención sanitaria de Galicia. Pon o foco na xente nova, aposta pola prevención fronte á indiferenza e dá resposta aos novos retos de saúde pública do século XXI. As políticas de saúde pública deben ser integrais e atallar o consumo de determinadas substancias e condutas aditivas, fomentando os estilos de vida saudables da poboación, especialmente entre os máis novos. Iso só se pode facer con políticas públicas decididas que actúen correctamente e vaian ao fondo da cuestión. Citando a Bauman: «Vivimos nunha sociedade líquida na que a flexibilidade e a adaptabilidade son cruciais, como tamén ten que selo a capacidade de reinventarse constantemente». Esta é unha norma viva que se adapta aos cambios sociais e aos novos hábitos da mocidade que tanto cambiaron ao longo destes anos, recollendo as novas substancias e condutas que xeran dependencia. Falo de vapeadores, bebidas enerxéticas, xogos en liña ou do uso compulsivo das redes sociais; en definitiva, novos riscos, adiccións silenciosas, moitas veces normalizadas, que afectan o desenvolvemento físico, emocional e social dos menores.



Cristaliza hoxe aquí o enorme traballo das moitas persoas que participaron na elaboración deste proxecto de lei. Durante a elaboración do mesmo recolléronse as achegas de diferentes entidades, asociacións e sectores. Foron estudadas de maneira rigorosa co obxectivo de elaborar este texto lexislativo destinado a protexer a saúde dos nosos cativos. Galicia vai na boa dirección, sendo unha vez máis pioneira nas políticas de prevención. Parabéns a todos aqueles que desde os máis diversos eidos foron quen de poñer a saúde da xente nova por diante de calquera outro interese particular.

Señorías, aprobar esta lei é asumir que as adiccións non se combaten con indiferenza ou estigmas, senón con compromiso, prevención e políticas valentes baseadas na evidencia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Votación do texto lexislativo

O PRESIDENTE: Procedemos á votación das emendas mantidas e do Ditame emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas.

Non sei se se poden votar todas xuntas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pediron separación. Vale, perfecto. Entón, o Grupo Parlamentario Socialista pide... Bueno, as do Grupo Parlamentario Socialista, que van do número 1 á 60. Votamos estas en primeiro lugar.

Votamos.

Votación das emendas ao articulado números 1 á 60 do G. P. Socialista de Galicia ao Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, da número 1 á 39. Pero vostede pediu a separación aquí, polo que vexo, da 3, 27 e 30, por un lado, e polo outro 1, 2, 4 á 26, 28, 29 e 31 á 39. (*A deputada María Elena Espinosa Mangana pronuncia palabras que non se perciben.*) Pero ímolo facer ben. Entón, votamos primeiro as números 3, 27 e 30.

Votamos.

Votación das emendas ao articulado números 3, 27 e 30 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 45.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O PRESIDENTE: Agora votamos as restantes; ou sexa a número 1, 2, 4 á 26, 28, 29 e 31 á 39.

Votamos.

Votación das emendas ao articulado restantes do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O PRESIDENTE: Por último, votamos o Ditame da Comisión coas emendas incorporadas.

Votamos.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 25; abstencións, 8.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

O PRESIDENTE: Consecuentemente, con esta votación, queda aprobada a Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas.

Continuamos coa orde do día. Pasamos ao punto segundo, que é o de mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Óscar Insua Lema, sobre os obxectivos do Goberno galego no que concirne á actualización da normativa en relación coa Administración local e co modelo de financiamento dos concellos

O PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra o señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: Grazas, presidente.



Boas tardes, señorías. Falaba antes a compañeira Montse Prado, ao fío da aprobación da Lei de protección da saúde dos menores, de que hai que darlles ferramentas aos concellos. Claro, o que non se pode é non darlles nada. Pero bueno, xa vimos tamén o que fixeron co tema do SAF: a ferramenta que lles deron co tema do protocolo foi «ala, toma o protocolo e safada». Así é como entende o Partido Popular o de darlles ferramentas e financiamento aos concellos. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

¡En fin! Novamente volvemos falar neste Parlamento deste grave problema que teñen estes concellos, e da man do BNG, como non podía ser doutra maneira: o infrafinanciamento. Teñen poucos cartos e moitas competencias, cada vez máis. Porque, tanto na Moncloa como en Monte Pío deciden impoñer cargas e tarefas aos concellos, pero, arriar a galiña —como dicimos nós na nosa terra—, pouco. Na Xunta debe estar a galiña tamén confinada, é dicir, que non hai maneira de soltala. Aínda que, bueno, como xa demostrei a semana pasada, para concellos de primeira, do PP, sempre hai cartos. *(Murmurios.)* É o exemplo do Concello de Ribadeo, da comarca da Mariña Lucense, a ver se lle gusta aquí... *(O deputado Óscar Insua Lema sinala á tribuna da Presidencia do Parlamento, concretamente á vicepresidenta María Elena Candia López.)* Pois bueno, ese soamente foi un caso dos moitos. É dicir, a Ribadeo tocoulle un premio bonus: desde 2024, 9 convenios da Axencia de Turismo; 11 con outras consellarías... En fin, 23 convenios da Xunta de Galicia con Ribadeo en dous anos, eh, en dous anos. Máis de dous millóns de euros, sen contar os de Augas de Galiza, claro. ¡Todo un récord! ¡Aínda hai quen o supera! Disto, dende logo, non replicou nada, nin unha soa palabra, nin unha soa mención, nin un só segundo lle dedicou a comentar o conselleiro na interpelación. É dicir, porque, claro, xa sabemos o que hai. É dicir, os concellos do PP... O que fai o PP é utilizar o método Baltar. Xa sabedes como é: «se non es do PP, jódete, jódete».

Por iso é necesario que aprobemos unha nova lei da Administración local en Galiza, adaptada aos novos tempos, que delimite ben as competencias e que blinde realmente o financiamento por lei. Dixo o conselleiro que si practicamente a todas as preguntas que lle faciamos na interpelación pasada; aínda que os «sis» sen explicación, dende logo, teñen moi pouco sustento. Na comparecencia de presentación dos orzamentos da súa consellaría dixo que o Consello da Xunta ía aprobar o anteproxecto antes de rematar o ano. Quedan 15 días —aínda quedan 15 días, eh— e, coma sempre o PP, polo de pronto, incumpre. Pero bueno, xa nos ten acostumados. Prometer, promete moito, pero despois cando se trata de cumprir iso xa custa máis. Pero bueno, teñen 15 días. Como xa levan anos dicindo que van facer a nova Lei de administración local, permítanos que, con razón, desconfiemos.

Por iso pedimos celeridade e tamén medidas provisionais mentres non se aproba, porque xa explicamos que si que existe marxe de manobra. É dicir, de 670 millóns que din que van repartir aos concellos, só 187 van ir para o Fondo de Cooperación Local, pero queda o 75 por cento, que son 483 millóns restantes. E estes si que poden mellorar a situación económica dos concellos. Pero claro, o PP non quere, normal. É dicir, están máis cómodos repartindo a galiña esta sen obedecer máis criterio que o criterio Baltar: capóns para os concellos de primeira do PP; uns bos galos para os concellos de segunda do PP; e catro patacóns para os concellos de terceira do PP —porque tamén hai concellos do PP que non levan nada— e do resto de partidos políticos. ¡E isto non o digo eu, eh! Xa vos dixen que o dixo o señor Julio



Yebra, alcalde de Carballedo: «hai concellos de primeira, segunda e terceira, e aos rurais téñenos na última». ¡Isto é así!

Pois unha boa lei seguro que serviría para reducir este tipo de prácticas, aínda que non para eliminalas. Pero si para reducilas e regular mellor os convenios municipais feitos con calquera administración. Penso que sería bo facelo. Ao igual que —como dicía ao principio— delimitar e concretar aínda mellor as competencias que xa están establecidas na Lei de bases do réxime local, que ao final é unha lei de configuración básica. Dicía o outro día o conselleiro que tiñan pouca marxe para dar solución aos problemas que nos plantexan os concellos. Pois desde o BNG cremos que o que hai que ter é vontade. Vontade política e ganas de traballar para obter solucións e non utilizar con intereses partidistas o afogamento financeiro dos concellos. Porque vostedes prefiren que os concellos sintan a auga ao pescozo; mentres teñan unha baza para culpar o Goberno central, «canto peor, mellor», como diría Rajoy, isto todo ao revés. Por certo, que non lle pedistes nada cando gobernaba en Madrid. Vontade política, señores; pero o PP está máis cómodo nesa estratexia de algarada e alboroto en Madrid. Todo o que sexa facer ruído e non solucionar contribúe a sumar esforzos para deixar caer o soldado Ryan. Todo vale, aínda que levedes os concellos por diante.

Molestoulle ao señor conselleiro o outro día que eu centrase parte de intervención sobre o SAF. Pregúntome eu se acaso este servizo non é o maior quebradeiro de cabeza dos alcaldes e as alcaldesas galegas. ¿Non é o maior problema de infrafinanciamento que teñen agora mesmo? ¿Non é o maior furado que teñen os concellos pequenos? Eu xa lles expliquei, supoño que repasaría esa orde do 17 de febreiro de 2025 que lle citei. A Xunta non paga os doce euros aos concellos para o SAF de dependentes; non, non é así, paga máis o Estado, porque o din vostedes na orde. E, se tanto se queixa a Xunta de que o Estado non cumpre en materia de dependencia, non sei por que razón non fai unha reclamación formal do importe que se debe. Porque o que se debe eu entendo que todo hai que pagalo, e teñen ferramentas xurídicas e procedementos para reclamarlle ao Estado. Pero bueno, non, o mellor e queixarse; é dicir, non vaia ser que volvan gobernar algún día —¡esperemos que non!— e despois teñan que cumprir con Galiza. Mellor queixarse, como fixo o outro día tamén a conselleira, dicindo que en Euskadi se conseguira o 50 por cento de financiamento da dependencia e que nós estabamos caladiños... ¡Caladiños estades vós, os do PP, que en vez de defender Galiza e reclamar e loitar para que contemos coas mesmas condicións que Euskadi, cun financiamento propio, cun cupo como teñen eles, pois calan! (*Aplausos.*) Calan porque vostedes non defenden este país como nós, e iso, afortunadamente, os galegos e as galegas sábeno. Por iso seguimos sumando e aumentando apoios en cada enquisa e votos en cada eleccións. Porque toda Galiza sabe que, para defender o noso país e os concellos galegos, o mellor partido é o Bloque Nacionalista Galego.

Vostedes saben perfectamente que os concellos galegos teñen que xestionar o Servizo de Axuda no Fogar. ¡Iso está claro! Pero o SAF para dependentes non teñen que financeiro, ¡iso non! Porque a Lei de dependencia é clara, no artigo 32: a dependencia finánciase o Estado e as comunidades autónomas. E isto podemos deixalo por escrito na nova lei da Administración local sen medo ningún, e deixalo moi clariño. ¿Ou realmente cren que o Estado impugnaría cunha cuestión de competencia esa nova lei ante o Tribunal Constitucional? Eu non sei. Se o fan, que o fagan, tampouco sería a primeira vez que o fan. O financiamento do SAF



para dependentes dos concellos nin poden nin deben asumilo os concellos. Eu creo que a Xunta debería facerse cargo deste financiamento e despois reclamarlle ao Estado, polas vías correspondentes, a parte que lle corresponde. E, se o fan, terán ao BNG contra o Estado e contra o Goberno central reclamando o que é xusto para Galiza e para os concellos galegos, sen problema ningún. Pero primeiro hai que axudarlles aos concellos. Iso é o que esperan os alcaldes e as alcaldesas do noso país. Pero non podemos deixar que os concellos se sigan afogando cun servizo no que gastan máis do 50 por cento, e cada día seguen subindo os custos porque a Xunta nin sae a rescatalos nin a axudalos. Ao contrario, fai unha proposta do máis indecente que se viu nunca: subirlles un euriño para o ano. É dicir, que vostedes o que teñen é pouca vergoña. *(Aplausos.)* Porque non é contra os concellos do BNG, é con todos os concellos; que ata os concellos do Partido Popular rexeitan esta proposta da Consellería. Vostedes o que non queren é un sistema de financiamento propio galego, porque...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: ...España se rompe. Vou rematando. Pero vostedes queren realmente que os alcaldes... ¿Realmente cren que os alcaldes que lles importa...? É dicir, despois, na Mezquita. Se somos capaces de conseguir máis cartos para Galiza, vostede, en fin... Eu creo que nos podemos lograr, porque xa o BNG foi capaz de conseguir nun acordo co Goberno central a quitación de parte da débeda en Galiza, e vostedes non a queren. Teñen envexa doutras nacións e territorios que traballan máis que vostedes, que dan apoios a cambio de votos. E o PP de Madrid, de Ayuso, ten atados de pés e mans os políticos galegos do Partido Popular. Estadades atados de pés e mans, non vos deixan respirar, estadades afogados. Porque non podeades facer ningún acordo que sirva para mellorar os intereses políticos do noso país. Isto é o *ruedismo* —xa volo expliquei a semana pasada—: a técnica política de ir detrás da roda dos demais. Neste caso, ides...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: ...detrás —xa remato— da roda do PP máis rancio madrileño que existe. Xa digo, apoien esta moción, porque eu creo que é o mellor que lles podería pasar aos concellos galegos para o vindeiro ano.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista, señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: *(A deputada Lara Méndez López aplaude dirixíndose á bancada do Partido Popular.)* ¿Saben o que é isto? A despedida do exconselleiro con un «volve pronto». *(Aplausos.)* E iso cunha denuncia admitida a trámite. O Partido Socialista, cando houbo unha denuncia nunha canle interna do noso partido cunha denuncia anónima, actuou. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Actuou, porque o primeiro para o Partido Socialista son as vítimas, independentemente de quen caía. Primeiro, as vítimas. O Partido Popular cala, oculta e aplaude. E o Partido Socialista, como digo, actúa. ¿Saben onde está o presidente da Deputa-



ción de Lugo? Pois está fóra do Partido Socialista. (*Interrupcións.*) ¿Saben onde está? Está fóra do Partido Socialista. ¿Saben onde está o presidente da Deputación de Ourense? Sentado nun escano do Senado, cunha denuncia, tamén. Iso si, chegou moi rápido: a máis de 200 quilómetros por hora, chegou ao Senado desde Galicia. (*Aplausos.*) E, ¿que fai o Partido Popular, en boca e palabra do conselleiro? Ameaza con quitarlles a protección ás vítimas. Ou sexa que, señorías do Partido Popular, leccións neste tema, ningunha. ¡Ningunha!

Señora Prado, pode estar vostede tranquila, porque xa onte iniciiei accións xudiciais, onte. Claro, ¿púideno facer antes? Eu, como son unha simple enxeñeira —ademais, do rural— non sabía que sábado e domingo non se podía presentar denuncia; vostede ao mellor, si, na súa condición de xurista. Eu quíxena facer xa, pero non me deixaron nin sábado nin domingo. Entón, foi onte, no día de luns. Iniciadas accións legais. (*Aplausos.*) E reitérolle: leccións ao Partido Socialista na defensa das vítimas, ningunha.

Indo xa ao tema, estamos no último pleno do período de sesións e no último do ano e nada sabemos da nova lei. Nada sabemos da lei da administración local de Galicia. No mes de outubro xa traíamos dende o Grupo Parlamentario Socialista unha iniciativa, unha PLL, para que se trouxese o máis rápido posible a este Parlamento o anteproxecto de lei. Pois nada sabemos desta lei. Incluso o señor Calvo dicía: esperemos que nesta lexislatura saia adiante; e prolongou os prazos, porque no ano 2024 o señor Calvo dicía que neste 2025 se ía traer a este Parlamento. Pois o 2025 xa podemos dicir que aló vai, e nada sabemos. Esa é a importancia que ten para o Partido Popular esta nova lei e, o máis importante, o que conleva esta nova lei: o financiamento dos concellos, que están asfixiados por culpa do Partido Popular de Galicia. E agora, como digo, xa alargou que «a ver se nesta lexislatura se presenta». A min perdóeme que faga aquí incluso algo de pitonisa, pero xa me aventuro a dicilo: que o vexo máis como promesa de campaña do ano 2028 que no trámite parlamentario nesta lexislatura.

E tamén dicía o señor Calvo na interpelación do pleno pasado, e vou ler literalmente: «O autogoberno local e a democracia participativa, si, de acordo. Que delimite as competencias municipais, si, de acordo. Que estableza un renovado sistema de financiamento local xusto e suficiente...» —xa dixo— «...bueno, aquí si, establecerase un novo sistema de financiamento dentro do que nós poidamos facer.»

Iso si, despois chegouse ao Estado e xa balóns fóra e todo é culpa do Estado. Porque non cren no financiamento e na autonomía dos concellos. Porque consideran os concellos como feudos, onde os vasalos, que serían os alcaldes e as alcaldesas, teñen que gardar fidelidade ao amo e ser tutelados. Porque aí é onde están vostedes cómodos: no tutelamento que lles fan continuamente aos concellos, quitándolles autonomía, cargándoos de responsabilidades e de actuacións que teñen que facer sen ningún fondo adicional. Porque o fondo local base leva conxelado dende hai 17 anos. Está conxelado con 118 millóns de euros dende hai 17 anos. Incrementan, iso si, o fondo adicional, chegando co fondo base a eses 168 millóns, pero despois éncheselles a boca dicindo que aos concellos se lles van destinar 641 millóns de euros. E, ¿que fan con eses 473 millóns de euros restantes? Aí utilizan o método do dedo: (*A deputada Lara Méndez López sinala co dedo cara a diferentes direccións.*) a ti si, a ti si, a ti non, a ti non, a ti si, a ti si, a ti non, a ti si, a ti non... Esta é a forma de traballar do Partido Popular: co dedo, a base de dedazos. (*Aplausos.*) Así é como traballa o Partido Popular. Porque son 473



millóns que, por certo, nin todos se reparten, porque o último informe do Consello Económico e Social dicía que quedarán sen repartir máis do 30 por cento. Estes 473 millóns non van nin tan sequera para os concellos; nin tan sequera para os concellos do Partido Popular. Prefiren deixalos alí na huchiña para cando cheguen as eleccións e, entón, si, firmar convenios a destajo; tamén, ¿con quen? Cos concellos do Partido Popular.

É que non lle fan caso nin ás propias demandas da FEMP, que pide financiamento incondicional, fondo adicional que se incrementa co fondo base, repartición con criterios singulares, coñecidos e transparentes —como é a poboación, a superficie, núcleos de poboación, persoas maiores de 65 anos...—. En absoluto, a isto non atenden, a pesar de que na FEMP están representados tamén os concellos do Partido Popular. Pero, como calan despois, a través deses convenios a dedo, é o que fan.

Nós o que pedimos é que se cubra a totalidade dos custos do SAF, porque canto máis incrementa o Goberno central os fondos, mais merma a comunidade autónoma eses fondos. Porque a aportación segue sendo a mesma e, ¿quen ten que asumir eses custos? Os concellos. Pero pasa coas escolas infantís: liberamos aquelas escolas infantís que están xestionadas por entidades privadas, pero as que teñen dependencias municipais seguen os concellos asumindo eses custos. Ou as franxas secundarias, que agora queren penalizar os concellos ameazándoos con quitarlles, incluso, o fondo de cooperación local base. Vanlles quitar xa ata do que leva conxelado 17 anos; vanlles restar tamén deses fondos.

Ou, incluso hoxe mesmo, no propio debate que hoxe se levou a cabo da Lei de saúde das persoas menores, ¿que fan? Meterlles novamente competencias impropias aos concellos sen darlles recursos, como poden ser competencias en sanidade ou en educación. É dicir, máis cargas, menos cartos...;

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...máis cargas e menos recursos. Acabo, presidenta. Ou a propia modificación, pola porta de atrás, que tamén acaban de aprobar vostedes hoxe, como pode ser a da Lei 5/2016, de Patrimonio cultural de Galicia, que tamén lles meten a realización dos informes; pero, novamente, ¿como? Pois sen recursos: é dicir: máis traballo, máis custos, menos recursos. Incluso o dicía a miña compañeira Patricia Iglesias: a propia Deputación da Coruña dálles máis aos 93 concellos. ¡Home, señor Comesaña, que me veña comparar o orzamento da Deputación co orzamento da Xunta de Galicia, e que se lle encha o peito dicindo que só en Sanidade xa é máis que o propio orzamento da Deputación da Coruña...! Estou falando do que destinan aos concellos.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Finalizo, presidenta. A Deputación da Coruña dálles máis a 93 concellos que lle dá a Xunta, o Partido Popular da Xunta de Galicia, aos 313 concellos. *(Aplausos.)* Así é como o fan política vostedes: aos seus, a base de convenios e, ao resto, a repartir mi-seria. *(Aplausos.)*



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

PAULA PRADO DEL RÍO: Grazas, presidenta.

Señoros e señoras do Partido Socialista, por favor, vaian máis despacio, que non nos dá tempo a seguir todos os casos. (Risos.)

Esta mañá eu rematei a miña intervención aquí ás 11.25. ¿Saben cando saltou o seguinte caso do Partido Socialista? Ás 14.44, dúas horas e cuarto despois. *(A deputada Paula Prado del Río amosa un titular de prensa.) «Una militante denuncia por el canal interno del Partido Socialista al alcalde de Barbadás por acoso laboral».* Unha militante que lle foi dicir ao alcalde que había un concelleiro socialista que a acosaba sexualmente e a resposta do alcalde foi acosar a militante laboralmente. Esa é a súa forma de actuar, señora Méndez, que vostede ten responsabilidades. *(Aplausos.)* Isto xa non é un caso illado, isto xa non é un *Me too*; isto é un patrón de conduta, señora Méndez. ¿Sabe que lle digo? Que este é un festival zombi. ¡Están todos mortos e non o saben, señora Méndez! *(Aplausos.)*

O señor Insua fala de capóns e de galos. Pois mire, si, na Deputación de Lugo os capóns e os galos van para os concellos do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista. E, para o PP, nin o capón, nin o polo nin os patacóns, señor Insua. *(A deputada Paula Prado del Río amosa un gráfico.)* Porque, mire, estes son os convenios da Deputación de Lugo do ano 2025, fíxese vostede: para o PSOE, 36 convenios; para gobernos do BNG, 11; para gobernos independentes, 6; e, para os do PP, cero. ¡Cero! Por iso, señor Insua, non me estraña que vostedes queiran seguir tratando ben a galiña dos ovos de ouro que é a Deputación de Lugo, da que vostedes non queren saír. Por iso seguen abrazados ao señor Tomé e ao Partido Socialista coa que está caendo, señor Insua. *(Aplausos.)*

Falaba vostede de que vostedes lles retorcen o brazo ao Partido Socialista e ao Goberno de España. Pero mire, señor Insua, se vostedes cando fixeron o primeiro pacto co Goberno de España para facer presidente a Pedro Sánchez —porque si, vostedes, tamén, co seu voto fixeron presidente a Pedro Sánchez— poñían naquel acordo que se cumprise o Pacto da dependencia, os cartos que se lle adebedaban a Galicia; iso si, en toda a lexislatura. Pasou a lexislatura e non cumpriron con Galicia. Volve a segunda lexislatura do señor Sánchez e volveron apoiar o señor Sánchez. Iso si, neste caso deixaron a un lado ese punto sobre o pacto do acordo e xa non puxeron no acordo o de que lle pague a Galicia o que lle adebeda na lei de dependencia; que, por se non o saben, son 3.000 millóns de euros, señorías. ¡Tres mil millóns de euros!

Piden á Xunta máis financiamento para os concellos e, cando a Xunta aumenta ese financiamento, seguen criticándoa. Piden á Xunta unha nova lei da administración local. Que si, señora Méndez, a lei de administración local á larga vai vir a este Parlamento. Nós seguro que a vemos; vostede, non o sei. Insisto, para vostedes calquera resposta sempre é equivocada. Pero, xa que estamos nas datas do Nadal, eu non vou perder a esperanza e vou intentar facerlles entender a vostedes e ao conxunto dos galegos cal é a realidade. A realidade é que



o financiamento dos concellos dende o ano 2011 en Galicia fomos pioneiros para blindalo e garantilo por lei. *(A deputada Paula Prado del Río amosa un gráfico.)* A aportación da Xunta aos concellos nunca deixou de medrar, ata chegar este ano a 700 millóns de euros. Miren, señorías, pasamos do ano 2021, con 127,1, ata o ano 2026, con 187,3 millóns de euros. ¿Onde baixou o financiamento aos concellos, señorías? Explíquenmo.

Despois vostedes, cando se lles deu a oportunidade de participar no proceso de elaboración e facer aportacións, os seus representantes nin ían ás reunións nin aparecían por alí. Pero, con ou sen a súa contribución, señorías, os concellos galegos contarán esta lexislatura cunha nova normativa local pioneira, na que se clarifiquen as competencias dos concellos, na que se actualice o sistema de financiamento e se atenda á problemática da dispersión, do despoboamento e do envellecemento na prestación de servizos. Iso vostedes non o din nunca.

Pero de pouco servirá esa actualización da normativa autonómica se non que se actualiza tamén a normativa estatal. *(A deputada Paula Prado del Río amosa unha fotografía.)* Porque eu voules ensinar esta foto, que é do ano 2017, onde estaba o anterior presidente da Fegamp, o socialista Alfredo García, co presidente da Xunta, entón Alberto Núñez Feijóo, e o conselleiro do ramo, que é o actual presidente, o señor Rueda. Naquel momento chegouse ao acordo de que o financiamento local se empezaría a debater e se empezaría a artellar unha vez que se artellase o financiamento autonómico. Pero, como a nivel estatal aínda —isto explicámosllo xa esta mañá— non se avanzou no financiamento autonómico, dificilmente podemos avanzar no financiamento local. Agora, como temos un presidente da Fegamp máis sanchista que socialista, claro, arremete contra a Xunta e utiliza a Fegamp como arma arrojadiza contra a Xunta, absolutamente con todo. Iso de pactar os concellos coa Xunta, despareceu, señorías. Pois vostedes sigan así.

E claro que os concellos asumen competencias que non son propias, pero vostede non fala nada das competencias que lles impón o Goberno de España, señor Insua, ¿non as coñece? ¿Non coñece a retirada do amianto?, ¿non coñece as derivadas da Lei de benestar animal? Si, coñece, pero desas non fala. ¿E do taxazo do lixo? Tampouco fala. Diso bótanlle a culpa á nosa compañeira de Cangas, que é a culpable de que os veciños se lles boten enriba cando vostedes poñen un taxazo en Cangas absolutamente irracional. ¡É culpa do PP!; non do señor Pedro Sánchez.

E, ¿como non?, hai concellos que gastan os cartos en cousas que non sabemos moi ben... Mire, voulle poñer un exemplo dun concello do BNG, o Concello de Muras. 600 habitantes ten o concello de Muras, eh. Iso si, en oito anos, gastou 250.000 euros en pagos a dúas empresas por asesorar o Concello en asuntos en que podía emitir informe a secretaría ou outros funcionarios. ¿Coñece vostede ese caso, señor Insua? Pois invítoo a que o estude, invítoo a que o estude, porque é moi interesante, é moi interesante. *(Murmurios.)* Estúdeo vostede, señora Rodil. Como membro da dirección do partido, estaría moi ben que estudase ese caso.

Ao igual, señorías, que cando din vostedes que cos cartos da condonación da débeda se poden pagar os gastos. Pois mire, *(A deputada Paula Prado Del Río amosa un documento.)* é que Facenda xa admitiu que non é posible, pero eu recoméndolles tamén —vostede é xurista señor Insua— que lea o artigo 12 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade



financeira, que impide que eses cartos vaian a gasto; nin para un gasto nin para outro, tampouco para o SAF.

E vostede veu aquí falar de SAF e de externalización do SAF. Mire, *(A deputada Paula Prado Del Río amosa un documento.)* estes son os datos de como teñen externalizado o SAF os concellos de diferente cor política. Mire, o 69 por cento dos concellos gobernados polo Partido Socialista teñen externalizado o SAF —non miran para arriba, están todos mirando para abaixo, eh, non queren ver a verdade—; *(Risos.) (Murmurios.)* o 66 por cento dos concellos gobernados polo Bloque Nacionalista Galego, incluído o de Pontevedra e o de Santiago —xa inclúo Pontevedra para que non pensen que teño unha teima con Santiago—, *(Risos.)* teñen externalizado o SAF. E, ¡que curioso! Xusto os que menos teñen externalizado o SAF son os gobernados polo Partido Popular, o 58 por cento. Home, igual terían que facer algunha formación interna *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* para explicarlles aos seus mandos que isto de externalizar non é o que pide a UPG, *(Aplausos.)* non é o que pide a CIG, non é a ideoloxía do BNG, señorías. Fagan vostedes, por favor, *(Aplausos.)* unha formación interna ideolóxica para explicarlles isto da externalización, que parece ser que está moi, moi mal.

Pois miren, señorías, nós...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

PAULA PRADO DEL RÍO: ...Si, remato señora presidenta.

Mesmo a última que vimos foi na Deputación de Lugo, tamén, por certo. Porque falan doutras pero non falan da que está máis de actualidade. E tamén está de actualidade porque á última Xunta de Goberno levaron a privatización, a externalización —chámenlle como queiran— de todas as residencias de persoas da terceira idade da provincia de Lugo. A mesma empresa que xestiona as residencias de Ribadeo, Pol, Pedrafita do Cebreiro... A mesma privatización que nas residencias de Trabada, Ribas de Sil, Navia de Suarna, Meira, A Fonsagrada... ¡Toda a rede de residencias da Deputación de Lugo está privatizada polo Partido Socialista e polo Bloque Nacionalista Galego! *(Aplausos.)* Señor Insua, ¡suba aquí e diga que isto non é verdade! Mire, nos non podemos apoiar esta moción porque o Goberno da Xunta de Galicia, liderado polo presidente Rueda, polo Partido Popular de Galicia, é o que máis financiamento garantiu aos concellos de Galicia...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

PAULA PRADO DEL RÍO: ...e hai concellos gobernados por vostedes que están gastando os cartos no que non deben.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

PAULA PRADO DEL RÍO: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Peché para o autor da moción, Señor Insua.



ÓSCAR INSUA LEMA: Grazas, presidenta.

Coñezo o caso de hipocrisía e coherencia de quen vota en contra da Lei de estabilidade laboral dos interinos, e logo, con base nesta, nos concellos de Arzúa, de Melide e de Teo, reclama o que non lle corresponde. *(Aplausos.)* ¡Ese caso si que o coñece moi ben!, si que o coñece moi ben. Suba aquí e fale da súa coherencia *(A deputada Paula Prado Del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* e da súa hipocrisía. Por favor, eu escoiteina caladiño, así que, por favor, cale, cale, cale por unha vez. *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Interrupcións.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Parei o tempo, a ver se nos tranquilizamos un pouquiño. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Silencio, por favor. Ata que garden silencio non vou reanudar o tempo. Creo que o pleno vai intenso, así que vostedes mesmos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Rogo que deixen o señor Insua intervir.

ÓSCAR INSUA LEMA: Faltoulle traer aquí tamén os concellos do Partido Popular que contrataban tamén esas empresas que vostede di... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Fale, fale vostede.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio.

ÓSCAR INSUA LEMA: Mire, falou vostede aquí das deputacións. Mire, na Deputación da Coruña teñen un plan único que xa lle gustaría que fose copiado pola Xunta e que apoian os concellos —creo que xa se explicou aquí—. E menos mal que tamén hai nominativas, porque é a única maneira de compensar minimamente e escasamente o sistema de repartición «baltariana» do Partido Popular. Porque vostedes din que teñen 158 concellos, si, pero iso non se corresponde con toda a poboación. Vostedes gobernan soamente no 28 por cento da poboación galega, o 28 por cento da poboación galega, *(Murmurios.)* que non é a metade dos concellos. ¡Están nerviosos!, ¡escoiten, home, tranquilidade, tranquilidade! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Entón, é normal... Pero é que a Deputación da Coruña, por exemplo, tamén lle dá nominativas a Trazo, a Touro, a Oroso, a Malpica, a Oza-Cesuras, a Mañón, a Vilasantar, a Abegondo, a Ferrol... ¡O BNG onde goberna non é sectario como vostedes!, *(Risos.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡non é sectario como o Partido Popular, porque aínda somos capaces de diferenciarnos de vostedes cando gobernamos!, e as contas están aí. Traia aquí... *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio.

ÓSCAR INSUA LEMA: *(O deputado Óscar Insua Lema diríxese á presidenta da Cámara.)* Bueno, é que vostede non é ecuánime, porque..., é dicir, están cada dous por tres. Así é imposible concentrarse. *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A min paréceme moi ben que defenda a orde, pero non se meta coa Presidencia, eh. *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Interrupcións.)*



ÓSCAR INSUA LEMA: Eu estiven calado.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Non se meta coa Presidencia.

ÓSCAR INSUA LEMA: Estou reclamando.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Respete todo o mundo. Eu pido que todo o mundo garde silencio. Unhas veces fannos caso e outras veces non. *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Unhas veces fannos caso pola dereita e outras pola esquerda. Imos intentar rematar, e non increpe, se fai o favor; fáleme con respecto como lle falo eu a vostede. Ten agora o turno, e remate. Pareille o tempo dúas veces, e ten vostede o seu turno, que ninguén llo pisou.

ÓSCAR INSUA LEMA: Pero é que non me está respectando a señora presidenta porque non está sendo neutral... *(Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Bueno, eu estoulle dicindo que iso non é certo porque lle parei o tempo ata que a xente se tranquilice. *(Murmurios.)*

ÓSCAR INSUA LEMA: Si, si, si...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): E entendo que o está vendo vostede. Entón, non se meta coa Presidencia.

ÓSCAR INSUA LEMA: Pero non me teño que tranquilizar eu; *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* son eles, e vostede non lles chama a atención...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¿Quere rematar a súa intervención?

ÓSCAR INSUA LEMA: Se me deixan, si.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¿Ou quere entrar nun debate coa presidencia? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

ÓSCAR INSUA LEMA: Non, non, eu con vostede non teño nada que debater.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Vale, pois entón, reanudamos. *(Murmurios.)*

ÓSCAR INSUA LEMA: Ben, pois o que dicía... Menos mal que se compensan, porque, claro, eu falaba tamén do Concello de Ribadeo. O Concello de Ribadeo foron 23 convenios, pero voulle falar doutros concellos máis: *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Concello de Monterrei, 31 convenios nos últimos anos, 1.666.000 euros; Concello de Cerdedo-Cotobade, 34 convenios nos últimos seis anos, con case 3 millóns de euros —e iso que tamén están cobrando 1,8 millóns de euros do fondo adicional, por ser un concello dos que se fusionan, á parte destes—. E, bueno, se non chega, outro concello máis, o Concello de Mos. ¡Este si que supera o de Ribadeo, eh! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Mur-*



murios.) 44 convenios coa Xunta de Galiza nos últimos seis anos, (*Aplausos.*) 6,6 millóns de euros. E vostedes aínda din que as deputacións andan repartindo... ¡O que non teñen vostedes é vergoña!, porque se se puxesen as cartas sobre a mesa, se tivéssemos unha Lei de Administración local *como dios manda*, igual non estaríamos falando diso. (*Murmurios.*) Si, si, traia, traia aquí o que ten que traer dos convenios de aquí da Xunta.

En fin, vostedes non queren resolver o problema do financiamento dos concellos, está moi claro. É dicir, teñen trece deputados en Madrid que valen para o que valen, porque vostedes podían utilizalos. Vale máis un deputado do Bloque en Madrid que trece do PP. (*Aplausos.*) É dicir, vostedes comparen e traian o gráfico do que se destinaba á dependencia antes do ano 2018 e o que se destina á dependencia despois do 2018 dende o Estado. Traian ese gráfico, porque eu o teño. Si, si, comparen... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, xa se trouxo aquí moitas veces, ¿entende? ¡Cópiennos algo do que facemos nós en Madrid cun só deputado! Copien algo, porque vostedes ideas, ideas..., non teñen moitas. ¡Ata nos andan copiando no Concello de Lugo o que andamos facendo nós aquí no Parlamento!, e, ao final...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: ...cando vostedes copian... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, cando vostedes copian, a xente elixe o orixinal e non... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, o orixinal evidentemente, evidentemente. Entón, cando copien, copien ben, home. É dicir, cópiennos algo de como traballar por Galiza, sen ataduras, coas mans libres e pensando soamente no interese do noso país, do noso país. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Con sentidiño de verdade, que é o noso, o sentidiño que sae do corazón; (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) non co sentidiño da mentira e do engano, que é o de vostedes...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: ...Prefiro non dicir de onde sae ese sentidiño.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

ÓSCAR INSUA LEMA: Apoien a moción polo ben dos concellos. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Agora que se poñía romántico... (*Risos.*) (*Murmurios.*)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres, sobre as valoracións e declaracións que está a facer o Goberno galego verbo das resolucións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relacionadas co sector eólico

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta moción non se presentaron emendas, e para a súa defensa ten a palabra o señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.



Boa tarde.

No anterior debate do pasado pleno quedou ben clara unha cuestión: (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*) existe unha campaña de acoso, de intimidación e de presión por parte do Goberno da Xunta do Partido Popular contra o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Existe esta campaña, é evidente. Están ameazando, están coaccionando, están chantaxeando o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Ademais, é unha campaña dirixida desde a Presidencia da Xunta, que está coordinada pola conselleira de Medio Ambiente e que está executada pola patronal eólica e outros secuaces que teñen vostedes. (*Murmurios.*)

E isto é unha proba máis —señor Trenor, non se alborote— dun PP que está botado ao monte (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) e que de moderado non ten nada, e dun PP que está nervioso, que está alterado, que está enfurruñado... E a verdade é que non nos estraña isto, sobre todo cos últimos inquéritos que se están publicando nestes pasados días, dos que se pode resumir (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) unha cousa, señor Trenor: jo PP baixa e o BNG sobe nas xerais e nas galegas! (*Aplausos.*) Esa é a realidade que lles preocupa a vostedes; por iso están vostedes tan nerviosos, por iso perden os papeis, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) e por iso esta campaña de ataques indiscriminados.

Atacan a universidade por poñer unha bandeira palestina, ¡miren vostedes que delito! Atacan o Consello da Cultura Galega por poñer unha estrela vermella no logotipo do Ano Castelao, ¡miren vostedes, que escándalo!, (*Aplausos.*) poñer a estrela vermella de Castelao na programación do Ano Castelao. Por iso atacan vostedes o Consello da Cultura Galega, atacan o BNG e atacan as plataformas sociais que se mobilizan, por exemplo, como o pasado domingo, fronte a proxectos agresivos como o de Altri. E, xa por último, atacan o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, presionan maxistradas e maxistrados e ameazan —e iso é moi grave— con tomar medidas, como dixo a conselleira de Medio Ambiente: «hai que tomar medidas». Isto é realmente grave, e, ¿saben como se chama isto?, ¿saben como se chama? Chámase intimidación, chámase coacción e chámase chantaxe. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Para entender esta conflitividade, este rexeitamento dos proxectos eólicos que estamos vendo nos últimos anos ao longo do país, hai que ter en conta que é consecuencia dun choque de intereses. Pódese resumir así: por un lado, os intereses dos fondos de investimento e das grandes empresas extractivas, que están representados por esta bancada do Partido Popular, e, por outro, os intereses das comunidades locais e do país, que están representados polas plataformas sociais e polo BNG. E, claro, este choque de intereses ten moito que ver con todo o que foi o proceso, o procedemento de implantación e de imposición dos proxectos eólicos nos últimos anos, nos que se pasou dun sistema, por exemplo, de concurso —os famosos concursos eólicos—, onde se subastaba un determinado número de megavatios, a este sistema que podemos chamar de «rapañota». É unha auténtica rapañota, cunha avalancha de proxectos tramitados simultaneamente, moito máis grandes nas súas dimensións e, ademais, moito máis próximos ás zonas residenciais. E por iso a xente rebélase; é que a xente é normal que se rebele fronte a este abuso e esta imposición. E, ademais, estableceuse un sistema de autorización administrativa á perpetuidade, fronte ás concesións temporais, por exemplo, que rexen no caso da auga.



Nós o que defendemos é que o vento sexa un ben de interese público, de interese público superior; non de interese privado superior, como o converteu o Partido Popular. *(Aplausos.)* Ese queremos que sexa o réxime do vento: *(Aplausos.)* que sexa unha riqueza para toda a sociedade e para Galiza; non para uns poucos. *(Aplausos.)*

Estableceron a arbitrariedade absoluta na tramitación e na aprobación dos proxectos, como xa lles dixemos aquí —cos que foron aprobados irregularmente e despois tombados polo Tribunal Supremo—, e, por último, aprobaron unha infinidade de cambios normativos, normalmente a través da Lei de acompañamento dos orzamentos, que nos trouxo ata aquí a esta situación, que é a situación de inseguridade xurídica creada por vostedes. Porque a inseguridade xurídica non vén derivada das resolucións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia —por certo, na inmensa maioría dos casos, avaladas pola totalidade dos maxistrados e maxistradas sen discrepancia ningunha—; a inseguridade xurídica é derivada dos cambios normativos arbitrarios aprobados polo Partido Popular. E o que fixo o Tribunal Superior de Xustiza foi suspender cautelarmente arredor de noventa proxectos por razóns motivadas: por incumprimento ou por prevención e precaución ambiental, por non garantir o respecto aos valores ambientais do territorio, por non facer correctas as avaliacións ambientais ou por non respectar a paisaxe.

E vostedes presumen de que desenvolveron un sistema eólico ordenado e planificado. ¡Nada de nada, de nada! Temos un Plan sectorial eólico que é do ano 1997. ¿Como se pode presumir dun plan sectorial actualizado que responda ás necesidades actuais? ¿Saben vostedes cantos megavatios se están tramitando actualmente de maneira simultánea en eólica terrestre, en eólica mariña e en centrais de bombeo?, ¿saben cantos? Arredor de 25.000 megavatios, que é unha auténtica barbaridade. E, despois, estráñalles a vostedes que a xente se rebele, que a xente se mobilice, que a xente vaia aos xulgados. ¡Pois é a defensa que teñen para defender os seus intereses! E se non entenden que unha parte desa xente cabreada é a súa propia base social, que son militantes e simpatizantes do Partido Popular, é que non entenderon absolutamente nada de nada, de nada.

E miren, con esta moción, facémoslles tres propostas moi concretas —eu creo que moi razoables—. A primeira é que cesen nesta campaña de ataques e de acoso ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e que respecten a separación de poderes. A segunda é que aproben un desenvolvemento ordenado e planificado, garantista e respectuoso co medio e coas persoas do sector eólico. E, en terceiro lugar, pedímoslles que desenvolvan os mecanismos de protección ambiental que están previstos na lexislación, fundamentalmente, a protección das zonas en bo estado de conservación que deben entrar na Rede Natura —non boicotear a Rede Natura, como levan facendo todos estes anos—; que desenvolvan efectivamente as infraestruturas verdes, e que protexan a paisaxe.

Pero vostedes a estas propostas van votar en contra. ¿E saben por que van votar en contra? Porque son medidas para defender a xustiza e para defender os intereses deste país. E o Partido Popular non está aquí para defender o país; o Partido Popular está aquí para defender quen quere aproveitarse do país, dos seus recursos e da súa riqueza.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista. Señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Boas tardes de novo a todos.

O que está a suceder co sector eólico en Galicia ten un responsable político nítido, inequívoco e único, que é o Goberno galego do Partido Popular. Non é o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que atacan abertamente, empezando pola Presidencia da Xunta de Galicia, a conselleira de Economía e Industria, a conselleira de Medio Ambiente e o señor Pazos nas súas roldas de prensa. Tampouco é culpable o Estado, nin Bruxelas; non é a cidadanía tampouco culpable nin as plataformas cidadáns. O único culpable e responsable é o Goberno do Partido Popular, a incompetencia do Partido Popular.

O PP é o que nos trouxo ata aquí: un caos normativo no desenvolvemento eólico, a inxustificable falla de planificación — un plan sectorial de 1997 —, a inseguridade xurídica sen precedentes no sector, a parálise industrial e a ausencia total de retornos sociais e económicos para os territorios, sobre todo rurais, que son os que soportan o impacto dos parques eólicos. Porque hoxe realmente temos unha crise sobrevida, consecuencia de dezasete anos de Goberno do Partido Popular, dun modelo fracasado, improvisado, deseñado para contentar promotoras pero non para construír un modelo galego eólico de enerxía limpa, equilibrada e socialmente xusta. E, sobre todo —é importante incidir—, non hai unha política de transición ecolóxica que sexa recoñecible no país. Temos a conselleira de Medio Ambiente que fala de «refuxio climático», que se reúne cos cazadores logo da peor vaga de lumes da historia e que deu plantón tamén á ministra no cumio do clima, aliñándose así con ese negacionismo climático propio da extrema dereita.

O caso eólico non o inventan tampouco o PSdeG nin o BNG; está documentado e está referendado polos tribunais, polas comunidades afectadas e polas propias cifras do sector. Levamos case noventa parques eólicos paralizados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia debido a erros administrativos, deficiencias ambientais ou proxectos situados en zonas non aptas, segundo criterios de sustentabilidade ambiental. Eu pregúntome —tanto falan do estado de dereito—: ¿realmente acatan as medidas cautelares de suspensión do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia? ¿Si ou non? ¿Respectan o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia?

E, claro, isto ocorre —como dicía— porque realmente temos un plan sectorial de 1997 que é totalmente incompatible coa normativa de biodiversidade, de hábitats e de avaliación ambiental estratéxica, e incompatible tamén co Pacto verde europeo. É dicir, non é que os tribunais freen o desenvolvemento eólico; é que a Xunta durante case vinte anos non fixo os deberes. É importante tamén incidir —xa me adianto, que, ao mellor, o dirá o deputado do Partido Popular—: non hai nin unha soa sentenza do Tribunal Supremo que se pronuncie sobre as afeccións ambientais dos autos cautelares do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nin unha soa. E o TXUE pronúnciase sobre como ten que ser o procedemento formal



de consulta pública; TXUE e preito que defendeu o Goberno de España, porque a lexitimación —creo eu, ogallá fose así— non a ten a Asesoría Xurídica da Xunta; a lexitimación procesual no TXUE tena a Avogacía do Estado, do Goberno de España, e defendeu ese preito.

Mentres tanto, ¿que temos? Que os concellos rurais —os que máis aportan, os que máis pagan o impacto visual— non reciben retornos nin participación real no deseño do modelo eólico. O vento galego é un recurso público, pero o modelo do PP converteuno nun negocio privado onde os beneficios se concentran e os impactos negativos sempre os soportan os mesmos: o rural, a paisaxe, o medio ambiente e a biodiversidade. *(Aplausos.)*

O PP é responsable do seu propio fracaso. Primeiro dato que temos que ter en conta: en 2009 —isto é moi importante—, chegou Feijóo á Xunta, ¿e que decidiu? Parar o concurso eólico do Bipartito, presidido por Emilio Pérez Touriño, sacando 2.325 megavatios e poñendo en risco 5.000 millóns de investimento. E, por esa suspensión por motivos partidistas e caprichosos do señor Feijóo, tivemos que pagar máis de 200 millóns de euros en reclamacións por responsabilidade patrimonial ás promotoras que tiveron os seus proxectos suspendidos, e aquí non pasou nada: 200 millóns de euros.

Segundo dato: dende aquela, o PP reformou 14 veces a Lei do sector eólico e non fixo unha soa planificación útil: seguimos sen zonificación ambiental e sen mapas de sensibilidade ambiental. E seguiremos así, porque o novo Plan sectorial eólico, como pronto, verémolo —así o dixo a conselleira de Economía e Industria— no 2028, ¡no 2028!

Terceiro dato: as modificacións lexislativas introducidas polo PP —estas 14 modificacións—, ¿que perseguiron? Iso que chaman simplificación: flexibilizar procedementos para determinadas promotoras eólicas, sen protección ambiental. A última modificación da Lei da paisaxe, ¿para que? Non había problemas do Tribunal Superior de Xustiza en relación coa paisaxe, pero modifícanla porque, ¡veña!, ímoslle poñer a alfombra vermella outro día máis ás promotoras.

Cuarto dato: é curioso que falen do tema do respecto do público. ¿Que fixo a Xunta co novo Plan sectorial eólico? Externalizar por completo na Plataforma de contratos por máis de 700.000 euros. ¿Desconfían dos funcionarios públicos do Inega ou da Dirección Xeral de Industria e Enerxía, da Consellería de Economía e Industria?, ¿non teñen capacidade para afrontar e liderar a elaboración dun novo plan sectorial eólico? ¿Quen privatiza aquí?, ¿quen desconfía do público?, ¿quen externaliza absolutamente todo? Ou tamén temos a Sociedade de Recursos de Galicia, esa xemelga da sociedade Impulsa, que xestiona privadamente pola porta de atrás —porque a Xunta a controla— todos os recursos naturais: o vento, a auga, as minas... Pero, ¿de que están a falar? A desconfianza do público, dos recursos naturais é da Xunta de Galicia. ¿Os resultados? 6.000 millóns de euros de investimento bloqueados, proxectos en riscos de caducar, inseguridade xurídica sen precedentes, desconfianza empresarial —están indo a outras comunidades autónomas porque aquí non é seguro investir—.

O Bloque trae hoxe unha moción pedindo ese respecto institucional ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que evidentemente compartimos. O PP debe deixar de atacar, presionar e poñer en dúbida o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Pero tamén temos que ter en conta



que non podemos tampouco admitir esa cortiña de fume que pretende o Goberno do PP, da Xunta, que leva anos gobernando fóra da legalidade ambiental europea e autorizando parques sen planificación actualizada. Tamén teño que facer unha aclaración ao Bloque— e aquí pido tamén coherencia, que para min é esencial—: realmente votaron o BNG e o PP xuntos no Congreso dos Deputados e non apoiaron o Real decreto lei 7/2025, que evitaba a caducidade masiva de proxectos renovables en Galicia; votaron en contra do consumo enerxético; votaron en contra do almacenamento enerxético, e de dar oxíxeno temporal aos parques eólicos suspendidos xudicialmente. A enerxía eólica é limpa e fai unha Galicia máis competitiva.

Por tanto, nós defendemos unha planificación seria, a nova zonificación, a ampliación da Rede Natura, a participación social e municipal, a empresa pública de enerxía. Non queremos sociedades opacas como Recursos de Galicia, controlando, xestionando pola porta de atrás os nosos recursos. Queremos, evidentemente, outra planificación, unha nova etapa no desenvolvemento eólico: participación, planificación e beneficio social no territorio. Queremos un pacto de país e tendemos a man en materia de enerxía e industria, en sintonía co Pacto verde Europeo; ese mesmo pacto en contra do cal —volvo recordar, e sempre o volvo dicir aquí neste hemiciclo— o PP de España votou coa extrema dereita en Bruxelas. Evidentemente, señor Trenor, supoño que serán o mesmo partido. Ao mellor, agora decláranse independentistas do Partido Popular de Galicia e non queren seguir as ordes de Feijóo; jempecen a demostralo!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda o Grupo Parlamentario Popular. Señor Trenor.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas, presidenta.

Moi boas tardes.

Señorías, teñen que estar un pouco máis relaxadas e non poden tampouco alporizarse por calquera cousa. (*Protestas.*) (*Murmurios.*) Teñen que ter un pouco de contención, máis que nada porque son moi previsibles, eh, son moi previsibles. Ás veces son como un resorte. Dise unha palabra e xa, ¡pum!, altéranse todos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

E, señor Bará, enquisa de Sondaxe: 39 deputados para o Partido Popular, maioría absoluta. A enquisa de Sondaxe creo que lles dá bastante menos a vostedes e, ademais, pois parece que fagocitando outro partido da esquerda. Se vostedes están contentos e felices, nós tamén, eh, dígollo en serio. (*Aplausos.*) Vostedes seguirán aí, e nós seguiremos coa maioría dos galegos, coa maioría. É máis, dígolle unha cousa: se o resultado é o que din as enquisas, eu invítolle a uns mojitos; teña completamente claro que podemos irnos por aí de festa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Pero dígolle outra cousa: non se poña tan estupendo comigo, non se enfade tanto comigo, e menos cando fale de acoso, señor Bará. Porque, miren, hoxe seguen vostedes formando parte



dun goberno dun acosador sexual; seguen vostedes apoiando un goberno de acosadores, un goberno de puteros e de corruptos, e seguen vostedes insultando e descualificando aqueles que estamos a pedir explicacións e que estamos a sinalar os cómplices do acoso. Vostedes, señoría —como ben se dixo pola mañá—, manteñen as estruturas de poder que ocultan, que revitimizan e que perseguen as vítimas, señoría. Polo tanto, non se poñan tan estupendos comigo e póñanse un pouco máis estupendos co señor Tomé e cos seus socios de goberno. *(Aplausos.)*

Mire, vostede afirmou na súa intervención que o Goberno da Xunta de Galicia e o Partido Popular de Galicia estaban a levar unha campaña organizada de presión, chantaxe e amedrentamento ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Hoxe falaban pola mañá de «estratexia espello», de que os deputados ás veces proxectaban sobre os outros deputados o que eles mesmos facían. Mire, se hai alguén aquí que acosou algún tribunal foi precisamente a súa organización. O meu partido xamais convocou manifestacións ou algaradas en contra de ningún tribunal, xamais chamamos a inflamar as rúas para protestar por decisións xudiciais e xamais acusamos os xuíces de fango e de defensores dos intereses nin da extrema dereita nin da extrema esquerda. Iso fixérono vostedes.

E, mire, non se pense que son frases feitas ou que non está sustentado, señoría. Lémbrolle a súa relación coas sentenzas xudiciais. *(O deputado Gonzalo Trenor López amosa un documento.)* A súa líder fala de togas que queren facer políticas. É que, ademais, encima, son expertos en dereito penal, porque xa vostedes falan do tipo de probas e de se hai ou non hai probas, cando nin sequera se coñecía a sentenza. Pero a vostedes dáballes absolutamente igual a sentenza, vostedes atacaban o tribunal simplemente porque non lles gustaba cal era o fallo. Pero non acaba aí, non acaba aí: *(O deputado Gonzalo Trenor López amosa sucesivos documentos.)* «O BNG tilda a decisión do Constitucional de “verdadeiro golpe brando xudicial”»; «O BNG búrtese da grotesca instrución sobre a trama rusa do *procés*: “É *lawfare* da peor especie”»; «O BNG súmase ao ataque aos xuíces, que cualifica de “ultras”»; O BNG, cos herdeiros do terrorismo do País Vasco, tilda de *lawfare* a actuación dun xuíz.

Señor Bará, esta é a relación de vostedes coa Xustiza, pero non é de agora; isto xa vén de atrás. Quero lembrarllles que cando xulgaron os terroristas que había en Galicia, eses que andaban a poñer bombas e que tan boa relación tiñan con vostedes... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdoe, señora Olalla, perdóeme, cando chamaron a testificar dous membros do Bloque Nacionalista Galego, o seu voceiro e o seu secretario, o que vostedes dixeron é que era —¿como dicían?— unha Xustiza non neutral, era unha estratexia do Partido Popular para acabar co nacionalismo. Iso foi o que vostedes dixeron cando foi o xuízo de Resistencia Galega, aqueles que eran o terrorismo que tiñamos en Galicia.

É alucinante, señorías, que sexan vostedes, co seu historial, os que nos digan que nós non respectamos a Xustiza. Pero lémbrolles que aquí quen cuestiona o traballo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia non é o Partido Popular; é o Supremo, con catro sentenzas, e é o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, con outra sentenza. E, mire —xa que sae vostede, e é tan gracioso sobre as manifestacións—, permítame que proporcione un par de datos para entender como son as manifestacións do Bloque Nacionalista Galego. Mire: *(O deputado Gonzalo Trenor López amosa un documento.)* «O Bloque e a CIG entran a tutelar a gran plataforma



contra Altri», noticia deste verán. Noticia de setembro: (*O deputado Gonzalo Trenor López amosa un documento.*) «A UPG chama a axitar as rúas». Claro, e despois, unindo unha noticia con outra, pois entendemos que é a plataforma a que axita as rúas, seguindo as instrucións da Unión do Povo Galego. Claro, por iso lle fan tanta gracia as manifestacións, porque considera que o resto somos similares a vostedes.

E mire, cos eólicos está a ocorrer algo exactamente parecido: algunhas persoas do partido do Bloque Nacionalista Galego que fixeron negocio cos eólicos (*O deputado Gonzalo Trenor López amosa un documento.*) agora forman parte das plataformas. Esas plataformas impulsan unha ofensiva xudicial financiada por concellos e por deputacións onde están vostedes, e un despacho de avogados fundado por cargos do BNG (*O deputado Gonzalo Trenor López amosa un documento.*) é o que elabora e cobra os recursos cos que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia paraliza o sector eólico. Noventa proxectos industriais paralizados grazas ao traballo coordinado de plataformas, da financiación de administracións do Bloque Nacionalista Galego e dos recursos elaborados polo despacho de avogados dun deputado do Bloque Nacionalista Galego, señorías. Esa é a realidade do sector eólico en Galicia: cartos para algúns e noventa proxectos paralizados.

Pero, señorías, miren, máis alá do enriquecemento da xente do Bloque Nacionalista Galego, a parálise do sector eólico ten unhas consecuencias moi graves para Galicia. Por un lado, unhas consecuencias gravísimas na loita contra o cambio climático, porque, señorías, sen renovables, non podemos avanzar cara á descarbonización e a neutralidade climática. Lembren, señorías, que, de terse posto en funcionamento os parques eólicos suspendidos, estaríamos deixando de emitir á atmosfera 2,5 millóns de toneladas de CO₂ ao ano. Hoxe en Galicia, grazas ao traballo da Xunta de Galicia, lideramos a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro en España: menos 62 por cento; pero poderíamos reducilos noutros dez puntos se non fose polo traballo dese despacho e dos señores do Bloque Nacionalista Galego.

Pero eu quero recordar que o Bloque Nacionalista Galego non está en contra só do eólico; é que está en contra absolutamente de todas as enerxías renovables: da eólica terrestre, da eólica mariña, do biogás, das centrais hidroeléctricas, tamén das novas centrais de bombeo que se están a plantexar. Señores do Bloque Nacionalista Galego, están vostedes en contra de todas as enerxías renovables, e isto ten tamén unhas consecuencias moi graves no desenvolvemento do noso país, porque está a facernos perder grandes investimentos e moitos postos de traballo. Está en xogo moito emprego, moitos investimentos e moito futuro de Galicia. Estanse a deixar de crear 2.750 empregos e máis de 6.300 millóns de investimento. E, ademais, son moitos os proxectos que dependen desa enerxía renovable. Esta semana coñecemos dous proxectos que xiraban en torno ao hidróxeno verde que non poden levarse a cabo porque non teñen enerxía renovable suficiente. Iso é...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Trenor.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: ...o que busca a UPG.

Señorías, eu non vou opinar sobre a sentenza da sección terceira, pero lémbrolles que eu non cuestiono o señor Villares; o que o cuestiona é o Supremo, con catro sentenzas, e o Tri-



bunal de Xustiza da Unión Europea. Eu non falo dos autos que fai Luís Villares, pero algúns si que sabemos perfectamente quen é o deputado Luís Villares. Debatenos con el, da mesma forma que debato con vostede, da mesma forma. Por iso, lembro perfectamente como era o señor Luís Villares. E miren se era sectario, miren se era sectario, que o botaron os seus compañeiros para o Grupo Mixto. Miren se era...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señor Trenor. Ten que ir rematando, por favor.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: ...sectario, que pasou de líder da oposición ao Grupo Mixto.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Peche para o autor da moción, o señor Bará.

XOSÉ LUÍS BARÁ TORRES: Señor Trenor, o que é alucinante é o nivel de barbaridades que ten que saír vostede dicir aquí cando non ten ningún argumento, iso si que é alucinante. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E, claro, agora o problema é o señor Villares. ¿É o señor Villares o que asina todos os autos e todas as sentenzas? ¡A maior parte non os asina el!, hai sete maxistrados nesa sala. Que pasa, ¿que son todos do BNG ou están todos ás ordes do señor Villares? Acepten a realidade: que fixeron as cousas mal, *(Aplausos.)* e por iso o Tribunal Superior de Xustiza lles está paralizano os proxectos —por certo, dous deles avalados polo Tribunal Supremo—. Esa é a realidade, señor Trenor.

E mire unha cousa: o BNG tivo unha actuación absolutamente clara, firme e contundente na Deputación de Lugo. Nós nunca imos amparar, nunca imos ocultar e nunca imos aplaudir un presunto culpable de agresión sexual, como fixeron vostedes, empezando polo presidente da Xunta; nunca faremos iso. Polo tanto, non somos todos iguais. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E, mire, se quere, explícolle —xa o fixemos moitas veces— cal é o modelo enerxético de renovables que defende o BNG. Por exemplo, é un modelo de participación pública, como fixemos cando estivemos gobernando Galiza. E sabe que ese concurso do Bipartito, ese concurso do BNG, foi a causa principal dunha campaña infame de ataques de acoso e derribo a ese goberno, e concretamente ao conselleiro de Industria, que tivo que pagar unha peaxe de oito anos de persecucións por iso. Esa é a diferenza que hai. En segundo lugar: o interese público, a declaración do evento como ben público. En terceiro lugar, unha tarifa eléctrica galega para que nos beneficiamos de ser excedentarios na produción de enerxía. En cuarto lugar, unha empresa pública de enerxía, ou, ¿que pasa aquí? ¿Que Statkraft, que é unha empresa pública norueguesa, pode construír parques eólicos en Galiza, e Galiza non pode ter unha empresa pública como Statkraft *(Aplausos.)* que constrúa parques eólicos para beneficiarse da súa riqueza enerxética? ¿De que estamos a falar?



Mire, (*O deputado Xosé Luís Bará Torres amosa un documento.*) esta é a realidade do mapa eléctrico estatal, de cales son as zonas produtoras e cales son as zonas consumidoras. Esta é a realidade do espolio, da depredación, do espolio colonial que sufrimos en materia enerxética; por iso a xente se rebela contra isto. É que, ¿sabe canta enerxía renovable produce Madrid? O 1,7 por cento do seu consumo. Entón, claro, iso é absolutamente... E, claro, Madrid resulta que está promovendo máis da metade dos centros de datos, que son agora a nova panacea da desenvolvemento industrial. E, ¿quen lle paga a Madrid a enerxía...?, ¿quen lle pon alí a enerxía máis barata? As zonas que somos excedentarias na produción eléctrica renovable, como Galiza. ¡Esa é a realidade da discriminación que estamos a sufrir! Polo tanto, señor Trenor, isto non se chama, como din vostedes, «transición xusta»; isto chámase depredación, chámase espolio e chámase roubo dos nosos recursos e da nosa riqueza. Así de claro. E a diferenza é que vostedes e nós temos proxectos e modelos antitéticos: O PP dedícase a promover o espolio; o BNG dedícase a defender os intereses de Galiza. E iso é o que non lles gusta a vostedes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, sobre o rigor da avaliación do impacto mediambiental e socioeconómico na tramitación dos plans industriais estratéxicos (PIE) promovidos polo Goberno galego

O PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Hoxe volvemos traer ao Parlamento unha cuestión que xa non só preocupa á oposición, senón que tamén preocupa aos sectores industriais, aos concellos, ás asociacións ecoloxistas, ao mundo académico de expertos e expertas e, sobre todo, á cidadanía galega, que falou alto e claro este domingo e volveu dicir: ¡Altri, non!, ¡Altri, non! (*Aplausos.*)

E a pregunta é moi sinxela: ¿que está pasando coa política industrial de Galicia e cos proxectos industriais estratéxicos da Xunta de Galicia, os denominados PIE? E vou pedir, por favor, que deixemos un pouquiño a demagogia fóra. ¿Por que? Porque sempre fan o mesmo: bota balóns fóra, culpabilizan o Goberno de España —todo é culpa de Pedro Sánchez— e repiten o mantra do veto e a lenda urbana de confrontación permanente; ese victimismo que sempre fai a bancada do Partido Popular. Hoxe falamos de competencias que son exclusivas da Xunta de Galicia —artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia—; a política industrial é unha competencia exclusiva do Goberno galego.

Temos un fracaso; non temos un selo propio de política industrial galega, porque todos os PIE, absolutamente todos os PIE declarados polo Consello da Xunta están parados, todos en *stand by*. E os feitos son que, se ides á páxina web onde están publicados os proxectos in-



dustriais estratéxicos, en todos se indica: «fase de alegacións». Non hai ningún en tramitación avanzada, non hai informes públicos de seguimento e a web oficial nin sequera está actualizada. Vostedes son un ás, claro, coa propaganda e co anuncio: anuncian PIE pero non executan os PIE. Son un goberno instalado no márketing industrial, pero non na política industrial real.

E logo temos o papel que querían que xogase a sociedade Impulsa, sociedade híbrida de colaboración público-privada que se constituíu alá polo 2021 e que tiña por obxecto pois realmente promover proxectos tractores industriais en Galicia. ¿Que ocorreu? Ocorreu que este verán, en agosto, con nocturnidade e aleivosía, ás agachadas, disolveron a sociedade Impulsa, sen un só proxecto tractor industrial feito e sen explicarlle á cidadanía porque desaparecía a entidade chamada a dar soporte aos PIE en Galicia. E agora teñen a irmá xemelga, esa sociedade Recursos de Galicia, que xestiona de maneira privada os recursos naturais — o vento, a auga e as minas — e que non ten ningún tipo de resultados que saibamos ata o de agora. Iso si, vai comprar por 700 millóns de euros parques eólicos a Acciona. ¿Onde está a comercializadora pública que ía ter unha boa tarifa eléctrica para os galegos? ¡Non! Recursos de Galicia anuncia a compra de activos de parques eólicos, que poden ser pasivos, á multinacional Acciona. Ese é o Goberno que temos do Partido Popular: rescatan as multinacionais pero non as persoas. E, claro, evidentemente, externalizan — como digo — a xestión dos recursos naturais.

E despois, unido á industria — á parte, sempre o di tamén o Partido Popular —, está o binomio enerxía-industria, que sempre o di o voceiro do Partido Popular na Comisión 6ª. Si, claro, a industria precisa enerxía limpa, estable e con seguridade xurídica. Pero, ¿que temos en Galicia hoxe? Caos eólico: noventa parques eólicos que dependen da Xunta de Galicia suspendidos por motivos medioambientais polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; un plan eólico de 1997 e un novo plan que, como moito — xa dixen —, veremos no 2028; a ampliación da Rede Natura metida no caixón, e tamén 14 cambios normativos da Lei do sector eólico, o cal implica improvisación, caos e empezar a facer a casa polo tellado en vez de empezar a facer a casa polos cimentos. O resultado: inseguridade total e parálise absoluta, por responsabilidade exclusiva do Goberno do Partido Popular.

Mentres Galicia se paraliza, o Goberno de España impulsa a industria verde, a industria sostible; e temos exemplos e datos. Imos aos datos, á rigorosidade: o proxecto de hidróxeno verde nas zonas de transición xusta, 30 millóns de euros aportados polo Goberno de España; a fábrica de bioenerxía de Lugo, 27,5 millóns de euros do Goberno de España; as repotenciacións eólicas voluntarias aquí en Galicia, 57,7 millóns de euros; o val de hidróxeno verde no Porto da Coruña, 170 millóns de euros; axudas por almacenamento enerxético, máis de 100 millóns de euros aquí en Galicia do Goberno de España; a fábrica pública de IA, promovida tamén no Cesga, 24 millóns de euros. E vou tamén adiantarme o que se dirá sobre a nova planificación eléctrica: para estes proxectos estratéxicos de industria sostible, si haberá conexión eléctrica.

E, despois, temos o proxecto estrela do señor Rueda, ese proxecto abandeirado, que é o proxecto Altri, o espello de todo o que estea a facer mal o PP en política industrial: opacidade, improvisación, risco económico de indemnizacións millonarias e desprezo absoluto polo



medio ambiente. Altri foi o proxecto político de Rueda, púxolle a alfombra vermella, asinou pactos secretos a través da sociedade Impulsa dos que non sabemos nada —hoxe seguimos esperando, creo que levamos nove peticións—, prometeron o que non podían cumprir. Cando todo cae, buscan culpables fóra.

E o pacto secreto segue aí. Hai un documento asinado polo presidente de Impulsa, sociedade disolta en agosto, que firmou —era o conselleiro de Economía e Industria o presidente da sociedade Impulsa— cos promotores de Altri. A cidadanía galega descoñece o seu contido, e eu pregúntome: nese contido do pacto secreto, ¿recollíase blindar por lei unha indemnización millonaria con cartos públicos a Altri se a Xunta non autorizaba o proxecto? (*Aplausos.*) Dígame, a ver se me poden dar a min esa resposta. As sospeitas téñoas todas, porque me soa moito este caso á organización criminal que se está investigando de tráfico de influencias do señor Montoro, ese ministro de Facenda de M. Rajoy; esa maneira de traballar, sóame ese *modus operandi*.

Altri é ambientalmente e economicamente inviable. Non cumpre o principio de dano non significativo ao medio ambiente; non cumpre a taxonomía verde; ten un consumo masivo de auga, e sostén un modelo forestal baseado na eucalipto, despois da peor vaga de lumes. Sen PERTE e sen axuda singular de 200 millóns de euros é inviable economicamente e inviable tamén medioambientalmente e socialmente.

E, despois, están moi doentes tamén na bancada do PP no Goberno galego. ¿Por que? Porque foi o Goberno de España o que deu a estocada final ao proxecto de Altri, e nós, as socialistas de Galicia, temos esa capacidade de influencia —influencia da boa; non desa de Montoro e de blindar multinacionais— para que isto sucedese. Porque dixeron «non» ao PERTE de descarbonización, «non» á axuda de 250 millóns de euros e «non» á subestación eléctrica para enchufar Altri. Volvo repetilo: Galicia non se desenchufa; o que se desenchufa é Altri. E na nova planificación vaise reforzar a rede eléctrica e vanse enchufar todos os proxectos industriais sostíbles que eu citei, porque están en consonancia con esa política industrial de innovación, esa política industrial sostíble: o hidróxeno verde, o almacenamento enerxético ou a enerxía en Lugo. A Galicia vaille ben co Partido Socialista.

E remato xa con esta primeira intervención. É importante dicir que a pataca quente está no tellado do Goberno galego, está no tellado do señor Rueda. Ten que dicir se vai autorizar ou se vai denegar Altri, pero algo ten que dicir, porque a competencia exclusiva é da Xunta de Galicia. Está pendente a autorización ambiental integrada; anunciárona no verán e seguimos esperando. E hai algo moi grave, que é que blindaron por lei na Lei de medidas de 2024 un traxe á medida para Altri. ¿Que di o artigo 85? Se non se autorizan os PIE —neste caso, Altri é un PIE— no prazo dun ano desde que a empresa aporte a documentación, a Xunta de Galicia deberá indemnizar con cartos públicos a promotora. Altri presentou a información pública a documentación logo das eleccións autonómicas e, por tanto, o proxecto, o 4 de marzo de 2024, 4 de marzo de 2024. O ano xa pasou

O PRESIDENTE: Remate por favor.

PATRICIA IGLESIAS REY: Conclúo señor presidente.



Galicia non merece todos os PIE paralizados pola incompetencia industrial do Goberno galego, non merece o caos eólico, a opacidade, os pactos ocultos, a propaganda sen execución e os proxectos inviables como Altri, que poden custar millóns de euros de cartos públicos de indemnización facendo unha lei á medida para Altri. De novo, prefiren rescatar as multinacionais que as persoas.

Galicia merece certezas, planificación, transparencia e industria real sostible. Hoxe as que ten o PP, evidentemente, non teñen un selo galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Ruanova Vilas-Boas

E noraboa, tamén.

BRAIS RUANOVA VILAS-BOAS: Moitas grazas, presidente.

Hai quen nesta Cámara vai de demócrata pola vida, limitando a democracia ao mero feito de irmos votar cada catro anos. Mais quen si que realmente defendemos a democracia sabemos que realmente esta se exerce diariamente en cada centro de saúde, en cada centro de ensino, en cada conversa e tamén en cada praza. Porque a democracia non comeza nin remata un domingo de eleccións nin cando diga o Partido Popular. A democracia é algo que existe as 24 horas do día, os 365 días do ano. Por iso, é bastante lamentable escoitar o presidente Rueda cualificar quen se mobilizou este domingo contra o macroproxecto de Altri coma «os de sempre».

Os de sempre, señorías do Partido Popular, son quen se mobilizaban contra o noso idioma; os de sempre son quen, non hai moito, se manifestaban contra o matrimonio igualitario e contra o aborto; os de sempre son quen se revolven para que ninguén poida desenterrar dunha cuneta os restos do seu pai; os de sempre, señorías do Partido Popular, son os que o outro día se manifestaban contra una ditadura imaxinaria mentres portaban bandeiras dunha ditadura real; (*Aplausos.*) os de sempre, señorías, son os que levan dezasete anos indo contra os dereitos colectivos deste país.

O vivido este pasado domingo en Compostela, señorías, foi pobo. Foi outra mostra de dignidade colectiva, dun pobo farto dun Partido Popular que legisla á medida duns intereses que cada vez están máis afastados dos intereses propios para este país. Isto vén moito a conto, porque esta moción que trae aquí o Partido Socialista, alén de falar dos proxectos industriais estratéxicos e da súa utilización perversa, pon no centro do debate ese megaproxecto de implantación de Altri no corazón deste país. O BNG levamos expresando o noso rotundo e inquebrantable rexeitamento ao proxecto de Altri en Palas de Rei e, sobre todo, á forma na que o Partido Popular está a converter a lexislación galega nunha ferramenta ao servizo das grandes corporacións, ao mesmo tempo que lle nega á cidadanía novamente, a través da Lei de acompañamento, o dereito á verdade, á participación e á defensa do seu territorio.



O que temos hoxe en xogo aquí non é un proxecto industrial máis; o que temos hoxe aquí en xogo é un modelo de país: o modelo do Partido Popular, baseado en mentiras, en opacidade e en leis feitas á carta. A comezar, polas mentiras de 2021. Vendéronos un centro de fibras téxtiles, unha biofábrica que ía revolucionar a industria con 200.000 toneladas de *lyocell*, pero a realidade, que só se coñeceu dúas semanas despois das eleccións galegas de 2024, foi bastante distinta. Altri non veu a Galicia construír unha fábrica téxtil; veu construír unha macrocelulosa nunha superficie equivalente a 600 campos de fútbol de solo rural recualificado ad hoc para este proxecto. E non só iso; tampouco contaron a verdade sobre eses supostos 2.500 empregos directos que ía xerar esta empresa. Acabaron quedando en 500 directos e 2.000 indirectos, que son unha estimación ao chou sen base real. De feito, o propio informe do Consello da Cultura Galega, no seu apartado do impacto socioeconómico do proxecto de Altri, fala de que, cos datos que facilitou a propia empresa, só se poderían constituír 281 empregos reais. É dicir, mentiras e fume do Partido Popular.

A segunda parte son as leis feitas á carta, porque é certo que o problema non é só Altri; o problema é que o Partido Popular, sabendo que ía chegar este proxecto, reformou a lei antes de que a empresa presentase a súa solicitude. No 2022, introduce un artigo 78 *bis*, que permite declarar como estratéxico calquera proxecto que non cumpra os requisitos orixinais, bastando con que a Xunta de Galiza o estime xustificado. É dicir, a elección a dedo da Xunta, do Consello da Xunta, substitúe os criterios obxectivos para a declaración dos PIE. E, no 2024, novamente coa Lei de acompañamento, crean os artigos 85 e 86. Se a Xunta non aproba o proxecto nun ano, a empresa pode demandala e a Xunta ten que indemnizala. Non estamos ante política pública, señorías; estamos ante un contrato de garantías para as multinacionais.

E a pregunta que nos facemos dende o BNG, que tamén se fai o conxunto da cidadanía, é: ¿canto pensa pagarlle o Goberno galego a Altri agora que xa non é unha prioridade segundo as palabras do propio presidente Rueda? ¿Cantos cartos das galegas e dos galegos pensan pagarlle a Altri cando este proxecto non saia adiante? Porque isto non é axilidade administrativa; isto é subordinación do interese público ao privado. (*Aplausos*.) É exactamente o que fixo o Partido Popular: mudou a lei para que Altri puidese pasar por riba do planeamento, do medio ambiente e da propia democracia do territorio.

En último lugar destas tres patas do Partido Popular está a opacidade, porque non se pode esquecer a outra parte deste conto, a sociedade Impulsa. A pesar de que no medio do verán —en agosto—, cando a xente e os medios estaban moi atentos á actualidade política, decidiron facer unha sorte de borrado de probas disolvendo unha sociedade que non cumpriu ningún dos obxectivos para os que supostamente foi creada. Decidiron borrarla e igual pensaban que o Bloque Nacionalista Galego ía esquecerse de preguntar que acordos secretos tiña esta empresa con Altri.

No 2021, Altri, a Xunta e Abanca asinan un memorando de entendemento a través de Impulsa, e ese acordo hoxe en día aínda segue sendo oculto. Sabemos que nese memorando se condicionaba a declaración definitiva do proxecto á verificación de certas condicións. E o que queremos saber —o que merecemos e temos dereito a saber o conxunto da cidadanía— é que condicións eran esas, quen as fixo e se foron cumpridas. Queremos ver ese informe



técnico do «concurso internacional» —como di o Partido Popular— ao que se someteu Altri. Se houbo un concurso internacional, ¿por que só coñecemos o proxecto dunha empresa? ¿Por que non o fan público? Este silencio, señorías, viola o dereito de acceso á información pública e a transparencia xa non só das deputadas desta Cámara, senón do conxunto da cidadanía. Non podemos permitir que a política industrial deste país se asente sobre acordos secretos negociados ás costas da cidadanía.

En definitiva, e vou rematando xa, presidente... Bueno, adianto ao Partido Socialista que votaremos a favor desta moción; coincidimos nos puntos. É certo que non critica o modelo industrial do Partido Popular, senón algúns dos seus efectos, mais avanzamos que votaremos positivamente esta moción.

Agora si, remato, presidente. Fronte ao modelo do Partido Popular —como digo, das mentiras, do escurantismo, das leis feitas á carta—, o BNG ten outro modelo, no que a industria non se impón desde arriba e no que non se vende Galiza a cambio de promesas de emprego que nunca dan chegado. Porque si, queremos unha industria ligada ao noso territorio e ao tecido produtivo, que valorice os recursos naturais sen esgotalos, que apoie tamén o pequeno e o mediano empresario e que invista en I+D+i feita en Galiza e para Galiza. Queremos economía circular real e non un eufemismo para encubrir unha nova macrocelulosa ao estilo de Ence. En definitiva, señorías, non queremos industria a calquera prezo; queremos industria con sentido, con raíces e con futuro. Ese futuro non pasa nin por Altri nin por leis feitas á medida das grandes empresas; pasa por un novo modelo que o BNG estamos dispostos a construír.

Moito obrigado. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Do Grupo Parlamentario Popular, o señor Lorenzo Gómez.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Moitas grazas, presidente.

Señor Ruanova, temos un novo membro para o equipo de maquillaxe do BNG. (*O deputado Rubén Lorenzo Gómez sinala a bancada da oposición.*) Señor Golpe, xa ten vostede axuda para maquillar esa imaxe, con ese gran discurso —que lle queda moi ben— a favor da reindustrialización e das oportunidades.

Por certo, parabéns, señor Ruanova, e benvido de novo ao Parlamento.

Debatemos hoxe unha moción que, máis alá da súa redacción confusa, pretende, por parte de quen a redactou e presentou, sementar dúbidas sobre a seriedade e o rigor co que este Parlamento e a Xunta de Galicia tramitan os proxectos industriais estratéxicos. Nada novo, señorías. O que si é novo é que utilicen esta moción de parapeto para evitar dar a cara e para poñer aos pés dos cabalos a portavoz de Industria —e número 1 pola provincia da Coruña— onte, nunha comparecencia, señora Iglesias, que ninguén no seu grupo quería facer. Hoxe, máis que nunca, cobra sentido esa frase de «*menudo papelón*». (*Aplausos.*)



Eu teño que transmitir hoxe neste Pleno con firmeza que non podemos permitir que se manipule a realidade nin que se falte á verdade, nin moito menos que se utilice como arma política un asunto tan decisivo para o futuro económico e social de Galicia. Como comprenderán, estes non son os mellores vimbios para acadar un consenso, señora Iglesias. Unha de dúas: ou xa están botados ao monte e desbotan calquera tipo de posibilidade de chegar a acordos ou pode ser que vostedes xa estean instalados na comodidade e só queiran aceptar os acordos que teñen cos nacionalistas. Eu enténdoo, ¿eh? Dubido que atopen vasalos tan fieis, porque, pase o que pase, aí están, comungando con rodas de muíño, todo con tal de non perder os sillóns nas administracións nas que cogoñernan. Poden estar ben contentos cos seus socios.

Imos con esa moción parapeto, señora Iglesias. En primeiro lugar, hai que deixar claro que os PIE non son un atallo nin unha relaxación de requisitos; son un instrumento para axilizar a tramitación administrativa —si—, pero sempre baixo o cumprimento estrito da normativa ambiental, patrimonial, de transparencia e de participación pública. A axilidade non significa a ausencia de control; axilidade significa eficiencia, seguridade xurídica e confianza para quen aposta por investir e crear emprego na nosa terra. Os grupos da oposición afirman unha e outra vez que todos os proxectos industriais estratéxicos están paralizados, e eu dígolles: ¡iso é rotundamente falso! Aí están os exemplos de Stolt Sea Farm en Rianxo, que xa está en construción —eu non teño a foto para ensinalle como tivemos a oportunidade de ensinalle ás veces á señora Rodil—, ou tamén a planta vexetal de Xeal, tamén en marcha —de feito, o vindeiro día 14, en Dumbría, colocarase a primeira pedra desa planta—. Eu pregunto: ¿onde está esa parálise?

Pero claro, os proxectos avanza, pero nós non temos —nin os galegos— nada que agradecerlles aos grupos da oposición, señorías, porque vostedes prefiren traballar cada día ben duro para espantar todo aquel empresario que pretenda investir no noso territorio. Lamentablemente, nalgún caso xa o están a conseguir. Nós xa sabemos da alerxia que amosan os socialistas á verdade e a súa relación íntima coa mentira ultimamente; pero, señora Iglesias, non pode vir a este Parlamento a dicir que todo está parado cando a realidade amosa o contrario. Esa afirmación non é un erro; é unha manipulación consciente que vostede fai dos feitos. Está moi feo mentir en sede parlamentaria, señoría.

En segundo lugar, piden que a Xunta dite de forma inmediata unha resolución denegatoria do proxecto de Altri en Palas de Rei. Só lle faltou hoxe traer a camiseta, señora Iglesias, de «Altri non», porque xa... —hoxe díxoo como catro ou cinco veces e comentou aquí ese berro que se escoita por aí por uns cantos—. ¿Sabe o que significa o que está pedindo? Significa que se nos exige pola súa parte substituír a avaliación técnica e administrativa por un xuízo político paralelo. Significa que nos piden prevaricar, e iso — xa llelo dixen e reitérollelo— este grupo parlamentario non o vai facer, señora Iglesias. (*Aplausos.*) Mire, os proxectos trámitanse con criterios obxectivos, con informes técnicos, con normativa ambiental e sectorial. Non se deciden en función de titulares de prensa nin de intereses partidistas, nin por moitas mobilizacións que vostedes promovan unha e outra vez.

Señor Ruanova, claro que a democracia tamén é poder manifestarse, pero a democracia non é só poder manifestarse, e vostedes creo que están moi equivocados cando pensan que iso é



así. Eu dígolles: ¿para cando a mobilización contra os escándalos do Goberno sanchista? ¿Para cando unha mobilización contra os feitos deleznables que estamos coñecendo día a día? ¿Para cando!? Estámolos esperando. Fíxese ata que punto, señorías, chega a súa fixación por acabar co proxecto de Altri e esa competición particular que teñen por colgar a medalla que ata foron capaces de sacrificar o futuro na seguinte década de toda unha provincia, desconectándoa da planificación enerxética ¡E o peor é que veñen aquí e gábanse diso! Miren, señorías, non sei o que lles queda aos dous deputados socialistas nesta Cámara pola provincia de Lugo, pero, dende logo, cando se vaian, iran sen que a provincia de Lugo teña absolutamente nada que agradecerlles, señorías. (*Aplausos.*) Máis ben o contrario, diría eu. Afortunadamente, temos o Goberno da Xunta, que xa tomou medidas para reclamar o que nos corresponde nesa planificación eléctrica; e chegaremos ata o final para que se nos dea o que nos corresponde.

Pero, señorías, pouco podemos esperar xa deste neosocialismo sanchista, dun Goberno salpicado por tantos escándalos que xa perdemos o fío, á vista da avalancha de informacións que, xa non día a día, senón cada hora, nos están abordando, para bochorno dos que si cremos no estado de dereito, na separación de poderes e no respecto e a lealdade ás nosas institucións. E tratarán de dicirnos que todo isto é a máquina do fango...

E tan responsables desta descomposición da nosa democracia son os socialistas como os que os apoian. Tragan e pretenden facer tragar a todo un país toda esa podredume. ¿E saben o máis triste? O máis triste é que o seu único argumento é que tragan con todo con tal de que non governe a dereita, de que non decida a xente quen quere que os governe, á vista do que estamos a ver día a día. É canto menos curioso que os mesmos que avogan por darlle máis lexitimidade a unha parte da cidadanía —fronte ás leis, aos técnicos e ás normativas— son aqueles que se negan a darlle a palabra ao pobo e que sexa o pobo o que manifeste se de verdade lle «renta» ou non lle «renta» un Goberno que está agonizando e acabará por facer agonizar o noso país. Polo que levamos comprobado nestes anos de goberno sanchista, señorías, a Galicia non lle renta o sanchismo en absoluto; e, insisto, coa bendición do Partido Socialista de Galicia e coa bendición do BNG.

En terceiro lugar, piden derrogar os artigos 85 e 86 do texto refundido en materia de política industrial, e fano ademais cunha redacción errónea, señora Iglesias —acaba de facelo o señor Ruanova tamén—. Volven mentir e volven facelo por escrito, e onte volveuno facer na súa comparecencia —pantalla, como lles dicía antes—. Diga a verdade, señora letrada. Eses artigos non obrigan a autorizar proxectos nun ano —e acabao de dicir tamén o señor Ruanova—; o que establece é que o procedemento debe resolverse nun ano, sexa para autorizar, para denegar ou para arquivar. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A min non me fai graza, porque a que mentiu aquí foi vostede, e estouno demostrando. ¡Lea o artigo! Teñen un ano para autorizar, denegar ou arquivar e, se hai unha demora imputable á Administración, recoñéceselle unha responsabilidade patrimonial.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: É exactamente o mesmo que se está a facer en Europa, señora Iglesias.



Conclúo, presidente. Para que un proxecto industrial poida ser declarado estratéxico debe acreditar unha repercusión económica e social cualificada. O que facemos é garantir que Galicia poida traer proxectos de envergadura que xeren emprego estable, que impulsen a competitividade e que reforcen a nosa autonomía estratéxica. Pero a súa incoherencia, señorías, fala por si soa. Non se pode defender a xente nos discursos e votar en contra dos seus beneficios nas leis; e moito menos pedir unha e outra vez neste Parlamento que se coarten os dereitos das empresas que están interesadas en implantarse no noso territorio. Como non se pode...,

O PRESIDENTE: Grazas.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: ...señorías,...

O PRESIDENTE: Grazas.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: ...fachendear de ultrafeminista e tratar de tapar a boca dunha muller cando decide denunciar un presunto acosador sexual, teña o cargo que...

O PRESIDENTE: Grazas.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: ...teña.

Xa remato, presidente.

O PRESIDENTE: Remate, por favor, si. Mire o reloxo.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Estes días resoábame moito na cabeza, señora Iglesias, esa expresión que tantas veces lles escoitei a vostedes, esa que di que vostedes están no lado correcto da historia.

O PRESIDENTE: Grazas.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Eu preguntolle: ¿segue afirmando o mesmo?

O PRESIDENTE: Grazas.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: ¿Segue convencida...

O PRESIDENTE: Grazas.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: ...de que está vostede no lado...

O PRESIDENTE: Señor Lorenzo.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: ...correcto da historia?



O PRESIDENTE: Señor Lorenzo, grazas.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: E, o que é mellor...,

O PRESIDENTE: Señor Lorenzo, grazas.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: ...¿mañá vai poder seguir dicindo que están no lado correcto...

O PRESIDENTE: Mire o reloxo, por favor.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: ...da historia?

O PRESIDENTE: Mire o reloxo.

RUBÉN LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Polo grupo autor da moción, a señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Señor Lorenzo, mire, voullo dicir de maneira moi clariña: na rolda de prensa que fixen onte subscribo hoxe aquí neste hemicycle cada unha das palabras que dixer; como muller, como feminista e como socialista. (*Aplausos.*) A min leccións de feminismo nunca mas vai dar vos-tede. ¡Nunca! (*Aplausos.*) E sempre o que digo: tolerancia cero cos casos de machismo e de acoso. Porque non estamos libres nin o PP, nin o BNG, nin o PSOE do machismo e do acoso, porque é estrutural, é un reflexo da sociedade patriarcal e machista na que vivimos.

E voulle dicir algo máis. Sempre apelo realmente a esa condición de letrada, porque me dá noxo realmente que fale de feminismo, cando sabe que o seu presidente, o señor Rueda —a min non me gusta o «e ti máis», pero é a realidade—, tivo o conselleiro sentado no Consello da Xunta cinco meses por unha denuncia penal por agresión sexual, e ese mesmo día fil-trouse o nome da vítima. Protección absoluta; denuncia sempre.

Voulle dicir outra cousa. O artigo 191 do Código penal di que, en casos de acoso sexual, se non media denuncia ou consentimento expreso da vítima, non se pode activar o mecanismo de protección. En outubro non había denuncia, señor Lorenzo. ¡Non había denuncia! E tamén interpelo o BNG e o PP para que aproben canles internas coas mesmas garantías de anonimato —que non teñen nin o BNG nin o PP— (*Murmurios.*) e confidencialidade que ten o Partido Socialista.

E continúo. Despois da súa intervención, queda claro que non respondeu a nada esencial e tirou balóns fóra. E mire que lle dixer que non fixese hipérbole e demagogia; pero gústalle, é a súa intervención sempre como deputado. A pregunta que lle dixer: ¿que contén o pacto secreto con Altri e a Sociedade Impulsa? Dígollo eu. ¿Está o compromiso de «facen un Monitoro» e blindar por lei unha indemnización millonaria a Altri? ¿Si, señor Lorenzo? ¿Si? ¡Aclárenos! «A culpa é do Goberno de España». Falso. É a súa Lei de política industrial, que modificaron pola porta de atrás coa Lei de medidas no 2024 para blindar a Altri. Se no prazo



dun ano non se dita resolución, autorización, denegación ou arquivo, poden entrar en xogo as indemnizacións millonarias. A competencia exclusiva é da Xunta de Galicia; hai que ditar un acto administrativo, señor Lorenzo. O que está facendo a Xunta de Galicia é gañar tempo, pero o reloxo —que é o 4 e marzo de 2024 cando se achegou toda a documentación por Altri— xa xoga na súa contra. Blindar e facer un Montoro para blindar Altri, iso é o que fixo o Partido Popular. Iso é o que fai o Partido Popular, rescatar multinacionais en vez de rescatar a maioría social do país.

E están tamén doentes porque, realmente, o «non» ¿por que veu? (*Murmurios.*) ¿Das pancartas? Non, vén do Goberno de España; os tres «nons»: non ao PERTE de descarbonización, non á axuda singular de 250 millóns de euros e non á subestación eléctrica. E o Partido Socialista de Galicia, con esa influencia da boa, pensou por e para Galicia, porque non queremos macrocelulosas de Altri no corazón de Galicia. E o PP, señor Lorenzo, non defende Galicia; o PP, opacidade e falta de transparencia. Curiosamente na páxina web onde están publicados todos os proxectos industriais estratéxicos, ¿está o proxecto de Altri? ¿Sabe o que di? «Documento no encontrado». Borraron todo o proxecto de Altri.

¿Que defende o Partido Socialista? Defendemos industria sostible, hidróxeno verde, innovación, IA pública, transición enerxética ordenada... Industria sostible. E, por favor —e dígoa aquí desde este hemiciclo e seguiremos insistindo o Partido Socialista—, que Rueda dea a cara, que dite o acto administrativo; que denegue, que autorice ou que archive, pero que faga algo, porque a competencia é exclusiva da Xunta de Galicia. Que non bote balóns fóra, que governe, que é o presidente da Xunta de Galicia.

Altri non é un caso illado, é a proba do que o PP non ten un modelo industrial con selo propio para Galicia. (*Aplausos.*) E fixéronlle unha lei á medida, un Montoro para blindar unha indemnización millonaria a Altri, que pode chegar dun mínimo do un por cento do proxecto ata medio millón de euros, coa posibilidade de que, se acredita máis danos e prexuízos, teñamos que pagar millóns de euros todos os galegos. Igual que a suspensión do concurso eólico de Feijóo, sóame moito; sempre cambian as caras, pero a política nunca. Por tanto, non hai un modelo, só queda isto: parálise, improvisación, risco económico, indemnizacións millonarias e fuxida cara a adiante. ¡Dean a cara, por favor! ¡Dean a cara! (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Votación das mocións

O PRESIDENTE: Ben, entón agora xa procedemos ás votacións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Óscar Ínsua.

Non se presentaron emendas.

Votamos.



Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Óscar Insua Lema, sobre os obxectivos do Goberno galego no que concirne á actualización da normativa en relación coa Administración local e co modelo de financiamento dos concellos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Bará Torres, sobre a valoración e declaracións que está a facer o Goberno galego verbo da resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relacionadas co sector eólico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Iglesias.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. Socialista, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey, sobre o rigor da avaliación do impacto medioambiental e socioeconómico na tramitación dos plans industriais estratéxicos (PIE) promovidos polo Goberno galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.



Continuamos co punto terceiro da orde do día, as proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que inicie neste ano 2024 os trámites para adxudicar a construción do segundo tramo da autovía da Costa da Morte

O PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Iglesias Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que:

- 1. Axilice os trámites administrativos necesarios para rematar a autovía da Costa da Morte, tal e como se licitara o proxecto en xullo de 2007 no Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño.*
- 2. Libere as peaxes da A-G55 no treito de Carballo – A Coruña, ou aplicar as mesmas bonificacións que aplica o Goberno de España na AP-9 e na AP-53.»)*

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Hoxe vimos a este pleno para falar do que é probablemente un dos maiores símbolos da incoherencia e do abandono político da Xunta de Galicia cara a dúas comarcas enteiras: a comarca de Bergantiños e a comarca da Costa da Morte. Un territorio que leva vinte anos esperando o que lle foi prometido reiteradamente por varios gobernos do PP: o remate da autovía da Costa da Morte, que leva décadas soportando peaxes inxustas, discriminatorias e cada vez máis caras, a AG-55 e o tramo de Carballo-A Coruña. Señorías do PP, hoxe imos falar de promesas incumpridas, de sobrecustos millonarios, de recortes no proxecto inicial e de como, mentres reclaman cunha man a transferencia da AP-9 —que nós apoiamos e votamos favorablemente aquí—, manteñen coa outra as peaxes abusivas ás galegas e aos galegos dunha autovía que é da súa competencia. Que é a Xunta e podería, por tanto, aplicar mañá mesmo a gratuidade ou a bonificación que aplica o Goberno do Estado para a AP-9 e para a AP-53, do 75 por cento para os pasaxeiros recorrentes. Por tanto, entendemos que van apoiar a nosa proposición de lei. Iso é o que vimos denunciar con toda claridade hoxe aquí: a falta de coherencia, a falta de congruencia e o agravio comparativo que seguen sufrindo miles de traballadores, familias e estudantes de Bergantiños e da Costa da Morte.



Imos facer un pouquiño de historia, porque é coñecida, sobre todo por todos os veciños das bisbarras, pero convén repetila. Porque algúns pretenden que a xente o esqueza e é importante tamén facer un pouquiño de memoria. A autovía da Costa da Morte foi prometida por Manuel Fraga tras o *Prestige* hai máis de vinte anos, como unha infraestrutura imprescindible para o reequilibrio territorial dun dos territorios máis illados de Galicia. En 2007, con Emilio Pérez Touriño, licitouse a obra da autovía enteira por 584 millóns de euros. En 2009, chega o PP —ese Feijóo magnífico— e, en lugar de garantir a continuidade, rescinde o contrato, e aquí comeza a auténtica deriva con esta infraestrutura básica. ¿Cal foi o resultado? ¿Cal é a fotografía actual? Pois temos que dos 42 quilómetros proxectados e licitados polo Goberno de Emilio Pérez Touriño só executaron 27 quilómetros. Porque a Xunta —xa con Feijóo— perdooulle á empresa adxudicataria os últimos 15 quilómetros, incluídos precisamente os que conectan con Berdoias. Un recorte do 35 por cento do trazado da autovía da Costa da Morte, pero aforrando só un 17 por cento do custo previsto. É curioso, sempre beneficia os mesmos o Goberno do PP. Isto non é rigor; isto chámase mala xestión, isto é falta de vontade política e isto é converter a Costa da Morte e Bergantiños en comarcas de segunda.

Todo isto sería grave de seu, pero o máis escandaloso é o que pasou despois: oito anos, dúas lexislaturas enteiras do PP, sen construír nin un só metro novo da autovía. Os últimos 27 quilómetros abríronse en 2016. Dende entón: anuncios, propaganda, proxectos redactados, partidas ridículas que inclúan todos os anos dos orzamentos, pero que logo non se executaban... E, mentres tanto, miles de traballadores, de estudantes... teñen que usar cada día a AG-55 entre Carballo e A Coruña pagando peaxes cada vez máis caras, que, ademais, subiron no 2025.

Mentres... Hai que facer a comparativa, porque é bo facela, ao final podemos politicamente facer esa comparativa. E digo tamén que a Galicia séntalle ben o Goberno progresista de Pedro Sánchez. Porque, mentres isto o fai a Xunta, cunha autovía de titularidade da Xunta de Galicia, ¿que fixo o Goberno de España? Vén de aprobar onte mesmo o bono único transporte nacional, cunha tarifa plana de 60 euros ao mes para trens e autobuses estatais. Por tanto, podemos ver esa comparativa, polas infraestruturas e pola mobilidade sostible dun Goberno galego do PP e dun Goberno progresista no Estado central.

Eu preguntolles aos deputados do PP: ¿como poden vir aquí tamén falar da AP-9 e da súa transferencia, cando nas autoestradas que xestionan vostedes non aplican nin a gratuidade nin tampouco aplican as bonificacións que aplica o Goberno de España para a AP-9 e a AP-53? En Galicia, nas autoestradas da Xunta, ¿que aplica? Nada, cero. Peaxes cheas e subidas cada ano. Isto chámase discriminación territorial.

Por tanto, o que pedimos é algo moi sinxelo nesta proposición —que entendo que vai apoiar o Partido Popular—: é coherencia, é congruencia e é igualdade de dereitos para os galegos e as galegas. Se o PP reclama a transferencia da AP-9 e sacar as peaxes, que dean exemplo sacando esas peaxes do tramo da autovía da Costa da Morte, de Carballo á Coruña. O que non pode ser é pedir por riba, negar por abaixo, queixarse ao Estado e cobrar peaxes abusivas na súa propia autoestrada. Porque niso vésele as patas como a un mentiroso, con esa incoherencia do Partido Popular. Non se pode ter un discurso en Madrid e o discurso contrario en Galicia. Iso non é gobernar; iso é enganar as galegas e os galegos.



Ao mesmo tempo, deben cumprir dunha vez por todas coa Costa da Morte e rematar a autovía ata o final, como o proxecto orixinario que licitou o Goberno socialista de Emilio Pérez Touriño. (*Aplausos.*)

E remato con esta primeira intervención. A Costa da Morte non pide privilexios. Non pedimos nada de privilexios. Pide algo básico: ser tratada con respecto, con xustiza e con igualdade. Non pode ser unha comarca que leve vinte anos esperando unha infraestrutura básica de comunicación prometida e oito anos sen un metro novo construído. Non pode ser que miles de persoas que cada día se despracen a traballar ou a estudar á Coruña teñan que pagar peaxes discriminatorias, porque a Xunta podería bonificar ou incluso iniciar o camiño cara á gratuidade nesas peaxes no tramo de Carballo á Coruña. Por iso dígolle con claridade: rematen a autovía da Costa da Morte, ese anuncio que se fixo... Non sei cantos anuncios leva xa a conselleira de Infraestruturas e Vivenda. Compareceu creo que ata en tres ocasións neste pleno. Ese novo tramo de 5,5 quilómetros entre Vimianzo ata Santa Irene por 36 millóns de euros —curiosamente houbo un incremento importante nese tramo de 5,5 quilómetros—. Pero que remate, non nos quedemos con eses 5,5 quilómetros. Rematen a autovía como o proxecto orixinario de Emilio Pérez Touriño; eliminen ou bonifiquen as peaxes no tramo de Carballo á Coruña; e dean por fin a esta comarca o trato digno que leva vinte anos reclamando.

Moitas gazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: Grazas, presidente.

Os que se fan ricos son os da concesionaria da autovía Carballo-A Coruña, coa complicidade do Partido Popular na Xunta, mantendo as peaxes nunha autovía que está máis que amortizada. (*Aplausos.*) Debe ser a terceira ou cuarta vez que escoito aquí a xente falar de deputados que se fan ricos cando están as declaracións de bens e do patrimonio aí publicadas. Pero bueno, eu penso que o que aspire a ser rico pode ter dúas vías —hai máis—: unha, traballar, traballar ben, aforrar e, sobre todo, non ter vicios caros, claro; a segunda, que é a vía indigna, pois dedicarse a enganar os cidadáns, como fixo tamén algún deputado vendendo preferentes e subordinadas cando traballaba na banca privada do Banco Pastor. Eses, si, seguramente que se fixeron ricos.

En fin, volvendo falar aquí, novamente, da non-autovía da miña comarca —a Costa da Morte—, da AG-55. E hai que falar da non-autovía porque o Partido Popular decidiu, de forma unilateral, roubarlle esta promesa feita por eles mesmos á Costa da Morte.

Promesas roubadas. Isto non é unha longametraxe; isto é unha serie. A mocidade deste país de cara ao futuro debe saber e ter moi claro cales e como son as políticas do Partido Popular cando son responsables dunha catástrofe. Para saír do paso prometen investimentos e moitos cartos para comprar vontades e calar as protestas, claro. Pero logo pasan os anos e as promesas póñense nun caixón. Pasou co *Prestige* e, por iso, despois de vinte anos seguimos



coas promesas do propio Partido Popular incumpridas. E pasará tamén coa catástrofe dos incendios en Ourense. O tempo pon e quita razóns. Pero a xente ten que saber como as gasta o Partido Popular. Unha estratexia que lles funciona ben, claro, porque a telePP pois a verdade é que fai moi ben o seu traballo *goebbiliano*. Pero a realidade é a que é: o PP promete e logo incumpre, e o mellor exemplo é esta non-autovía.

O BNG vai apoiar esta proposición, porque estamos de acordo co fondo, aínda que algo menos na forma, porque tiveron máis dun ano e medio para presentar unha iniciativa actualizada. A realidade cambiou moito dende o ano pasado e non se resolve logo cunha emenda de onte. Por desgraza imos seguir sen autovía grazas ao Partido Popular, pero foi o BNG o que logrou desbloquear un proxecto que —como dixeran— levaba metido no caixón dende o ano 2019, na Axencia de Infraestruturas, e que coas nosas iniciativas fomos quen de presionalos ante a opinión pública da comarca para que por fin comezásemos a ver algo de claridade no final deste túnel. O BNG presentou varias iniciativas —unhas cantas dende que se rexistrou esta proposición que hoxe debatemos— e, de feito, a última iniciativa sobre a autovía foi unha pregunta na Comisión 2ª á nova directora da axencia, a señora María Deza, que serviu precisamente para forzar o Consello da Xunta a que axilizase este pseudoproxecto e aprobase xusto o día anterior —o 11 de novembro deste mesmo ano— o acordo polo que se aprobaba o trámite xa definitivo de información pública e o informe das administracións afectadas. E xa actualizaban tamén o prezo en 36 millóns de euros. Por certo, antes custaba 28 e agora 36, e isto foi pola nefasta xestión do Partido Popular, porque no 2019 eran 28 millóns de euros e agora 36, e agora son 8 millóns máis que custa por culpa da deixadez do Partido Popular.

Un acordo —xa digo— que tardou demasiado, porque ese anuncio do 23 de xuño polo que se sometía a trámite de información pública deste primeiro proxecto tiña un prazo de 30 días hábiles, pero tardou cinco meses en resolverse este trámite. Lembro que na Comisión de hai un mes a directora, a señora Deza, dixo que ía licitarse este mesmo ano. Eu non sei, vostedes mesmo tiñan unha partida nos orzamentos —8 millóns de euros—, mais o proxecto custa 36 —xa vos dixeran—. Supoño que o licitarán como expediente anticipado de gasto, pero, polo de pronto, quedan 15 días e segue sen licitarse. Teñen aínda algún tempinho para cumprir un pouco a súa palabra. Porque se algo temos claro na Costa da Morte é que a vostedes a comarca impórtalles moi pouco. Teño dito e repetirei que os da Costa da Morte somos os últimos de Filipinas para o Partido Popular; os últimos para facer investimentos, os últimos tamén para eliminar peaxes. Porque a de Carballo e da Coruña —xa o dixeran antes— o PP non a quixo rescatar. ¿Por que? Pois porque é un negocio redondo para a empresa. É dicir, unha autovía que está máis que amortizada, e aínda por riba non se lle fan obras de conservación necesarias.

E, claro, o PP de alí, da miña comarca, cala, traga e axuda a blindar esta afronta que seguimos sufrindo na comarca. Proba disto é que non existe neste Parlamento nin unha soa iniciativa do Partido Popular da Costa da Morte para impulsar nada sobre o remate da autovía, nin a primeira. Ese é o interese que realmente mostran. Son deputados da Costa da Morte para as eleccións, pero logo xa se poñan a chaqueta da misa para a procesión dos caladiños.

E xa digo, seremos os últimos se é que é verdade que van rescatala, porque igual non a rescatan. Porque, polo de pronto, a Xunta rescatou a do Salnés, a do Barbanza, a de Ourense, a



de Celanova e a de Santiago-Brión, con 300 millóns de euros. Claro, pero a de Carballo-A Coruña segue serrando os petos de todos os veciños e veciñas da Costa da Morte, e grazas a esa colaboración inestimable do Goberno do PP na Xunta de Galiza. Esta é a realidade —a triste realidade—: que non tiveron a ben destinar uns cartiños para o vindeiro ano para poder rescatala.

Estamos ante unha auténtica afronta contra os veciños e as veciñas da Costa da Morte, que seguen sufrindo a discriminación do Partido Popular desde que goberna na Xunta de Galiza, desde o ano 2009 —e desde antes tamén, porque se Fraga tivera feito a autovía, pois igual non tiñan que prometela, claro—. Para nós a verdade é que é unha infraestrutura fundamental para a comarca: para o desenvolvemento económico da mesma, para apuntalar o noso futuro... Unha comarca que vai esmorecendo —xa o sabedes, téñoos aquí dito moitas veces—, que perde poboación ano tras ano, que perde servizos públicos e, en gran parte, por culpa das políticas do Partido Popular. Si, si, porque por un lado aproba a Lei de impulso demográfico e, por outro, fai papel mollado dela. Unha infraestrutura que para nós é fundamental para o transporte e, sobre todo, para as comunicacións de toda a comarca e, sobre todo, tamén para mellorar a seguridade das persoas e dos vehículos. Porque non sei se vostedes saben a estatística dos accidentes que temos precisamente na A-552. Non sei se o saben, porque están publicados, pero están sempre por riba da media no que se refire ao número de vítimas falecidas.

Levan prometendo, mentindo e enganando ano tras ano a toda a Costa da Morte; incluíndo os concelleiros do Partido Popular, que cada vez lles custa máis sacar unha foto cos cargos da Xunta de Galiza, porque os que teñen que aguantar *el chaparrón* son eles, non son os cargos. Os cargos van alí sacar fotos, sobre todo cando hai mariscada e iso, pero despois os que teñen que dar a cara son eles.

Queda moito traballo por facer para conseguir unha verdadeira autovía, o traballo non se pode tampouco xustificar cunha iniciativa. É dicir, hai que arremangarse e saír á rúa, como fixo o BNG coa campaña que fixemos pola dignidade da Costa da Morte, para defender un transporte público e unhas boas infraestruturas e comunicacións. Como fixo o BNG tamén coa andaina reivindicativa o ano pasado, que incluso fomos chovendo. (*Pro-núncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Como fai e leva facendo o BNG durante todo o ano, e os veciños e veciñas da Costa da Morte sábeno. E é así porque, por desgraza, o Partido Popular pois non entende outro idioma. Precisa que nos mobilicemos para avanzar, é a lingua que entenden, porque, se non, miran para outro lado e os cartos mándanos para outras cousas que consideran máis importantes —como a pasteira de Altri, por exemplo—.

Por desgraza non queda outra, porque os investimentos da Xunta do PP na comarca en infraestruturas son inexistentes: rebacheos, lonchas de asfalto cando as estradas están intransitables, repintan cada cinco anos... Pode intuír que se debe a este desleixo. Supoño que será porque sacan moi pouquiños votos nas eleccións municipais. Sen embargo, nós pagamos os mesmos impostos que o resto, entón non sei esa teima que teñen vostedes con nós. É dicir, ¿como non vai emigrar a xente para Suíza e para Alemaña? Vimianzo perdeu 2.500 habitantes nos últimos dez anos, eh, que se di moi pronto...:



O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ÓSCAR INSUA LEMA: ...de 8.500 a 6.000. Remato, presidente. É dicir, ¿como non van ir se cada vez temos menos servizos públicos por culpa deste Goberno do Partido Popular? (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Recapaciten, señorías, traballen por cumprir as súas propias promesas, (*O presidente pide silencio.*) porque hai que rematar a autovía ata Cee. Autovía con catro carrís, e non cun corredor que non foi o que se prometeu. E eliminar as peaxes da autovía, canto antes. Está nas súas mans, porque poden aforrar os cartos dos intereses que pagarían da débeda pública se aceptasen a condonación, por exemplo, que conseguiu o BNG en Madrid cun só deputado. Hai que cumprir máis e prometer menos.

O PRESIDENTE: Grazas. Moi ben.

ÓSCAR INSUA LEMA: Moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Rodríguez Martínez.

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Boa tarde a todos.

Quero, en primeiro, lugar agradecer ao grupo propoñente a súa autoemenda, porque no Grupo Popular gustamos de analizar todas as iniciativas que se rexistran neste Parlamento —sexan máis ou menos razoables—. Pero, claro, na súa redacción orixinaria resultábanos terriblemente complicado: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar os trámites necesarios para adxudicar a construción do segundo tramo da autovía da Costa da Morte que conecta Baio con Vimianzo e Berdoias ao longo do presente ano 2024.» (*Murmurios.*) Claro, home, isto pónnolo un pouco difícil.

Miren, señorías da oposición, os galegos confían en nós e fano ininterrompidamente dende hai dezaseis anos. E fano —entre estas cousas— porque nós nin prometemos cousas imposibles nin facemos o contrario daquilo ao que nos comprometemos. Non lles prometemos a gratuidade da AP-9 para que logo, ano tras ano, paguen máis ca nunca pola autoestrada máis cara de España e de Europa. (*Murmurios.*) E no 2026 volverá ser igual: un 5 por cento de suba a partir do 1 de xaneiro. Non lles prometemos asaltar os ceos para logo asaltar unicamente as institucións; ou porque non lles prometemos tolerancia cero contra a corrupción ou contra o acoso ás mulleres para logo ser o Goberno e o partido máis corrupto e máis acosador das mulleres da historia da democracia. (*Aplausos.*) E todo co apoio inquebrantable do Bloque Nacionalista Galego, o Bloque Negacionista Galego, que din a todo que non menos á corrupción e ao acoso do Partido Socialista, que a estas horas segue a gobernar co seu apoio nun cento de concellos e tamén na Deputación de Lugo, señorías. ¡Xa está ben de golpes no peito! ¡Xa está ben de tanto falso acto de contrición! ¡Xa está ben de tanto manifesto! ¡Xa está ben de tanta rolda de prensa baleira! ¡Actúen e plántenlles cara aos estertores deste *tardosanchismo* que só trae corrupción e acoso ás mulleres! ¡Tan valentes para denunciar voceiros da oposición na Coruña e tan covardes para denunciar os acosadores socialistas! (*Aplausos.*) ¡Xa está ben!

Ben, como nós non enganamos os galegos, tampouco os imos enganar a vostedes, señorías. É totalmente imposible que a Xunta poida licitar o segundo tramo da autovía da Costa da



Morte antes de que remate o 2024. Velaí o certificado do seu interese nesta infraestrutura: un ano e medio sen rexistrar unha soa iniciativa, cando menos para actualizar o calendario.

Señorías, avanzar no artellamento do territorio para acadar unha Galicia cada vez máis comunicada e sustentable é un obxectivo irrenunciable do Goberno galego. E nese obxectivo enmárcanse os investimentos para continuar incorporando progresivamente novos quilómetros de vías de altas prestacións ao tempo que se garante o mantemento da rede de estradas autonómicas existentes. O Goberno galego está comprometido coa prolongación da autovía da Costa da Morte, paso a paso, coa planificación axeitada e a dotación orzamentaria precisa e vaino demostrar con dous avances inminentes. O primeiro, porque nas próximas semanas está prevista a licitación da obra deste treito entre Santa Irene, en Vimianzo, e a estrada AC-432, que conta cun orzamento de 36 millóns de euros. O obxectivo desta prolongación é darlle continuidade ao tramo da Autovía da Costa da Morte entre Carballo e Baio, en servizo dende o ano 2016, con case 28 quilómetros libres de peaxe.

E veñen vostedes aquí falar do Bipartito. ¿Saben cantos quilómetros da AG-55 fixo o Bipartito, señorías? Cero. Por certo, quero aproveitar para felicitalos por ese vinte aniversario do Bipartito, sobre todo pola congruencia na celebración. ¡Que mellor homenaxe ao que foi o Bipartito que celebrar o aniversario por separado, señorías! Por separado, como pasaba nos consellos da Xunta e como pasaba nas mesas de contratación. (*Aplausos.*) ¡Parabéns, e a por outros vinte anos na oposición, señorías!

E o segundo avance é porque a Xunta ten o firme compromiso tamén de avanzar na planificación desta infraestrutura licitando no primeiro trimestre de 2026 o contrato de redacción do proxecto de construción do seguinte treito que vai dende a AC-432 ata Berdoias, para completar os 16 quilómetros de nova vía entre Baio e Berdoias. Polo tanto, estamos a darlle continuidade a esta infraestrutura, en servizo dende o ano 2016, con 28 quilómetros de peaxe xa gratuítos. Executarase este novo treito como corredor desdoblable no futuro e contará con carrís de adiantamento en practicamente toda a súa lonxitude. Resulta proporcionada á demanda real e conforme coas Directrices de ordenación do territorio, e garante a accesibilidade ao parque empresarial de Vimianzo mediante a estrada AC-552 na súa conexión co enlace de Santa Irene.

Vostedes, ademais, na súa remudada iniciativa engaden a liberalización da AG-55 do pago de peaxes. E, claro, parece que o esquecen. Hai que lembrarlles que esta autovía ten dúas partes. Unha, como xa dixen, en servizo desde o ano 2016, con case 28 quilómetros libres de peaxe, e outra, certo, de pago, pero coas tarifas máis baixas de España. Vostedes, en Galicia, a autoestrada máis cara de Europa; nós as peaxes máis baratas de España. Claro, vir aquí e ter que escoitar falar... Eu pensei que se confundiron de iniciativa, porque empezaron a falar de peaxes inxustas e cada vez máis caras e é lóxico pensar que estaban a falar da AP-9.

Pero é que logo, aínda por riba chegou aquí o señor Insua... Nós encantados de ter este debate, señor Insua, pero, claro, que vostede diga que esta é unha autovía «totalmente amortizada»..., que foi como dixo. Non, mire, amortizados ten vostede os eólicos, iso si que o ten vostede ben amortizado. (*Aplausos.*) ¡A súa asesoría, con cartos de todos, no ámbito dos eólicos! Iso si que o ten vostede ben amortizado, señoría, non teña dúbida.



Miren, eu o que quero saber é se vostedes xa se aclararon, se xa teñen as ideas claras sobre isto dos rescates. Pregunto porque hai un ano nestas mesmas datas vostedes, ao tempo que reclamaban o rescate da AG-55, criticaban o rescate doutras catro autovías autonómicas en réxime de peaxe en sombra, o que xerou o aforro de 330 millóns aos galegos e ás galegas, que permiten dispoñer de 30 millóns adicionais. Xa os tivemos no 2025 e ímolos volver ter no ano 2026. Polo tanto, a ver, explíquenmo, porque a cousa está complexa. Daquela, ¿son vostedes amigos ou non das concesionarias? Porque están en contra dese rescate por darlles cartos ás concesionarias, pero ao tempo piden o rescate da AG-59, que, por certo, ten a mesma concesionaria da AP-9, onde vostedes tamén están en contra pero tragan coa prórroga de Sánchez. Entón, ¿están a favor ou en contra? ¿De quen son vostedes amigos? Vóulledo dicir eu moi fácil. Con vostedes hai unha proba do algodón que nunca falla: vostedes sempre a favor de Sánchez e sempre en contra de Galicia, señorías. (*Aplausos.*) Esa é a proba do algodón que non falla.

E, mentres estamos aquí falando, Sánchez a rescatar autoestradas por España adiante: a AP-1, a AP-2, a AP-4, AP-7, AP-6, a AP-51, a AP-61 e, a última delas, a AP-68 hai apenas dúas semanas; mentres o Goberno nega a Galicia a transferencia acordada unanimemente por este Parlamento. ¡Claro! ¿Por que? Porque aquí goberna o Partido Popular, non goberna o Partido Socialista apoiado polos socio preferente do goberno, o socio preferido de P. Sánchez, Bildu. Iso é o que está a pasar. E non é certo que só se rescaten autovías que estean preto de rematar a concesión. Velaí están a R-4, R-2, R-3, R-5, M-12, AP-41, AP-36, AP-7... rescatadas por máis de mil millóns, segundo o propio Ministerio. Pero a Galicia e á AP-9 díselles «non».

E temos que escoitar aquí a señora Iglesias vir falar de discriminación; por suposto, toda, pero ¿de quen? Do seu goberno co apoio do Bloque Nacionalista Galego, esa é a discriminación que padecemos os galegos. ¿Por que? —Remato xa—. Porque, con Sánchez, entre os costaleiros da irmandade da súa perpetua descomposición, entre os cales está o Bloque Nacionalista Galego, nin hai nin haberá vontade e nin hai nin haberá cartos, que si existen para calquera cesión que permita que a inevitable agonía política e xudicial de P. Sánchez teña lugar ata o último alento no seu sillón da Moncloa. Mais deberían ter moi presente que, como di o refraneiro, «máis vale dor a tempo que agonía eterna», señorías.

O PRESIDENTE: Grazas. Remate.

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Remato.

Dedicarémonos a seguir traballando para unha mellor conectividade do noso territorio e na procura dunha maior cohesión social e económica que permita que esa porcentaxe do 80 por cento da poboación galega que se atopa a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións siga medrando.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, señora Iglesias.



PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas. Grazas, presidente.

Xa llo dixen a un compañeiro do PP, señor Rodríguez: hai distintas alturas na política. Su-
poño que saberá onde se sitúa vostede, arriba ou abaixo. Déixolle a resposta para vostede.

Principios: feminismo, coherencia e elegancia. Díciame o meu pai: «Nena, xamais baixes a
cabeza, porque, se a baixas, poden cortarcha». Evidentemente, hoxe voume permitir o luxo,
despois de catro intervencións no día de hoxe, de non gastar saliva para contestarlle as bar-
baridades que dixo vostede.

Imos ao básico, a autovía da Costa da Morte, como dicía, é un dos símbolos da incoherencia
e do abandono político destas bisbarras, da Costa da Morte e de Bergantiños. Eu pregúntome:
¿ao mellor algo ten que ver que realmente a maior parte dos concellos da Costa da Morte
son roxos socialistas? Pois ao mellor é por iso, porque non rematan a autovía da Costa da
Morte, nesa política de repartición que fan de infraestruturas para concellos e amigos se-
gundo sexan do PP. Estou segura de que ao mellor ten algo que ver. Ese anuncio que facían
de 5,5 quilómetros. Anuncio, porque xa rematou o período de información pública e dixo a
conselleira e tamén a directora que se ía licitar o tramo de 5,5 quilómetros entre Vimianzo
e Santa Irene por 36 millóns de euros neste 2025. Xa estamos no 16 de decembro e, aquí, li-
citación na Plataforma de contratos, non hai. Pero, bueno, é a política propia de propaganda
e anuncios, que é do que vive o Partido Popular.

É curioso —xa falei diso tamén—, hai un vídeo de Youtube de Feijóo no 2016 cando anunciou
o tramo dos 25 quilómetros, do 30 de xuño de 2016 —no que estaba tamén a alcaldesa de
Camariñas, que segue sendo a alcaldesa de Camariñas, Sandra Insua, do PSOE— onde anun-
ciaba este tramo de 5,5 quilómetros. Xullo de 2016. ¡Non pasaron anos nin nada deses anun-
cios! A ver, que eu desconfío de que se convertan en realidade, a ver se no 2026 o podemos
ver. A Costa da Morte leva vinte anos agardando pola súa autovía e oito anos en que vostedes
construísen un só metro. É iso é responsabilidade exclusiva da Xunta de Galicia.

Segundo. Vostedes seguiron sen responder á pregunta clave: ¿por que non aplican na AG-
55, que é titularidade da Xunta, a gratuidade ou as mesmas bonificacións que aplica o Estado
na AP-9 e na AP-53? Ese setenta e cinco por cento de bonificacións para os pasaxeiros re-
correntes ¿Por que? ¿Por que a Xunta non o fai? ¿Por que non queren? ¿Por que lles dá igual
o sablazo económico de miles de traballadores e de estudantes no tramo de Carballo á Coruña
que seguen soportando esas peaxes? Iso é o que a cidadanía ve: predican en Madrid pero
non practican en Galicia. E dicir iso con claridade non é unha crítica política. A súa xestión
da autovía da Costa da Morte foi un absoluto fracaso: rescisión de contrato, sobrecustos,
proxectos recortados, compromisos incumpridos e promesas repetidas ano tras ano ata con-
verterse en rutina. E, ¿agora que? Outro anuncio e outra partida simbólica, outro proxecto
durmindo no caixón. Comecen e liciten xa dunha vez ese tramo de 5,5 quilómetros e rematen
a autovía da Costa da Morte.

Remato xa. O que lle pedimos hoxe á Xunta é o mínimo democrático exixible ao Goberno: é
coherencia e compromiso real coa Costa da Morte, coa comarca de Bergantiños e igualdade
de trato para a cidadanía. Rematen a autovía, eliminen as peaxes ou bonifiquen cun 75 por



cento as peaxes no tramo de Carballo á Coruña e deixen de tratar estas bisbarras como un territorio de segunda.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, iniciativa da deputada Lara Méndez López e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para darlle impulso ao Museo da Romanización de Galicia de Lugo

O PRESIDENTE: Presentouse unha autoemenda do Grupo Socialista e tamén hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada Lara Méndez López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte autoemenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Cumprir o seu compromiso con Lugo e, no marco das súas competencias no coidado e salvagarda do patrimonio, executar, da man do Concello e do Goberno estatal, a rehabilitación do Cuartel de San Fernando como Museo da Romanización.*
- Ampliar a partida orzamentaria para iniciar as obras de recuperación do edificio, á vez que estableza unha previsión financeira para os anos seguintes.*
- Que nesta unidade de acción coas outras administracións, estudar fórmulas de xestión compartida deste museo.»)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Montserrat Valcárcel Armesto, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:



1. Asumir de maneira efectiva e inmediata as súas competencias exclusivas en materia de patrimonio cultural e arqueolóxico no relativo ao proxecto do Museo da Romanización de Lugo, deixando de condicionar o seu desenvolvemento a vaivéns partidarios ou a acordos con outras administracións que non exoneran a responsabilidade autonómica principal.

2. Aprobar nos orzamentos da Comunidade Autónoma unha programación plurianual específica, para o período 2026-2029, que garanta a totalidade do financiamento preciso para a rehabilitación do Cuartel de San Fernando como Museo da Romanización, diferenciando claramente as partidas destinadas a obra, musealización e posta en funcionamento, e evitando a súa utilización para outros fins.

3. Constituír, no prazo máximo de tres meses desde a aprobación desta iniciativa, unha comisión de seguimento do proxecto, integrada por representantes da Xunta de Galicia, do Concello de Lugo, da Deputación Provincial de Lugo, da Universidade de Santiago de Compostela (campus de Lugo) e de entidades sociais e profesionais vinculadas ao patrimonio lucense, coa finalidade de:

a) Elaborar e aprobar o plan director do museo e o calendario de execución das obras.

b) Establecer un modelo de xestión que recoñeza expresamente o papel do campus de Lugo e de equipamentos existentes, como o Museo Universitario A Domus do Mitreo, na investigación, conservación e divulgación do patrimonio romano.

c) Garantir transparencia, información pública periódica e participación social no desenvolvemento do proxecto.

4. Evitar o desvío de fondos consignados ao Museo da Romanización a outros programas ou finalidades alleas, dando conta anual ao Parlamento de Galicia do grao de execución orzamentaria e material das actuacións vinculadas a este proxecto.»)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Elena Candia López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Concello de Lugo para que ambas administracións asuman expresamente o compromiso de cumprir o acordo alcanzado entre a alcaldesa Lara Méndez e o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, polo que o Concello adquiere a responsabilidade de xestionar, perante o Goberno Central, a consecución de fondos europeos necesaria para darlle impulso ao Museo da Romanización de Galicia en Lugo e a Xunta de Galicia comprométese a completar o financiamento do proxecto nos termos pactados.



2. *Dirixirse ao Concello de Lugo para que, a igual que fixo a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, inclúan nos seus orzamentos unha partida destinada ao inicio das obras de recuperación do edificio do antigo cuartel de San Fernando, así como que establezan conxuntamente un plan ou ruta financeira plurianual que garanta a viabilidade do proxecto ata a súa finalización.*

3. *Estudar, no marco desta acción coordinada entre administracións, fórmulas de xestión compartida do futuro Museo da Romanización, aproveitando de forma especial a experiencia, capacidade técnica e solvencia da rede museística da Deputación Provincial, co obxectivo de garantir un funcionamento eficiente, profesional e de calidade que fortaleza a proxección cultural da cidade.»)*

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Imos facer un pouco de cronoloxía; un paso polo tempo para poder contextualizar de que estamos a falar. No ano 1997 hai un acordo plenario onde o Concello adquire uns terreos para despois cedelos ao Ministerio de Defensa, naquel momento, coa intención de converter o Cuartel de San Fernando nun equipamento cultural. Hai un convenio posterior, no ano 2003, co propio Ministerio e o Concello para poñer despois á disposición ese edificio da Consellería. No ano 2008 asinouse un protocolo entre a Consellería de Política Territorial, naquel momento a Consellería de Cultura, Vivenda e Solo e o Instituto Galego de Vivenda e Solo xunto co Concello de Lugo para facer tres actuacións: auditorio, Museo da Romanización e vivendas protexidas. Aquí só está finalizado o propio museo, non sen un longo periplo, que, á parte, nos dará moitos capítulos posteriores pola mala execución desas obras, sen o control debido da Xunta de Galicia. O das vivendas protexidas tamén daría para outro capítulo á parte, porque en dezasete anos de Goberno do Partido Popular, continuados nesta última fase, non hai ningunha destas vivendas construídas.

Seguimos. No ano 2008 realízanse catas arqueolóxicas no contexto xa da rehabilitación do inmovible, que foron iniciadas polo propio Servizo de Arqueoloxía do Concello de Lugo e ás que, ademais, despois se daba continuidade. No ano 2009, o C

uartel de San Fernando é declarado ben de Interese cultural. Está declarado como BIC por parte da Xunta de Galicia na categoría de monumento. No ano 2010 a Xunta de Galicia abre o concurso de ideas para o anteproxecto do Centro de Interpretación e Museo da Romanización de Galicia no Cuartel de San Fernando. Nese mesmo ano, 2010, o director xeral de Patrimonio naquel momento dedica un orzamento de máis de 200.000 euros, no 2010, para os protocolos de colaboración, estudo, probas e reforzos. No ano 2011 a Xunta anuncia un investimento de 10 millóns de euros na reforma de San Fernando, que comezaría ese mesmo ano. Isto no ano 2010, hai catorce anos disto.

No ano 2012 publícase no *DOG* o contrato para o proxecto básico, cun investimento que ascendía tamén a máis de douscentos mil euros, e no ano 2013 a Xunta paraliza o proxecto. No ano 2014, o alcalde naquel momento, o señor López Orozco, pídlle ao conselleiro de Cultura que asuma a titularidade do edificio. No ano 2015, eu mesma, xa como a alcaldesa naquel momento e co señor Feijóo como presidente da Xunta, pídlle que



reactive o proxecto do Museo da Romanización no Cuartel de San Fernando. No ano 2016, dedícase unha partida de máis de douscentos mil euros para unha conservación mínima e para o mantemento do edificio por risco a que se puidese ir deteriorando ese BIC que catalogara a Xunta de Galicia. Novamente, no ano 2017 reúnome co señor Feijóo para pedirlle, unha vez máis, que reactive ese proxecto ante a inacción da Xunta de Galicia. No ano 2019, ante esta inacción e ante a falta de compromiso por parte da Xunta de Galicia, créase a Plataforma polo Museo da Romanización, denominada «Muro», entre colectivos sociais e empresariais culturais da cidade. Este foi todo un movemento social que se xera para demandar o que é de xustiza e o que debería estar facendo a Xunta de Galicia.

No ano 2020, novamente, solicítolle ao presidente Feijóo que reactive o tema e aí abre a porta a estudar e a mirar posibilidades de colaboración. No ano 2023, ante a marcha do señor Feijóo e a inacción feita ata ese momento, solicítollo a quen asume a presidencia da Xunta, o señor Rueda, que se comprometeu a financiar ese museo —non na súa totalidade, certo é—. Xa empezaban a sacar balóns fóra despois de ter ese compromiso de que o ían facer. Ademais, xa no ano 2011 anunciaba ese investimento de dez millóns de euros: xa falaba de financiar unha porcentaxe, empezando a sacar balóns fóra.

Ese é o periplo e, por desgraza, un abandono máis que sofre a cidade de Lugo con respecto ao Goberno do PP da Xunta de Galicia. Estamos a falar dese edificio BIC e da súa rehabilitación para acadar ese Museo da Romanización, pero estamos a falar tamén de que hai máis de quince mil pezas catalogadas e, polo tanto, dependentes da Xunta de Galicia, dado que é a que ten as competencias en conservación do patrimonio e do propio patrimonio. Mais a realidade é que están depositadas en dependencias do Concello, da Xunta ou da Deputación, pero tamén en casas de arqueólogos particulares, que as teñen envoltas en si, por non ver esas pezas con ese gran valor histórico e cultural tiradas.

Polo tanto, a Xunta de Galicia non actuou, deixou este proxecto paralizado e fallou ao seu compromiso de que o ía realizar. Hai unha cuestión clara: é unha visión curtoplacista e hai falta de visión a futuro, esa mesma visión que tivo o señor Vázquez Portomeñe cando impulsou o Camiño de Santiago. Pois esa visión é a que debería ter o Partido Popular, que debería estar impulsando hoxe este Museo da Romanización, ubicado en Lugo, pero que é o museo da romanización de toda Galicia. Poderíanse crear rutas en torno a ese pasado romano que temos en toda Galicia, co epicentro en Lugo, por ser unha cidade tremendamente romana, con ese pasado e con esa riqueza. Podíase estar vertebrando por todo o territorio e ser así un referente. Houbo cambios de postura por parte da Xunta de Galicia: non só deixou de investir eses dez millóns de euros que anunciara no *DOG*, senón que ademais houbo un cambio de opinión.

Sendo o señor Balseiro delegado da Xunta, xa desvirtuou ese Museo da Romanización no Cuartel de San Fernando para empezar a falar dun parador. Incluso o propio conselleiro de Cultura, naquel momento o señor Román Rodríguez, dicía que que sentido tiña facer este Museo da Romanización cando había a cinco minutos un contedor cultural infrautilizado. Referíase ao Auditorio, que non estaba infrautilizado, estaba que non se podía abrir a porta porque tiña unhas deficiencias estruturais que aínda segue mantendo.



Recentemente, celebrouse en Lugo o 25 aniversario da Muralla. Nese acto —nesa gala— que se celebrou no Auditorio, houbo un clamor social, empezando polo propio arqueólogo municipal, que demandaba ese Museo da Romanización e ao que se lle foron sumando distintas voces, entre elas as dos alcaldes alí presentes. A señora Candia, hai pouco —o 6 deste mes—, anunciaba que se ían aportar outros (*Murmurios*.) quiñentos mil euros para este fin, pero os aportados o ano pasado, a través desa emenda transaccionada —en principio non lle poñían nada do orzamento e, por vergonza, acabaron poñendo quiñentos mil euros—, ¿para que foron? Foron para non executalos e para dedicarlle a metade dese orzamento ao bono Alugueiro. Agora dinos que van outros quiñentos mil euros. ¿Para que son? ¿Vanos executar? É unha partida irrisoria; é unha partida testemuñal; é unha partida para non poñerse colorado; e é unha partida para poder saír, publicamente, dicindo que hai un compromiso por parte da Xunta en aportar estes fondos. Pero a realidade élle ben distinta. Podemos poñerlle un exemplo, como o caso do Plan Paradai.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Sobre o Plan Paradai —perdón presidente, remato, si—, se facemos o cálculo dos quiñentos mil euros que foi poñendo, ano tras ano, a Xunta de Galicia nos orzamentos sen executar, só neste plan, débelle máis de dez millóns de euros á cidade de Lugo e tememos, e moito, que vaia pasar o mesmo co Cuartel de San Fernando.

Exixímoslle ao Partido Popular que lle dea resposta a un clamor social e a un proxecto que non só afectaría Lugo, senón toda Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos*.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Valcárcel.

MONTSERRAT VALCÁRCCEL ARMESTO: Señorías, falo hoxe como deputada do BNG por Lugo, pero tamén como quen foi vicerreitora do Campus de Lugo e tivo baixo a súa responsabilidade a Domus do Mitreo, un museo universitario que é xa unha peza central para entender a cidade romana. Desde esa experiencia hai algo que se ve con moita claridade: Lugo ten patrimonio, ten universidade e ten tecido cultural para ser epicentro da romanización no noroeste. O que non tivo nestes anos é unha Xunta á altura dese potencial.

Antes de entrar no fondo do Museo da Romanización, como muller do BNG, quero deixar claro algo que hoxe pesa moito en Lugo e en Galicia: fronte ás denuncias de acoso sexual, o BNG ten tolerancia cero, veñan de quen veñan. (*Aplausos*.) O que pasou co presidente da Deputación de Lugo é gravísimo; como tamén o foi o caso do conselleiro Alfonso Villares —no que o presidente Rueda, coñecendo a denuncia durante meses, non deu explicacións nin o cesou de inmediato— ou que o PP protexese politicamente casos como o de Baltar, en Ourense. A mensaxe do BNG é moi simple: nin silencio cómplice nin dobre vara de medir, nin espectáculo coa dor allea, e menos cando se vulneran os dereitos das mulleres. (*Aplausos*.)



Falamos hoxe do Museo da Romanización e da dignidade que Lugo merece. O BNG comparte o obxectivo desta proposición: que Lugo conte, por fin, cun Museo da Romanización digno, estable e ben financiado no Cuartel de San Fernando, mais non nos conformamos cun texto declarativo nin queremos que este proxecto siga á mercé de calendarios electorais. Por iso, presentamos unha emenda que reforza a iniciativa, poñendo o foco na responsabilidade exclusiva da Xunta, garantindo un financiamento plurianual, creando unha comisión de seguimento coa presenza da Universidade e da sociedade lucense e impedindo que as partidas acaben desviadas a outros fins.

Voulles facer un resumo da cronoloxía, porque é moi clara. En 2008, sae o protocolo feito pola Xunta e o Concello para crear o Museo da Romanización en Lugo. Estaban os proxectos deseñados e había un proxecto básico adxudicado cun investimento arredor de 10 millóns de euros enriba da mesa. En 2013, coa Xunta en mans do PP, parálise total do proxecto; e así continúa máis dunha década. Chegamos ao 2019 e, en lugar de retomar a idea do museo, a Xunta propón converter o cuartel nun parador nacional e ten que ser a sociedade lucense quen se mobilice para defender o uso cultural e patrimonial do edificio. Mentres tanto, quen si cumpre é o Concello de Lugo. Este compra o cuartel ao Ministerio de Defensa por 2,5 millóns de euros, asume gastos da conservación e, sobre todo, custodia máis de 15.000 pezas arqueolóxicas de titularidade da Xunta, dispersas en diferentes espazos, que precisan dun museo de referencia para seren estudadas e exhibidas.

Non estamos, entón, diante dunha simple reclamación local. É un déficit obxectivo na xestión dun patrimonio que é competencia da Xunta. A Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galiza, é clarísima: A Xunta ten competencia exclusiva en materia de patrimonio cultural e arqueolóxico, e o traspaso de funcións do Estado leva décadas vixente. Así que non se pode seguir dicindo que o Museo da Romanización depende de acordos co Concello ou co Estado. É responsabilidade da Xunta, e esa é a porta que se ten que abrir desde esta Cámara.

No plano orzamentario tampouco hai escusa. Falouse dunha partida de quíntos mil euros, pero o custo real estimado está entre doce e quince millóns de euros; e parte desa dotación, como dicíamos, foi desviada a outros programas culturais. Ao mesmo tempo, a Xunta inviste máis de dezasete millóns de euros noutras actuacións patrimoniais noutros territorios, como é o caso do pazo de Lourizán, en Pontevedra, deixando que o esforzo para Lugo sexa unha porcentaxe puramente simbólica.

A nosa emenda fala tamén de programación plurianual ata o 2029, de desagregar partidas de obra, da *musealización* e da súa posta en funcionamento e tamén de prohibir o desvío deses fondos, como dicíamos, a outros fins. Tamén é importante que non nos chega co diñeiro, fai falta gobernanza. Propoñemos unha comisión de seguimento na que estean a Xunta, o Concello, a Deputación, o Campus de Lugo e as entidades sociais e profesionais vinculadas ao patrimonio, para que sexa un proxecto de cidade e de país. Aquí entra con forza o fío Lugo-Universidade-Museo, porque a Domus do Mitreo é a proba de que, cando se aposta polo patrimonio de Lugo con rigor, funciona. Combina restos singulares: unha casa romana, un mitreo privado e un tramo da muralla cun discurso que explica a evolución urbana de Lugo dende a época romana até hoxe. Conta un programa de investigación, de docencia e de divulgación que conecta con escolares, co estudantado e coa veciñanza.



O Museo da Romanización debe dialogar con esa experiencia e amplificala. Debe ser o nodo central dunha rede de patrimonio romano en Lugo na que participen a Universidade, museos, xacementos e o tecido social. Neste contexto, entra tamén o circuíto romano de Galicia, impulsado polo Eixo Atlántico, que sitúa Lugo como eixo natural dunha ruta cultural sobre o pasado romano da Gallaecia. Non é lóxico que a cidade chamada a ser punto de partida e de chegada desa ruta siga sen un museo de referencia. Por iso dicimos que esta non pode ser unha PNL máis para gardar nun caixón. A nosa emenda fala dun calendario claro, dun plan director, dunha comisión de seguimento e de informes anuais ao Parlamento sobre a execución orzamentaria e física das obras. Non queremos volver dentro de cinco anos co mesmo debate, coas mesmas fotos e coas mesmas promesas.

Permítanme rematar falando directamente da xente de Lugo. Quen vivimos e traballamos en Lugo sabemos que esta cidade sempre cumpre. O Concello cumpriu comprando o Cuartel de San Fernando, manténdoo en pé e gardando máis de quince mil pezas que son da Xunta. A Universidade tamén cumpriu: puxo en marcha a Domus do Mitreo; abriu ese espazo á cidade e converteu o patrimonio romano en aula, en museo, en actividade cultural viva. A xente de Lugo leva anos cumprindo: defendeu o cuartel fronte á idea dun parador, participou nas actividades arredor do noso pasado romano e leva máis dunha década escoitando promesas dun museo que nunca chega. Lugo fixo os deberes, Lugo non é o problema; o problema é quen ten a obriga legal e os recursos, a Xunta de Galiza, que leva máis de dez anos parando un proxecto que é de xustiza para esta cidade.

Hoxe, desde o BNG, dicimos con claridade: esta non é unha petición de favor; é unha existencia de dignidade. Lugo deulle ao país unha cidade romana única, unha muralla patrimonio mundial, unha universidade implicada e unha cidadanía que coida o patrimonio. Agora tócalle á Xunta cumprir.

Por iso, imos votar a favor desta iniciativa e presentamos a nosa emenda, para que o museo da romanización deixe de ser un anuncio recorrente e pase a ser un compromiso verificable, con financiamento plurianual, con comisión de seguimento e cun control parlamentario que obrigue a executar o que se aproba.

Lugo reclama o que é seu: un museo da romanización á altura da súa historia e do que esta cidade leva séculos aportando a Galiza. E o BNG estará ao lado da xente de Lugo até velo feito realidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Candia.

MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Pois moitas grazas, presidente.

Boa tarde a todos, señores e señoras deputados.



Pois rematamos un pleno que francamente empezou moi ben, cunha aprobación dos orzamentos, e que agardo que tamén remate moi ben.

Hoxe, permítanme, porque ademais saben que coincidín nas miñas responsabilidades coa persoa que neste momento está cuestionado polo seu comportamento e denunciado por presuntas actividades, accións e comportamentos propios do acoso, que me una a todas as persoas, a todas as mulleres que alzan a voz contra uns comportamentos absolutamente inaceptables, degradables e absolutamente indignos de calquera persoa pero, sen dúbida, dunha persoa que ostenta responsabilidades políticas. Únome ás persoas que o denunciaron, reprocho os silencios cómplices e, o máis importante, afirmo o meu compromiso cos veciños e veciñas de Lugo de que está a forza seguirá traballando para darlles o que Lugo e os lucenses merecen. (*Aplausos.*) O meu agradecemento a todos os que seguen traballando nesa dirección. (*Aplausos.*)

É un contexto desagradable que Lugo estea abrindo os medios de comunicación a nivel nacional por comportamentos que indubidablemente non nos representan, e sei que o pensamos todas as mulleres desta Cámara. Por iso, neste contexto, agradézolle especialmente á Xunta de Galicia que onte mesmo licitase as obras de desdoblamento do corredor Nadela-Sarria, cun investimento de máis de 37 millóns de euros. Creo que é un dato que poñer en valor.

E, agora, imos entrar nun tema que nos importa, que nos preocupa e sobre o que, ademais, xa lles anuncio que nos gustaría chegar a un acordo transaccional.

Permítanme que faga dúas reflexións, especialmente á voceira do Bloque Nacionalista Galego, que poñía en valor o seu traballo na xestión da Universidade, do Campus de Lugo e da Domus do Mitreo. Home, pois, precisamente, o exemplo non foi moi acaído. Todos sabemos o clamor social e o rexeitamento dos lucenses cando a Universidade pechou ese centro no casco histórico da cidade. Para poñelo como claro exemplo de traballo a través do pasado romano a verdade é que hai que ter moito valor.

Pero, probablemente, a súa intervención tamén viña porque ou non tiña toda a información ou quería confundir. O Cuartel de San Fernando non se comprou para o Museo da Romanización; comprouse para o auditorio, e o protocolo que citou claramente a señora Méndez foi feito ademais en época de responsabilidade do Bipartito. Todos os que tivemos nalgún momento responsabilidade de xestión sabemos ao que obrigan os protocolos; e así obrigou. Neste momento, non hai absolutamente nada. Iso é o que hai que poñer claro e branco sobre negro, porque a partir de aí é confundir á xente.

E, agora, vou entrar realmente na señora Méndez. Francamente, o Cuartel de San Fernando e o Museo da Romanización é o claro exemplo dun fracaso político e, se ten que se lle poñer un nome, especialmente é o seu, señora Méndez; un fracaso político, si, señor. Empezou no ano 1996, pero puido explicar puntualmente dando detalle do traballo que fixo vostede. E, se hai culpas —se as hai—, indubidablemente serán compartidas.

En primeiro lugar, ¿quen é o propietario do inmovble? Hai pouquiño o Concello de Lugo aprobou unha ordenanza para exixirlles a todos os propietarios que tivesen os seus inmoables nun deficiente estado de conservación a obrigatoriedade de actuar. Pois, se non o saben —mesmo o explicaron—, o propietario do inmovble é o Concello de Lugo. Empezou dando moitos de-



talles de 2011, de 1996, pero, mire, eu voulle ir a épocas máis recentes, porque creo que é moi importante. *(A deputada María Elena Candia López amosa un documento.)* Aquí, foi casualmente no ano 2022: «Xunta e Concello de Lugo unirán forzas para crear un gran museo da romanización no Cuartel de San Fernando». Poño isto para ir en positivo, porque queremos construír; non destruír —para iso xa están vostedes—.

Neste exemplo, a señora Méndez acudiu á reunión como no conto da leiteira, dicindo que tiña fondos europeos, e nosoutros evidentemente aplaudímolos, porque, efectivamente, non houbo cambios de opinión; houbo distintos proxectos. Aínda onte mesmo chamábame un empresario e dicíame: que oportunidade perdida foi non ter o parador. Era un proxecto distinto, a vostede non lle gustaba, e respectouse. Vostede chegou a esa reunión e explicou: temos fondos europeos para a rehabilitación. E pediulle ao presidente da Xunta a porcentaxe que lle faltaba para a rehabilitación e tamén... *(A deputada Lara Méndez López nega coa cabeza.)* Home, non o digo eu; dino os medios de comunicación, eh. Claramente vostede aplaudiu e saíu desa reunión moi satisfeita. E voulle ser sincera: nosoutros tamén. Era un avance, era unha unión de forzas entre Goberno central, o Concello e a Xunta de Galicia.

Pero, ¿que pasou? Que o conto da leiteira rompeu o cántaro, e non había fondos europeos. É o que pasa no Concello de Lugo: sete notas de prensa cando se solicitan, cero explicacións cando non se conceden. Quedou sen fondos europeos. ¿Cal é a verdade? A única administración que puxo unha partida orzamentaria para o Museo da Romanización foi a Xunta de Galicia. Ten obrigas: unha obriga compartida na xestión cultural, unha obriga compartida en apoiar a rehabilitación dos BIC, é verdade. Pero é que o Concello tampouco é un invitado de pedra que pasaba por alí como se lle tocara a lotería; o Concello ten unha responsabilidade.

E, mire, a verdade é que a responsabilidade na xestión de museos... Non sei como non se poñen colorados, pero, bueno, indubidablemente, despois do que levamos escoitado hoxe aquí e coa que lles está caendo, eu sinceramente admiroos polo valor ou non sei se é pola pouca vergonza; pero, saír aquí facer teatro con todo o que está caendo, indubidablemente... ¿Que van dicir do Museo da Romanización? *(Aplausos.)*

Pero, ben, eu traio unha proposta que realmente creo que debe ser o que vostede dixo. Porque tamén omitiu outra información moi importante. Vostede, con esta proposta, parece que está emendando o que agora quere facer o alcalde. Saben vostedes que en Lugo cambiamos de alcalde. A señora Méndez pasou toda a campaña dicindo que eu era unha paracaidista e que ía marchar, e despois a que marchou foi ela. Pero é unha decisión absolutamente respectada e, por suposto, pode facer o que considere. Despois, tivemos —como saben, e permítanme que hoxe tamén o recorde aquí— o falecemento de Paula Alvarelos.

Pero, realmente, agora a decisión estaba centrada, había un acordo entre todas as administracións, a plataforma Muro está de acordo —ou así mo transmitiu— en que todas as administracións se impliquen, e o máis importante: que non perdamos a oportunidade dos fondos europeos. É o momento de que proxectos como este... Vostedes presumen de que xestionaron 50 millóns de euros de fondos europeos. Home, pois por falta de recursos non sería. De feito, moitos dos proxectos —pódolles citar algún, se queren—.... Ah, non sei se viron que abriron unhas caldas en Lugo. Non poden pasar por alí. Non teñen augas mineiro-



medicinais, pero iso sería o de menos; o que pasa é que levan cerradas desde xuño. E é un dos proxectos europeos que financiaron con recursos públicos, así que falta de recursos non houbo; houbo falta de marcar este proxecto como unha prioridade. E agora que estaba máis ou menos centrado, o alcalde di que tampouco quere que entre o Goberno do Estado nin tampouco quere pedir fondos europeos.

É onde aquí vostede rectifica e parece que nos trae outro acordo, onde novamente volve vostede á senda do presunto entendemento que probablemente omitiu aquí explicar —porque o coñeciamos todos— pero que efectivamente quedou retratado nunha reunión co presidente. E, nesa senda, aí estamos. Creo que ten que ser un proxecto, dende logo, tractor para a cidade e para a provincia, e creo que ten que ter un compromiso de todas as administracións.

E, eu preguntome: ¿por que din «non» a presentarse, por exemplo, ao programa Europa Creativa?, ou, ¿por que din «non» a presentarse ao 2 por cento do Ministerio de Cultura? ¿Saben por que? Porque o que pasa coa xestión do Goberno socialista en Lugo sempre é o mesmo: cando hai un problema, non se busca unha solución; búscase ter alguén a quen botarlle a culpa. E, aínda que leven gobernando os anos que levan e aínda que o Museo da Romanización aínda non sexa hoxe unha realidade, a vostedes iso non lles importa. Non queren conseguir fondos; queren seguir confrontando.

E, mire, eu voulle propoñer unha transacción. Nosoutros rexistramos unha emenda e dígollo de verdade: creo que hoxe, que probablemente para vostedes sexa un mal día, pode acabar sendo un día importante. Dígolle máis, señora Méndez: gobernar é —como vostede penso que puido ver— algo marabilloso, pero tamén estar no Parlamento é algo máis que vir aquí e facer uns vídeos, coller dous cortes, intentar ridiculizar o adversario político e poñer algo en Facebook ou en redes. Aquí tamén se pode chegar a acordos e pódese mandar unha mensaxe de que, efectivamente, aquí viñemos para algo e non para escapar de Lugo. Así que, como seguramente a política lle gusta tanto como me gusta a min —que levamos bastante tempo nela—, como seguramente lle gusta chegar a acordos, eu propóño lle iso. Co que vostede lle dixo a Rueda —precisamente na mesma mesa estaba o alcalde actual sentado ao seu lado—, con esa proposta de chegar a un acordo conxunto das administracións, seguramente nos terá ao lado. Se o único para o que lle importa o Museo da Romanización é para seguir confrontando, para seguir discutindo coa Xunta de Galicia e para intentar dicir o que non é, evidentemente, non nos vai ter ao lado.

Pero aí si que estou de acordo coa señora Valcárcel nun tema moi importante: Lugo nunca fallou, e, efectivamente, á Xunta de Galicia, Lugo nunca lle falou.

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Así que, con acerto ou con algún erro que tamén seguro que tivemos, prégolle que se sume á senda do entendemento que plantexou vostede no ano 2022. E, se non é así, a que cambiou de opinión ou a que simplemente fai un teatro é vostede. Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.



Grupo autor da proposición non de lei. Señora Méndez.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Señora Candia, vén vostede aquí falar da admiración que nos procesa, cando non sei se se acorda de que vostede presentou unha denuncia anónima, de que o negou publicamente, de que dixo que era mentira, de que fixo que o señor Rueda negase tamén esta premisa, de que tivo que saír despois desmentíndoo no momento en que saíu o sumario e de que se viu e se contrastou que vostede foi a que levou esa denuncia anónima para mandar a Besteiro para a casa, señora Candia. *(Aplausos.)* ¡E vén aquí falarnos vostede de admiración! ¿De que? ¿Malas praxes, de que? *(Aplausos.)*

E xa o dixeran antes: ¡nós, coas vítimas sempre, e respectando a vontade da vítima, respectando o anonimato da vítima e respectando que a vítima non queira denunciar! *(Aplausos.)* ¡E, cando a vítima denuncia, nós actuamos, señora Candia! Leccións ningunha, ¡leccións ningunha! *(Aplausos.)* E, se non, vaia cun anónimo, que diso sabe e ten experiencia. *(Aplausos.)*

E, despois, a culpa de que non teñamos o Museo da Romanización é da señora Méndez. ¿Sabe o que fixo a señora Méndez en case nove anos que estivo de alcaldesa? Desbloquear o Plan Paradaí, porque tivo que facer unha obra para corrixir unha deficiencia que fixo a Xunta de Galicia, porque a Confederación Hidrográfica, naquel momento gobernada polo Partido Popular, nos mandaba derribar una rotonda.

¿Sabe o que fixo a señora Méndez? Solventar os problemas do auditorio, porque nos quería entregar o señor Feijóo un auditorio que non tiña equipamento ningún, e tivo que despois buscar fondos para equipalo. Tardou catro anos máis e cando chegou estaba cheo de deficiencias.

¿Sabe o que fixo a señora Méndez? Impulsar unha intermodal que deixou o Partido Popular metida no caixón cando gobernou, igual que a xefatura, señora Candia. *(Aplausos.)* Iso foi o que fixo a señora Méndez.

¿Sabe que fixo a señora Méndez? Poñer en marcha unhas caldas que están pechadas porque a Xunta de Galicia, que nos deu o aprobado para que tivese unha temperatura, non permite agora que teña esa temperatura. Por iso non poden estar abertas, ¿sabe, señora Candia?

¿Sabe o que fixo a señora Méndez? Pois intentar apoiar unha praia fluvial, que foi denegada tamén pola Xunta de Galicia.

E o que fixo co Museo da Romanización, en vistas de que o señor Feijóo no seu día non entraba a financiar, o cal era un compromiso adquirido pola Xunta que negou en dúas ocasións, foi dicirlle ao señor Rueda que poñería unha porcentaxe e seguiría buscando fondos —e hai gravacións, señora Candia, porque se deu unha rolda de prensa, pode corroboralo—. Foi o que dixeran e o que mantén o Goberno —fíxoo primeiro Paula Alvarellos e fíxoo agora o alcalde, Miguel Fernández—. Non falaba de porcentaxe; falaba de buscar fondos e de que, se acadaba fondos, os ía poñer. E, así, a Xunta tiña que poñer menos. Pero a Xunta agarrouse



aí, cambiou a versión e, ao final, o que non quere é comprometerse cos veciños e veciñas de Lugo, porque hai ese clamor social.

E di vostede de chegar a acordos. E que xa cheguei, señora Candia, con vostede, nos orzamentos pasados. Cheguei a un acordo, transaccionei, deixamos de pedir 2 millóns de euros para meter unha emenda transaccionada de medio millón. ¿E que fixo a Xunta de Galicia este ano? ¡Nada, non fixo nada! É máis, ¡dese medio millón, 250.000 euros foron para o Bono Alugueiro! Non fixo nada, señora Candia. Entón, ¿que credibilidade ten vostede?, ¿que quere transaccionar? ¿Outro medio millón? Xa vai, xa o puxo. ¿Vaino executar? Porque, á parte, foino anunciar unha vez que estivo alí presente... Por certo, había cinco concelleiros do Partido Popular que tiñan confirmada asistencia e non apareceron nesa gala, e había tamén deputados nas Cortes e senadores que tiñan confirmada asistencia e tampouco apareceron na gala. ¿E sabe por que non apareceron? Porque se estaban manifestando en Madrid, porque lles parecía máis importante manifestarse en Madrid (*Aplausos.*) que defender o Museo da Romanización e facer gala dese patrimonio que temos coa muralla como buque insignia.

Polo tanto, señora Candia, non ten credibilidade ningunha.

O PRESIDENTE: Remate.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Xa buscamos o ano pasado acordos e non valeu de nada. (*Murmurios.*)

O PRESIDENTE: Silencio.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: A súa palabra ten o peso que ten, señora Candia.

O PRESIDENTE: Sobre as emendas, por favor.

Mire o reloxo.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Sobre as emendas... Si, perdón.

O que quere vostede agora é facer un lavado de cara con todo un movemento social existente na cidade de Lugo. Pero saben tamén ben quen está e quen non está ao lado dese Museo da Romanización.

E, sobre as emendas, a emenda do BNG podemos compartila no fondo, pero, en moitos casos, son cuestións que terían que vir despois, unha vez que se rehabilite, o cal levará anos, porque, á parte, hai que manter todos os restos arqueolóxicos que hai alí debaixo. E, polo tanto, nunha futura proposta que poida traer aquí o BNG, contará tamén co noso apoio porque compartimos esa finalidade. En canto ás cousas que piden para o presente, entendemos que xa veñen recollidas.

O PRESIDENTE: Grazas.

¿Sobre a do PP?



LARA MÉNDEZ LÓPEZ: E, sobre a emenda do Partido Popular, o que pretenden —como digo— é facer un lavado de cara a este respecto...

O PRESIDENTE: Ben, non.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...para poder saír á calle...

O PRESIDENTE: Grazas.

LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ...e que non lles tiren das orellas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)


O PRESIDENTE: Grazas.

Suspendemos o pleno ata mañá ás 10 da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás sete e dezaseis minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

